

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 19

Sesión plenaria
23 de decembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 6. Propositions non de lei

6.4 6053 (11/PNP-000695)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 59, do 09.12.2020

6.5 6068 (11/PNP-000696)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano Xacobeo 2021 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

6.6 6076 (11/PNP-000697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

Punto 7. Interpelacións

7.1 1937 (11/INT-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e tres deputados/as máis

Sobre as porcentaxes de expansión da banda larga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

7.2 3694 (11/INT-000238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020



7.3 4241 (11/INT-000274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 04.11.2020

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**8.1 6490 (11/POPX-000013)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

8.2 6491 (11/POPX-000014)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

Punto 9. Preguntas ao Goberno**9.1 6472 (11/PUP-000089)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.2 6443 (11/PUP-000086)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.3 1342 (11/POP-000098)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da restitución do pazo de Meirás ao patrimonio público e a súa opinión respecto do uso que debe ter no futuro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



9.4 5488 (11/POP-000697)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

9.5 5844 (11/POP-000741)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e cinco deputados/as máis**

Sobre a solución prevista polo Sergas para resolver o déficit de facultativos de radiodiagnóstico na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no Hospital Público do Barco
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

9.6 4750 (11/POP-000612)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre a posible modificación do uso concesional da parcela onde está situada a estación de autobuses do Pino, en Ourense, para a construción nela dunha residencia pública de maiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

9.7 6465 (11/PUP-000088)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis**

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.8 5511 (11/POP-000699)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a negociación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto dos fondos para Galicia da nova política agraria común para o período 2021-2027
Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

9.9 5974 (11/PUP-000085)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobramentos de traballadores da Consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020



9.10 6029 (11/POP-000757)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Consellería do Mar dos TAC e cotas de pesca inicialmente propostos pola Comisión Europea para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Acumulación de dúas preguntas ao presidente da Xunta de Galicia para a súa formulación conxunta

O señor presidente reabre a sesión e anuncia a acumulación das dúas preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia, que se formularán con anticipación ao remate dos puntos sexto e sétimo da orde do día. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 13.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Réplica dos autores: Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 19.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Candia López (P). (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Seco García (S) (Páx. 29.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 32.)

A señora Candia López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 35.)

Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano Xacobeo 2021 en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Vereá Fraiz (P). (Páx. 38.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Gallego Sanromán (S). (Páx. 40.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 43.)

O señor Vereá Fraiz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 46.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 47.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 51.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 53.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 56.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente anuncia o inicio das votacións das proposicións non de lei e o señor Tellado Filgueira (P) pide a palabra e intervén para solicitar unha segregación de puntos na primeira votación. (Páx. 59.)



Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos *Next Generation*: *aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos *Next Generation*: *rexeitados por 18 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 60.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra e intervén para solicitar unha separación de puntos na seguinte votación, petición sobre a que se manifesta en contra o autor da iniciativa, o señor Bará Torres (BNG). (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás: *rexeitada por 18 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a aprobación e o establecemento polo Goberno galego dun protocolo de actuación específico para os casos de positivos en covid-19 entre as tripulacións dos barcos que cheguen aos portos de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Antes de proceder á seguinte votación, o señor presidente indica que estaba pendente unha transacción e dálle a palabra á señora Candia López (P) para que comunique o resultado. (Páx. 61.)

A señora Candia López (P) le o texto transaccionado. (Páx. 61.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas: *aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereza Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano Xacobeo 2021 en Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun



informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Interpelación de D. Daniel Castro García e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as porcentaxes de expansión da banda larga. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 71.)

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 75.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 79.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia a antelación dunha pregunta ao Goberno antes de proseguir coas interpelacións e mantén un breve diálogo coa señora Presas Bergantiños (BNG), que substituirá o autor na formulación da pregunta. (Páx. 81.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 84.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra con base no artigo 77.2 e solicítalle ao presidente (Calvo Pouso) a lectura dun documento, petición que este non considera posible satisfacer. (Páx. 85.)



Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral da mocidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos da tarde.

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 98)

Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da restitución do pazo de Meirás ao patrimonio público e a súa opinión respecto do uso que debe ter no futuro. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 101.)

Pregunta de D^a Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 106.)



Pregunta de D^a María González Albert e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución prevista polo Sergas para resolver o déficit de facultativos de radiodiagnóstico na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no Hospital Público do Barco. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 108.)

Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posible modificación do uso concesional da parcela onde está situada a estación de autobuses do Pino, en Ourense, para a construción nela dunha residencia pública de maiores. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 11.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negociación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto dos fondos para Galicia da nova política agraria común para o período 2021-2027. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobramentos de traballadores da Consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 122.)



Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 126.)

*Logo de rematada a orde do día, o señor presidente dirixe unhas breves palabras de despedida e de-
sexos de bo Nadal para todos os presentes, parlamentarios e persoal que desenvolve o seu traballo
na Cámara.* (Páx. 127.)

Remata a sesión ás cinco e corenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co turno de preguntas ao presidente. Neste caso, farémolo de xeito acumulado. Son dúas preguntas para resposta oral do presidente.

Acumulación de dúas preguntas ao presidente da Xunta para a súa formulación conxunta

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Gonzalo Caballero, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Cando queira.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Quería empezar esta intervención neste último pleno do ano desexándolles a todos vostedes unhas felices festas. É o momento de facer balance de todo o ano, tamén de trasladarlle a toda a poboación galega todo o apoio e todo o impulso despois dun ano moi difícil, de desexarlles a todos que pasen estas datas con prudencia e responsabilidade e de encarar o vindeiro ano coa maior forza e coa maior capacidade de acción colectiva para protexer as persoas.

E quería tamén empezar esta intervención facendo referencia a dúas cuestións que nos preocupan para estas festas: en primeiro lugar, a clave dos protocolos e o cumprimento das normas e, en segundo lugar, o sistema de rastrexo que exista para a trazabilidade do virus.

Hai escasos días, señor Feijóo, vostede tivo que desculparse por un acto de imprudencia, por un erro, que foi o seguinte: vostede abrazouse ao líder do Partido Popular, supoño que celebrando a oposición da caverna da dereita á Lei da eutanasia e da memoria digna. Supoño que esa alegría e esa satisfacción o levou a cometer un erro, unha imprudencia diante das cámaras, pola que vostede tivo que desculparse. E é certo que, ademais desa desculpa á que vostede fixo referencia, existiu tamén un paseo co líder do Partido Popular, co señor Casado, sen máscaras. Por moito que os gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia tentaran evitar que esta foto puidese saír á luz pública, saíu. Entendo que todo o mundo pode cometer unha imprudencia, pero os que temos responsabilidades temos que ter a maior solvencia, a maior exixencia, e o primeiro deles o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*



Pero, ademais, temos que preguntarlle, señor Feijóo, se nese acto no que estaba unha conselleira do Goberno que deu positivo nunha PCR —á que lle desexamos unha pronta recuperación— había risco. Se houbo risco nese acto, ¿cal é a corentena e o protocolo que vostede e os presentes nese acto, á porta pechada, están cumprindo? Porque 48 horas despois de detectar un contacto positivo estaba vostede en sede parlamentaria, e queremos que nos explique ese protocolo, ese cumprimento, sen dúbida, que será un bo exemplo para unha cidadanía galega que quere responsabilidade e normas. E se non houbo riscos, ¿por que se lles fixeron as PCR nun cribado masivo a todos os asistentes?

Pero é que, ademais, temos que falar tamén, señor Feijóo, de que a Comunidade galega está na cola á hora de buscar a orixe do virus, a trazabilidade do virus. O Instituto Carlos III sinalou que en 2 de cada 3 contaxios en Galicia non temos capacidade de detectar a senda do virus, como foi o seu inicio. Aí está todo o que ocorreu nestes cen días en torno ao sistema de rastrexo.

Vostede, señor Feijóo, anunciou que había uns 6.152 rastrexadores en Galicia. O conselleiro dixo que non ía cambiar o discurso, que non ía dicir o número porque, en canto o dixeran, ían facerse comparacións. Queremos saber cal é o sistema de rastrexo que está operativo neste Nadal para seguir o virus en Galicia. E queremos sabelo, señor Feijóo, porque, ademais de loitar contra o virus coa prudencia e co sistema de rastrexo, necesitamos apoiar a cidadanía galega e rescatar tamén os sectores afectados, e aí hai unha eiva moi clara, porque vostedes abandonaron o tecido produtivo deste país.

Dicía onte a conselleira de Emprego e Igualdade en sede parlamentaria que adicaron xa 10 millóns de euros aos autónomos, á hostalería e ao pequeno comercio; 10 millóns de euros nos meses —nun ano— nos que as rendas en Galicia caeron en 6.000 millóns de euros. Vostedes deron 10 millóns de euros para rescatar o tecido produtivo, cando o Goberno de España, soamente en Galicia, aos ERTE, aos subsidios de desemprego, ao apoio aos autónomos, adicaron máis de 1.200 millóns de euros ao longo desta crise; (*Aplausos.*) 10 millóns fronte a 1.200 millóns.

Este é un goberno ausente, que leva cen días abandonando o país neste primeiro inicio de lexislatura. Pedímoslle que defendamos a saúde cumprindo os protocolos con total seguridade, fortalecendo a sanidade pública e o sistema de rastrexo. Podemos ter rebrotes —e todos o sabemos— nestes días, se non tomamos todas as medidas, dende o privado ao público, con maior cautela, e sobre todo ten que haber un goberno que abra un paraugas para protexer a xente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e a cidadanía ante unha crise de tanta envergadura.

Non o fixeron na primeira onda, e están chegando tarde, mal e a rastro. Dez millóns é o que onte a conselleira nos dicía que é o balance deste goberno galego para protexer a xente ante a crise de maior envergadura.



Poñan as pilas, póñanse a traballar, e fagan no 2021 o que non fixeron no 2020: protexer unha cidadanía que necesita apoio económico e un goberno presente para protexer as persoas. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Pregunta agora da señora Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, señor Feijóo, estamos no último pleno do ano; o último pleno dun ano 2020 que puxo patas arriba as nosas vidas. É o ano da pandemia, pero é tamén o ano no que os galegos e as galegas nos volveron demostrar que somos un pobo capaz de dar o mellor nos momentos máis duros.

E por iso eu hoxe quero propoñerlle que rompamos o guión, que rompamos ese guión polo que vostede usa esta sesión de control para facer de oposición da oposición. Hoxe propoñelle que se sume á política con maiúsculas, esa que reclama unha cidadanía que quere contraste de opinións, si, pero que está cansada das descualificacións coas que vostede responde neste Parlamento.

Por iso, insisto, propoñémoslle que hoxe rompamos ese guión e que fagamos política con altura de miras á altura do que nos demostraron durante estes días —este ano— os galegos e as galegas. Ese é o ánimo da miña intervención, e agardo que recolla con talante construtivo o reto que lle propoño.

Señor Feijóo, o seu Goberno non fixo unha boa xestión da pandemia. Gustaríame poder dicir o contrario, pero é que non vale de nada negar que houbo improvisación, falta de anticipación e erros repetidos. É evidente que non se pode corrixir o pasado, pero si podemos aprender deses erros para evitar cometelos no futuro. E debemos situarnos aí, en que podemos e debemos facer para que o ano 2021 sexa o ano no que deixemos atrás a pandemia e demos paso á reactivación económica e social.

E, nese sentido, quero anticiparlle algunhas das propostas do BNG para superar a covid e as súas consecuencias.

A primeira, reforcemos a sanidade pública, en particular, a atención primaria, con 250 millóns de euros máis, máxime cando estamos nun momento en que teñen que encargarse tamén da campaña de vacinación.

Segundo, poñamos en marcha un novo modelo de coidados dos maiores, apostando por recuperar a xestión pública das residencias.

Terceiro, poñamos en pé un verdadeiro plan de rescate dos sectores e dos traballadores e das traballadoras máis afectados pola crise.



E, en cuarto lugar, consensuemos neste Parlamento unha estratexia para que Galiza consiga a xestión directa dos fondos de reactivación, aspirando a conseguir 12.600 millóns de euros, porque non haberá reactivación se non temos recursos.

En definitiva, son catro propostas en catro ámbitos cruciais para superar canto antes a crise que nos deixa a pandemia; catro medidas, señor Feijóo, abertas ao diálogo e á negociación e feitas co ánimo de poder construír e sumar a favor deste país, a favor dos galegos e das galegas.

Pero é evidente que para iso ten que saír do seu guión e, por unha vez, deixar de lado as descalificacións, a prepotencia e a bronca, para dar unha resposta con altura política, a que require o momento tan duro que están vivindo os galegos e as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a pasada semana o Goberno compareceu para facer o balance dos primeiros cen días; dos primeiros cen días de confianza dende as eleccións do 12 de xullo, dos primeiros cen días de acción de goberno.

Eu agradezo moito estas preguntas porque nos permiten, en primeiro lugar, volver agradecer a todos os empregados públicos, e especialmente aos da sanidade e aos dos servizos sociais, o excelente labor que veñen facendo e os excelentes datos que veñen conseguindo. E quero agradecérllelo dunha forma moi especial a todos estes empregados públicos e a toda a xente de Galicia, que mantiveron Galicia como unha das comunidades autónomas con menor risco no ámbito da pandemia, tanto na primeira onda como na segunda onda.

Quero agradecerllo a este grupo parlamentario maioritario da Cámara, por manter sempre o rigor e por seguir traballando a pesar das dificultades; quero agradecérllelo aos grupos da oposición, que en xeral mostraron vontades de acordo, aínda que, lamentablemente, cando hai que votar, normalmente sempre están en contra de todo.

E quero agradecerllo dunha forma moi especial, como poden vostedes imaxinar, á sociedade galega; aquela que, como dicía a señora Pontón, este ano se comportou dunha forma exemplar, acudindo ás urnas e votando o que lle petou e, polo tanto, constituíndo e mandando unha mensaxe ao conxunto desta España que está nunha das peores situacións en corenta anos de democracia; unha mensaxe de estabilidade e unha mensaxe institucional.

Por iso, é evidente que non coincidimos na valoración dos cen primeiros días, sobre todo porque o señor Caballero parece que está molesto por un acto do Partido Popular. Pero o



certo e verdade, señorías, é que os dous grandes retos aos que nos adicamos, son, en primeiro lugar, o reto sanitario e o reto social e, en segundo lugar, o reto da reactivación. Si, señorías.

Lamento, señora Pontón, que vostede non aprecie os profesionais sanitarios, igual que o señor Caballero, pero dicir que xestionamos mal a pandemia é ir en contra dos propios datos. Mire, señoría, seguimos dentro das comunidades autónomas con menor incidencia do virus. Acreditamos ser a comunidade autónoma con menor porcentaxe de camas de UCI e de camas en planta por patoloxía covid de toda España —insisto, de toda España—. E somos a segunda comunidade autónoma peninsular de menor mortalidade polo virus nesta segunda onda.

Seguro, señorías, que algunhas cousas fixeron ben os profesionais sanitarios, porque estes datos xa lle gustaría telos a calquera comunidade autónoma de España e á maioría das rexións de Europa.

Imos seguir traballando sempre cos criterios do Comité Clínico, é dicir, seguindo sempre os criterios dos que saben, e non os criterios dos que confunden. Por iso, señoría, cando escoito que a pandemia se está xestionando mal e que o número de camas ocupadas nas UCI de Galicia é do 6,9 %, cando en España é do 20 %, ou cando escoitamos que as cousas as facemos mal e que non rastrexamos, cando o número de camas de hospitalización en Galicia é de menos da metade que no conxunto de España, pregúntome que estará ocorrendo no conxunto de España. O que si non imos facer en ningún caso é mentir sobre as mortes; iso xa llelo deixamos ao Goberno, ao Partido Socialista e aos seus socios.

Mire, señoría, hai 1.200 persoas máis traballando, máis dun millón de galegos testados con PCR, con *pool* de saliva, con *pool* nasofarínxeo, e sendo a primeira comunidade autónoma do auto-covid e da covid-escola de España.

Quixemos ser útiles e leais. Propuxemos unha reforma lexislativa ao Goberno para ter unha lei que xestione a pandemia, e a resposta foi que non. Este Parlamento vaina ter; lamentablemente, en contra de vostedes, pero, dende logo, a pandemia non vai quedar sen regular, a pesar da irresponsabilidade da oposición. (*Aplausos.*)

Señorías, cando me din que temos que mellorar a sanidade, miren, eu dígolles que nestes cen primeiros días inauguramos o centro de saúde de Pereiro de Aguiar e o da Estrada, e espero que a próxima semana inauguremos o do Milladoiro. Licitamos un novo centro de saúde integral en Lalín, con 9 millóns de euros, e antes de ter nin sequera solo no concello de Moaña, estamos licitando o proxecto construtivo para acreditar que, polo menos, cedan solo para reclamar un centro de saúde.

Señorías, licitamos o novo hospital da Coruña. Imos reunir ao Consello e seguiremos traballando con infraestruturas e contratos no novo hospital da Coruña. Licitamos a obra en Montecelo, a reforma do de Valdeorras, puxemos en marcha a remodelación do hospital da Mariña —que está funcionando—, seguiremos coa última fase, e as urxencias do da Barbanza e do de Santiago. Por iso me sorprende, señorías, que digan vostedes algo sobre a sanidade pública do país, cando esta sanidade pública do país está ben coidada.



Señorías, temos protocolos das residencias da terceira idade; facemos nelas un cribado por semana, e a porcentaxe de persoas infectadas nas residencias é do 0,4 %.

Señorías, 28.000 persoas están desfrutando da tarxeta de alimentos e da tarxeta de necesidades básicas. Somos a comunidade autónoma que máis incrementou as políticas sociais, tanto en presupostos como en beneficiarios.

Nada se dixo do curso educativo, soamente críticas, e agora resulta, señorías, que neste primeiro trimestre o que fixeron os profesores, os alumnos, as familias e o persoal educativo foi un exemplo de xestión educativa. *(Aplausos.)*

Señorías, lamento dicirlles que me parece sorprendente que non estean orgullosos do sistema sanitario público e do sistema educativo do país, e do comportamento ético e responsable de toda a sociedade galega. Temos un plan de rescate, señor Caballero, de 84 millóns de euros para os autónomos. Señor Caballero, estamos en sede parlamentaria. Pode dicir o que lle pete nas entrevistas e nos seus mitins, pero estamos en sede parlamentaria: 84 millóns de euros aos autónomos; e a metade, pagado. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* E despois do consello de ministros de onte, con cero axudas directas ao sector do turismo, ¿vén vostede aquí dar leccións do que hai que facer no sector da hostalería? *(Aplausos.)*

Señorías, seguiremos traballando por Galicia, non teñan vostedes ningunha dúbida, pero non menosprecen a intelixencia do país, non menosprecen a intelixencia dos galegos. Non menosprecen que os galegos saben perfectamente o que ocorre en Galicia, no resto de España e no resto de Europa. Non menosprecen, señorías, que temos un pobo digno de estar orgulloso del, e por iso me sinto moi orgulloso destes cen primeiros días. Pódolle asegurar que fixemos en cen días máis cousas por Galicia que o Goberno de España nun ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Imos seguir traballando con vostedes ou sen vostedes, decidan. Se queren unirse a sacar a Galicia adiante dende a discrepancia e dende os puntos de vista alternativos, adiante. Se vostedes queren falar doutras consideracións, tamén poden utilizar o tempo que lles pete para falar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...do que consideren oportuno. Eu veño aquí falar de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, o señor Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, nun exercicio de pedagogía e de explicación pública, vólvolle pedir que explique vostede o protocolo e a corentena que vostede seguiu despois de que o pasado sábado vostede compartise un acto pechado cunha persoa positiva por coronavirus detectado por unha PCR. ¿Cal foi o protocolo que vostede seguiu cando estaba neste Parlamento 48 horas despois? (*Aplausos.*) Con esa sabedoría inmensa que vostede ten, con ese dogma e esa capacidade da verdade que só vostede ten en Galicia, ilumine este Parlamento e a Galicia e explique a información veraz, dando información a unha Galicia que está preocupada polos contaxios e que debe ter nos representantes públicos exemplos de prudencia, de responsabilidade e tamén de transparencia. Sexa transparente e explique, se houbo risco, por que vostede non fixo unha corentena; e, se non houbo risco, por que fixeron unha PCR non repetida en menos de 48 horas a todos os que estaban nese acto, no que vostede celebraba co señor Casado a alegría da dereita da caverna reaccionaria en España por ter votado en contra da Lei da eutanasia, da Lei da morte digna. (*Aplausos.*) Explíquello a Galicia. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, cando vostedes falan de rescate e de economía, menten máis do que falan. Mire, vostedes publicitan que os autónomos galegos poden solicitar axudas de ata 2.000 euros. En Galicia hai 200.000 autónomos. Se eses autónomos pedisen esa axuda de 2.000 euros, habería que ter orzados 400 millóns de euros —¡400 millóns de euros!— para poder facer que a súa publicidade fose veraz. Onte a conselleira dicía aquí que gastaron 12 millóns e que quedaban 10 millóns máis. ¡Que ían facer con 20 millóns de euros ante a crise de maior envergadura! E vostede engana a Galicia cando non recoñece que o Goberno de España soamente en ERTE, en prestacións e desemprego, en axudas a autónomos, ao turismo, á hostalería aboou máis de 1.200 millóns de euros; nun só mes douscentos e pico millóns de euros para cubrir a máis de 200.000 traballadores de Galicia nos meses máis difíciles da crise, cando vostedes non tomaron ningunha medida. (*Aplausos.*) Vostedes abandonaron o país, (*Aplausos.*) vostedes non están apoiando o noso país nesta realidade.

Mire, señor Feijóo, vostedes teñen que rectificar porque o Estado necesita que a Xunta de Galicia estea á altura, e en cen días de goberno vostede non compareceu aquí para explicar eses cen días. Fixo un acto aos medios de comunicación, falou para os seus, falou para o Goberno, non para o Parlamento nin para Galicia a través desa publicidade. A publicidade de axudas á hostalería que vostede sinala é publicidade enganosa. (*O señor Caballero Miguez mostra un documento.*) Enganan cando din que adican ata 2.000 euros aos autónomos e 5.000 euros ás microempresas porque non teñen orzados eses fondos; 70 millóns para un conxunto de autónomos e 17 millóns para a hostalería.

Pero o Goberno de España claro que remitiu máis de 1.100 millóns de euros que chegarán nos orzamentos do 2021 a Galicia vía fondos europeos e vía Goberno de España. Ao longo deste ano, a través do fondo da covid, xa houbo uns 700 millóns de euros; 224 millóns de euros para compensar a caída da maior actividade económica. Son fondos que chegan dende España á Xunta de Galicia. ¿E vostede que fai? ¿En que país vive, señor Feijóo, que non respalda o tecido produtivo nin a xente?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ¿En que realidade paralela vive o Partido Popular que nega que os ERTE, que o apoio aos traballadores, aos autónomos, de 1.200 millóns de euros foi vital...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...para a economía do noso país e simplemente queren van-gloriarse de que despois de ter gastado 12 millóns de euros para respaldar os autónomos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que é a súa competencia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que ten as competencias en comercio...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...queren poñer... (*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas. Terminou o seu tempo.

(*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas. Grazas, señor Caballero.

Terminou o tempo.

(*Aplausos.*)

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, non podemos coincidir coa súa valoración a respecto dos cen primeiros días de goberno, entre outras cousas, porque esta non era a pregunta que lle facía o BNG, por moito que nola acumulara o presidente do Parlamento, supoño que para facerlle un favor a vostede. (*Aplausos.*)



En todo caso, teño que dicirlle que agardabamos moito máis de vostede; non sei se é porque tiña un pequeno ataque de que, ao mellor, con isto do espírito do Nadal, podíamos neste Parlamento facer algo diferente, ou porque pensaba que, realmente, despois dun ano tan duro e tan difícil como o que levan vivido os galegos e as galegas, vostede estaría disposto neste Parlamento a devolverlle á xente deste país, con algo de altura política, un pouco do gran esforzo que leva feito ao longo deste ano. Pero vexo que é imposible, que vostede é incapaz de saír dese guión, da bronca, da descualificación e da prepotencia.

E non están estes tempos para triunfalismos. É que onte mesmo o Comité Clínico dicía que estamos ás portas da terceira onda, e vostede vén aquí dicir que está todo ben e que está todo feito. Algo fallará, señor Feijóo, cando estamos nunha situación como esta.

Mire, ¿sabe que é o peor dun gobernante? O peor dun gobernante xa non é só que minta, é que acabe crendo as súas propias mentiras. É que ten que baixar do coche oficial, pisar un pouco máis a rúa e escoitar cal é a situación na que están vivindo as persoas autónomas do noso país, cal é a situación da xente traballadora que quedou sen emprego, cal é a angustia coa que viven miles de familias esta situación e cal é a durísima realidade que viven os profesionais sanitarios, que fixeron un esforzo, a pesar da falta de medios e recursos. Porque claro que hai un recoñecemento aos profesionais sanitarios, e non se esconda detrás deles para intentar ocultar o que vostede non fixo, señor Feijóo.

Porque, mire, aquí hai algo que vostede non acaba de entender. Isto non vai nin do PP, nin do PSOE, nin do BNG; isto vai do que lle está pasando á xente no noso país; isto vai deses autónomos e autónomas que as están pasando canutas e que non ven que esas axudas sexan suficientes; isto vai da pequena e mediana empresa, que está facendo todo o posible para seguir en pé; isto vai da xente que necesita ter unha resposta, que vive con angustia o que está pasando nas residencias de maiores; isto vai da resposta que temos que darlles neste Parlamento para que a xente poida ver a luz ao final do túnel; e isto vai de transmitirles que neste Parlamento imos facer todo o posible para que saiban, para que estean seguras, de que imos sacalas de aí. Pero xa vexo que vostede, señor Feijóo, segue aí.

E, mire, a pesar da súa decepcionante resposta, este grupo, o BNG, e esta portavoz, imos seguir traballando cada día para mellorar a vida dos galegos e das galegas. ¡E alá vostede se quere quedar nese recunchiño da mentira, da prepotencia e da manipulación deste Parlamento! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para o peche destas preguntas, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, moitísimas grazas.

Señor Caballero, é bo que repase vostede os protocolos para distinguir entre un contacto e un contacto estreito; é unha diferenza substancial. Se un deputado desta Cámara dá positivo nunha PCR, o lóxico é facerlle outra PCR ao resto dos deputados, pero non corentenalos a



todos. Se, pola contra, dá positivo a persoa que ten vostede ao lado, o lóxico é facerlle unha PCR a vostede e, aínda que sexa negativo, corentenalo. Pero se vostede estivo toda a sesión parlamentaria con máscara, o lóxico é non corentenalo. Ese é o protocolo que vostede parece descoñecer; pero como descoñece, en relación á pandemia, practicamente todo, pois tam-pouco me sorprende.

Mire, eu estou aquí cheo de fotografías —que me pasa o gabinete— dos líderes do PSOE e do BNG sen máscara nos actos públicos. (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, sostén nas mans unhas fotografías.*) Non as vou utilizar porque creo que disto non vai o tema. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E vostede di que non. ¿Que quere?, ¿que as ensine á Cámara? (*Murmurios.*) ¡Por favor, señor...! (*Murmurios.*) ¡Se a vostede lle dá igual! Dálle tanto igual que ata nega as realidades gráficas que a vostede o inmortalizan.

Mire, señoría, un membro do Goberno viaxou a Bruxelas para un consello de ministros, (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) e posteriormente, como viaxeiro que volveu a Galicia, fíxo unha PCR. Ese membro do Goberno asistiu a un acto sen PCR aínda diagnosticada, e, cando tivo o resultado da PCR, automaticamente chamamos aos periodistas, aos gráficos e a todas as persoas que participaron nun acto que cumpría toda a normativa para que fixeran unha PCR. Parece que vostede quere que me coretene. ¿Que ocorre?, ¿que non quere que veña responder ao Parlamento? Para corentenar, señoría, aí ten o que fixeron os membros do Goberno: o señor Sánchez, con PCR positiva familiar, non se corentena, e o señor Iglesias, con PCR positiva familiar, non se corentena. E agora estame vostede aquí dando leccións de cumprir estritamente o protocolo do Servizo Galego de Saúde, (*Aplausos.*) ¡É algo sorprendente! (*Aplausos.*) Señor Caballero, déixeo, de verdade; déixeo para outra ocasión, porque tamén sobre diagnóstico e rastrexo sabe vostede moitísimo.

Mire, efectivamente, señora Pontón, estes cen primeiros días presentamos os maiores or-zamentos da nosa historia, pero non en gasto corrente, senón en gasto produtivo. E fixemos a maior oferta pública de emprego da nosa historia, 7.380 prazas, e non podemos sacar máis porque o Partido Socialista e vostedes, que apoian o Goberno, non nos deixan sacar todas as vacantes da sanidade pública.

Señoría, fixemos un acordo social —o primeiro de España— para o teletraballo; aprobamos a Estratexia dixital de Galicia, o Plan do sector lácteo e o Plan forestal; e seguimos mello-rando as infraestruturas do país. Creo que isto é gobernar, señoría. Mandamos 12 leis ao Parlamento de Galicia, e vostedes, en contra; todo en contra. Mandamos unha lei para xes-tionar a pandemia, e vostede ponse en contra de xestionar a pandemia; mandamos unha lei para a simplificación administrativa, e vostede en contra da simplificación administrativa —grazas que o Partido Socialista se abstivo—.

Onte celebrabamos o 40º aniversario do Estatuto, e na Cámara vimos a todos os deputados e deputadas do Bloque —salvo a un que se equivocou— sen aplaudir os corenta anos de au-tonomía constitucional en Galicia. O BNG en contra tamén do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Por tanto, señora Pontón, nada cambiou sobre o nacionalismo galego, lamentablemente. Seguen vostedes exactamente igual. Non son capaces nin sequera de fes-texar a autonomía do país. A vostedes pareceralles pouca, pois mellórena, propóñano; a nós



parécenos adecuada, xestionémola. Pero se o BNG tamén está en contra do Estatuto de autonomía, ¿como non vai estar en contra dun presidente da Xunta elixido de acordo co Estatuto de autonomía?

Señora Pontón, eu síntome satisfeito destes cen primeiros días. O señor Caballero tamén, si. Mire, o balance do Partido Socialista en Galicia destes cen primeiros días foi: aplaudir que a Galicia se lle deban 500 millóns de euros do IVE e dos incentivos por comunidades cumpridoras; pechar Meirama e a piques de pechar As Pontes; estar sen estatuto das empresas hiperelectrointensivas; estar cunha Lei de costas que está a piques de pechar todas as industrias ao lado do mar, incluíndo as industrias de marisqueo e as industrias...; *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...deixar sen traballo a Navantia; aumentar o imposto de matriculación e o imposto da maioría dos galegos; volver outra vez enganarnos sobre o AVE; chegar a un acordo na Unión Europea que pecha o 7 % das capturas de Galicia; e os peores orzamentos de Galicia nos últimos dezasete anos. Este é o balance do Partido Socialista de Galicia, señorías.

Pero o grave non é o desprezo a Galicia do Partido Socialista —estamos acostumbrados—, o grave non é que o Partido Socialista en Galicia se estea desmoronando; o grave é que o señor Caballero aplaude. E como dixo o conselleiro de Facenda nunha frase brillante, o señor Caballero convértese no enlace sindical do Goberno central. *(Risos.)* Ese é o seu balance durante os últimos cen días, señor Caballero.

Señora Pontón, con todos os respectos, mire, non sei se vostede quere moito máis a Galicia que o resto dos mortais, o que si lle podo asegurar é que eu a quero con todas as forzas, e dedícome a ela con todas as miñas capacidades. *(Murmurios.)* Seguro que vostede ten moitísima máis capacidade e experiencia.

Señora Pontón, o que está claro é que o balance do BNG se resume en tres consideracións. A primeira é que non había que facer as eleccións no mes de xullo e que había que facelas en outono. E cando chegou o outono, o BNG dixo que había que confinar a xente. E resulta, señoría, que vostede me fala de xestión da pandemia, do rigor sanitario, da querencia ao país e de construír o país, cando nin sequera o BNG quería que o país votara no momento máis axeitado e cando nos quería levar a votar no momento menos axeitado. *(A señora Pontón Mondelo nega coa cabeza.) (Aplausos.)* Mire, señoría...

Pero a xoia da coroa destes cen primeiros días do BNG foi facer presidente o señor Sánchez e agora queixarse do que fai o señor Sánchez con Galicia. Vostede quere chegar a acordos; eu tamén. É lamentable que non apoiem nada; queren chegar a acordos, pero non apoian nada. Están en contra de cada proposta que fai o Goberno *(Murmurios.)* e a cada proxecto de lei que trae o Goberno, emenda á totalidade. *(Murmurios.)*

Temos unha comisión de reactivación...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É unha oportunidade. Vostedes queren que xestionemos os fondos da covid, pois nós tamén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós tamén. E por iso, señorías, o que lle pedimos é que abandonen o clásico; por favor, que o BNG abandone o clásico. Un clásico de sempre, sempre, sempre é que, cando hai que decidir entre Galicia e apoiar os gobernos do Partido Socialista, se apoian os gobernos do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Este é o clásico nacionalista, señorías, e despois falan vostedes de que están soamente adicados a Galicia. Non, señorías, se hai que traizoar a Galicia por unha deputación, evidentemente que si, (*Murmurios.*) e se hai que traizoar a Galicia por un concello, sen ningunha dúbida. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E se hai que votar, sen ningunha dúbida... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e vese claramente...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, se vostedes foran consecuentes e nacionalistas consecuentes...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non deixarían pechar Navantía, non deixarían pechar Meirama...

O señor PRESIDENTE: Presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e non deixarían pechar As Pontes.

O señor PRESIDENTE: Presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E seguen na Deputación da Coruña vendo, exactamente, todo pasar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías...

O señor PRESIDENTE: Presidente, terminou o seu tempo. Estamos moi pasados de tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitísimas grazas e bo Ano Santo a todos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, neste caso coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 6053) (11/PNP-000695).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para demandar un novo proceso de diálogo entre os poderes públicos galegos, as organizacións sindicais máis representativas e a Administración central para corrixir as carencias do novo Estatuto de electrointensivas e do marco eléctrico para os grandes consumidores, principalmente:

a) elevar a redución das peaxes incluídas ao 100%, incrementar as peaxes incluídas no Estatuto para recoller todas aquelas que non teñan unha relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, e garantir a súa asunción vía orzamentos do Estado para evitar a súa repercusión indirecta nas persoas consumidoras.

b) introducir medidas de compensación para os territorios que exportan electricidade, como mínimo a compensación no 100% da peaxe de transporte, asumindo o custe o sistema eléctrico. b) introducir medidas de compensación para os territorios que exportan electricidade, como mínimo a compensación no 100% da peaxe de transporte, asumindo o custe o sistema eléctrico.

c) revisar a consideración de industria electrointensiva de forma que se recolla adecuadamente o carácter altamente dependente da enerxía do tecido galego, pois o Estatuto aprobado desvirtúa a condición de electrointensiva.



d) impulsar a transformación da regulación enerxética modificando o sistema diario de poxas (sacando do “pool” as centrais hidráulicas e nucleares)

e) incorporar garantías claras de emprego, desenvolvemento industrial e non precarización, pois o Estatuto aprobado mantense na desprotección recollida no RD-Lei 20/2018.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc núm. 6053).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apostar pola industria electrointensiva de Galicia, sumando ás medidas adoptadas polo Goberno do Estado, como a aprobación do novo estatuto electrointensivo, as axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de CO₂ e o Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas, actuacións propias da Administración galega, como a partida para <actuacións na industria electrointensiva>, incluída nas emendas do PSdeG-PSOE ao orzamento da Xunta de Galicia para o exercicio 2021.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, e antes de dar paso á presentación desta proposición, quería compartir con todos vós o que entendo que foi unha boa nova do pasado 17 de decembro. A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declaraba nulo o expediente de regulación de emprego de Alcoa-San Cibrao; unha decisión que debe facer á empresa recapacitar e volver á senda do diálogo para negociar a venda da planta.

Quero, en primeiro lugar, recoñecer e agradecer o traballo e o esforzo realizado por todos. En primeiro lugar, aos traballadores e ás súas familias e tamén —permitídemme que o cite tamén— ao comité de empresa e ao seu presidente, por ese traballo incansable e esa mobilización na defensa da continuidade dos postos de traballo na miña comarca. Tamén é un esforzo compartido das administracións, do Goberno central e da Xunta, co apoio dos concellos, e permítanme que nomee especialmente o concello de Xove e o concello de Cervo. Todo isto foi froito dunha cooperación e dun traballo en equipo.

Temos todos, aínda que ás veces pareza o contrario, un mesmo obxectivo: manter os postos de traballo e que continúe a actividade industrial na comarca da Mariña.

Tamén cómpre recoñecer o traballo da Autoridade Laboral, cunha decena de requirimentos á empresa, e tamén teño que recoñecerlles —permítanme— o traballo e o esforzo do con-



selleiro e do presidente da Xunta. Alcoa está a tempo de rectificar, podemos conseguir que se venda a planta, hai un operador disposto a investir. E, precisamente, en relación con esta circunstancia, ten moita importancia o asunto que imos debater agora.

Sen dúbida, entendemos que é a mellor saída posible, pero se iso non pode ter un remate exitoso, indubidablemente temos que avogar pola intervención.

E agora, antes de entrar no debate, si que me gustaría que dunha maneira unánime e co apoio de todos repetira esta Cámara esa frase que tantas veces soou na Mariña de que «as cubas non se paran».

Teño que explicar, en primeiro lugar, unha emenda que o meu grupo fai á iniciativa. Explícoa, señor presidente, porque esta iniciativa tivo rexistro, como saben, o día 2 de decembro. Saben tamén que o día 15 —publicado o día 17 no *Boletín Oficial do Estado*— tivo lugar a aprobación do Real decreto 1106/2020, que regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos. Esta circunstancia obrígame a emendar o punto 2 e o punto 4, pero, sen dúbida, está máis de actualidade que nunca, porque este estatuto, este instrumento, non resolve un dos principais problemas que afectan a continuidade, precisamente, destes postos de traballo na Mariña, e que afectan o resto de empresas electrointensivas. Casualmente, os dous puntos que emendo —que dicía que eran o 2 e o 3— piden que se modifique este Real decreto 1106/2020, do 15 de decembro, polo que se regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos, para incluír todas as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, marcando así a folla de ruta para dispor a medio prazo de medidas similares ás que a industria desfrutara noutros países como Alemaña e Francia.

«Implementar» —no punto 4— «no menor tempo posible os mecanismos que substitúen as poxas de interrompibilidade, como a reserva estratéxica de resposta rápida, contemplando as singularidades da industria altamente consumidora en enerxía e procurando unha pronta apertura dos prazos da convocatoria.»

Señorías, seguramente recoñezan este estatuto, porque, de feito, estaban vostedes a favor das alegacións, que non só presentaba Galicia, senón tamén outras comunidades autónomas como Cantabria ou Asturias —como saben, ademais, de distintas cores políticas—. Este estatuto recorta os apoios ás empresas galegas, xa que responde a un criterio territorial e non a unha verdadeira aposta pola industria. Así se explica o incremento no número de posibles empresas beneficiarias, de 120 a 600. Non só chega tarde, tras máis de dous anos de espera, senón que é claramente insuficiente.

Neste acordo os grandes consumidores de enerxía non encontrarán resposta á súa solicitude de establecer un prezo eléctrico que lles permita competir en igualdade de condicións con outros países europeos, nomeadamente Francia ou Alemaña.

O noroeste de España perde, unha vez máis, con este estatuto; de feito, non se atenden —e insisto nisto porque creo que había un acordo francamente respaldado por todas as forzas políticas, non só deste Parlamento, senón de todas as corporacións locais ou provinciais—... E nesa petición o que defendiamos e apoiabamos unanimemente é que as alegacións que presentara Galicia, Cantabria e Asturias foran incluídas no propio documento.



O Goberno debe rectificar. Esta política enerxética está deixando de lado a industria e, especialmente, a do noroeste, e está dando as costas ou non trasladando certezas nin garantía de continuidade a moitas familias nas que o seu posto de traballo depende desta actividade.

Tampouco existe un claro compromiso dende o punto de vista dos mecanismos de CO₂. É necesario completar ata o máximo permitido pola Unión Europea as compensacións polos custos indirectos do CO₂, pasando de 61 millóns aos 275 ou 300, como apunta o Bloque Nacionalista Galego; aprobar un estatuto dos consumidores electrointensivos que teña en conta as alegacións, como dicía; eximir dos cargos de financiamento das renovables e da coxeración as industrias de gran consumo; e seguimos esperando pola implementación efectiva dos mecanismos que substitúen a poxa de interrompibilidade, como a reserva estratéxica de resposta rápida, contemplando as singularidades da industria altamente consumidora de enerxía, e, sobre todo, por unha pronta apertura dos prazos da convocatoria. E tamén seguimos esperando por esa redución das peaxes eléctricas para as industrias electrointensivas.

Esta reflexión na que fundamento a miña primeira intervención non é exclusiva do grupo nin do partido que represento. Así, nos pasados días, unha vez que se coñeceu o texto, tivo valoracións moi negativas por persoas con responsabilidade pública doutras forzas políticas. «É insuficiente e decepcionante», dicían algúns compañeiros que representan en Madrid outras forzas políticas.

O propio Goberno do Principado de Asturias dicía que reclamará novas compensacións para a gran industria, porque considera insuficiente o Estatuto electrointensivo e o propio presidente da Asociación de Empresas de gran Consumo de Enerxía, Fernando Soto, tamén o dicía.

Pero, neste primeiro turno, e dende logo apelando a ese traballo conxunto e a esa unidade na opción que nos levou a ir conseguindo algúns pasos moi importantes, como o que mencioniei cando inicie a intervención, temos que ter en conta que aínda estamos a tempo. E así o dicía o presidente desta asociación, que dicía que na propia memoria de impacto normativo do propio Real decreto do Estatuto electrointensivo, o Ministerio de Industria deixa aberto incorporar máis mecanismos de apoio aos consumidores electrointensivos.

Por iso hoxe, e non só porque estea próximo o Nadal, senón porque non veño pedir nada que non se pedira neste Parlamento —pero si que o facemos neste momento, toda vez que acaba de publicarse un instrumento de maneira obxectiva, e fago esta reflexión da maneira máis construtiva e apelando á unión posible—, vémonos na obriga de mandar unha mensaxe alta e clara dende o Parlamento de Galicia de pedir ao Goberno que estes catro puntos que na nosa proposición non de lei hoxe intentei explicar da mellor maneira posible sexan recoñecidos nese estatuto. Se non, indubidablemente, este instrumento non conquiará os obxectivos. E tamén creo que aí hai unha clara unanimidade. Todos queremos que os postos de traballo se manteñan, xa que son moi necesarios, moi dignos, e debemos de axudar e comprometermos entre todos, porque son imprescindibles no momento económico que estamos a vivir nesta crise sanitaria, económica e social.

Neste primeiro turno nada máis, e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Marín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Señores do Partido Popular, unha vez máis, traen unha iniciativa en materia industrial dirixida ao Goberno do Estado. Eu pensei que estarían preocupados pola situación na que se atopa Emesa, en Coirós, e polos máis de oitenta postos de traballo que se perden ante a súa impasividade; ou pola situación de desamparo na que se atopa a conserveira Thenaisie, no Grove, e polas súas 125 traballadoras, ante unha posible disolución da empresa; ou polos 300 traballadores de Gamesa-Siemens, nas Somozas, nun proceso de deslocalización que os poida deixar sen actividade, mentres a Xunta mira para o outro lado; ou pola situación das 150 traballadoras de Madeiras Iglesias, no Porriño, cun pé na rúa, sen o amparo da Administración autonómica. Pero o colmo xa é escoitar hoxe a Feijóo falar de pechar Navantia, cando foron vostedes deixando a empresa en quebra técnica, en causa de disolución. É unha vergoña que tivera que chegar un goberno a facer un plan industrial para que seguira en pé. *(Aplausos.)*

Pero non, a preocupación do Partido Popular é utilizar o estatuto electointensivo como escudo para intentar agochar a súa actividade no noso país e facer algo en materia industrial dende as competencias que lles atribúe o Estatuto de autonomía. Como di o señor Tellado co seu argumento único —porque é o único, pero dándolle a volta—, xa todo o mundo sabe en Galicia que o Partido Popular é a maior enfermidade posible para o desenrolo industrial de Galicia —si, señor Pazos—. E, ademais, ¿saben por que traen hoxe esta iniciativa? ¿Sábeo, señor Pazos? Pola mala conciencia que deben sentir por unha sentenza histórica lograda polos traballadores de Alcoa e a Avogacía do Estado, co apoio de todos os concellos da comarca da Mariña: de Xove e de Cervo, pero tamén de Viveiro, de Foz, de Burela, do Valadouro...; tamén de todos eses. *(Aplausos.)* Porque vostede é unha sectaria para ser a máxima representante do Partido Popular na provincia de Lugo, unha auténtica sectaria coas súas declaracións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Como dicía, é unha sentenza histórica e non saben como encaixala dentro da súa estratexia, vendo como aquela cantilena de que Alcoa pechaba por falla dun estatuto era unha patraña que o único que lograba era sacarlle presión a un empresario irresponsable, co que, por certo, lle gustaba moito a Feijóo sacar fotos para deslocalizar a produción de aluminio fóra do noso país. ¡Menos mal que todo queda escrito e vimos como hai un investidor que quere continuar coa actividade e a produción e ao que non lle escoitamos en ningún momento falar do prezo da enerxía! ¡Que vergoña escoitar antonte o conselleiro de Facenda intentar apropiarse da estratexia da Avogacía do Estado, señor Pazos, e da representación sindical para dicir que eran os do Goberno do Estado os que se sumaban á estratexia da Xunta de Galicia! ¡Que pouca vergoña teñen, señores do Partido Popular! Menos mal que o Estado o tiña claro dende o principio, sabía cales eran as intencións da empresa americana e estableceu unha folla de ruta á que vostedes hoxe se sumaron, unha vez pasadas as eleccións autonómicas, xa que



daquela o único importante era recoller votiños e non a continuidade da actividade industrial de San Cibrao. Pero aínda non hai nada gañado, e cómpre seguir na estratexia lanzada polo Estado e polo gabinete xurídico da UXT para conseguir unha venda imprescindible.

Pero o máis surrealista de todo, señora Candia, é escoitalle a vostede falar da actividade industrial. Vostede ben sabe que eu son orixinario de Vilalba e que non é a primeira vez que a atopo por alí desfrutando da nosa zona vella, e cando escoito a quen foi a máxima responsable dun concello como Mondoñedo, que se converteu nun auténtico deserto industrial, perdendo toda a actividade que se asentaba no seu territorio, para desgraza dos mindonien-ses, é, cando menos, cómico, (*Aplausos.*) nun concello que ten o récord de ser o concello da Mariña que máis habitantes perdeu nos derradeiros vinte anos. Espero que non extrapole a súa xestión para o resto da provincia como máxima dirixente do Partido Popular en Lugo, xa que non chega con vivir só do que dan as nosas ordeñadoras.

Antes a acusación era que o Goberno non ía sacar o Estatuto electrointensivo, agora é a insuficiencia deste estatuto. Señores do Partido Popular, foron sete longos anos de goberno do Partido Popular poñendo parches e sen ser capaces de legislar nesta materia. ¿Por que? Gustaríame saber que fixo o Partido Popular dende o Goberno para legislar e darlles estabilidade e futuro ás empresas electrointensivas. Seguramente a todos nos gustaría un estatuto específico para cada empresa do noso territorio. Entendemos, ademais, que o Estatuto aprobado non colma todas as nosas expectativas, pero xa dicía a señora Candia na súa propia intervención que o Ministerio non descarta máis iniciativas nese senso. E existen órganos independentes de control, como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que poñen os seus toques para algo que consideran axudas de Estado, e as limitacións que pon a Comisión Europea para este tipo de axudas.

Seguramente que o Partido Popular preferiu estar estes sete anos sen desenrolar un estatuto porque é máis fácil sentar a esperar e que o fagan outros, que buscan as solucións, mentres vostedes miran para outro lado.

Neste escenario de deixadez do Partido Popular, do Goberno do Partido Popular en Madrid, o Goberno actual aprobou o Real decreto lei 20/2018, que, no seu artigo 4, contemplaba a figura do consumidor electrointensivo. Era a primeira vez que se contemplaba esa figura no ordenamento xurídico. A creación e regulación da figura deste consumidor electrointensivo permite dotar eses consumidores de escenarios predicibles para os seus custos enerxéticos, reducir a volatilidade inherente aos mercados enerxéticos globais e dotar de seguridade os investimentos industriais. Neste real decreto contéplanse medidas de apoio á industria electrointensiva —todas elas en liña coa doutrina da Unión Europea en materia de axudas do Estado, como non podería ser doutro xeito— e crean tres mecanismos de compensación para os custos de financiamento das enerxías renovables, o custo extra dos sistemas extra-peninsulares eléctricos e a produción de enerxía eléctrica a través de coxeración.

Logo, no Real decreto lei 24/2020, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e da competitividade do sector industrial, o Goberno creou o Fondo de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas, no que se establecen determinadas obrigacións para completar a súa regulación por real decreto. Esta medida foi o



primeiro paso para o fomento da contratación bilateral a longo prazo de máis de dez anos de subministración de enerxía eléctrica, en especial cos xeradores renovables, mediante o ofrecemento de mecanismos públicos de cobertura das garantías. Este tipo de contratos non existía ata o de agora, polas exixencias de altas garantías dos produtores de industria.

E agora apróbase un estatuto de consumidores electrointensivos como unha das medidas de acompañamento específico aos sectores estratéxicos industriais previstas na Estratexia da transición xusta; unha medida que beneficia a 612 empresas de diversos sectores industriais, entre eles tamén o do aluminio ou o das ferroaleacións. O dito estatuto ten como obxectivos principais dotar os consumidores electrointensivos dun marco xurídico e económico para a subministración eléctrica que os axude a mitigar os efectos adversos dos seus altos custos enerxéticos, conforme a normativa comunitaria, e potenciar a competitividade da industria, o crecemento económico e o mantemento e xeración de emprego de calidade.

O estatuto impón obrigacións e compromisos ás empresas nos ámbitos da eficiencia enerxética, I+D+i e substitución de fontes contaminantes que os consumidores electrointensivos deberán asumir para optar aos mecanismos destinados á redución dos custos enerxéticos. Cabe destacar tamén a obrigatoriedade de manter a actividade produtiva durante un período de, polo menos, tres anos a partir da data da concesión das axudas. Para obter a condición de consumidor electrointensivo, o consumo enerxético anual da empresa deberá de ser superior a un xigabyte/hora durante dous dos tres anos anteriores e o consumo nas horas correspondentes ao período tarifario «valle» debe ser, polo menos, o 50 % da enerxía total consumida.

Entre outros mecanismos de apoio destinados a reducir os custos enerxéticos figura un mecanismo de compensación de certos graos repercutidos nos custos da electricidade de ata un máximo do 85 % dos custos imputables nos cargos polo financiamento dos custos de enerxías renovables, dos custos de coxeración de alta eficiencia. Tamén se recolle o mecanismo de cobertura de riscos derivados da adquisición de enerxía eléctrica a medio e longo prazo por consumidores electrointensivos. O Estado, a través do Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas, asumirá a cobertura de riscos derivados da adquisición da enerxía eléctrica a medio e longo prazo de consumidores electrointensivos. Este mecanismo fomenta a contratación a longo prazo da enerxía eléctrica deses consumidores, xa sexa directamente ou a través dun intermediario, producida por instalacións de xeración de enerxía eléctrica e, en particular, procedente de instalacións de xeración renovable.

Con respecto ao mecanismo de compensación de custos indirectos de CO₂ para as industrias de determinados sectores industriais, é un mecanismo que se mantén ata final deste ano, en liña co marco establecido polas directrices comunitarias, no contexto do réxime de comercio e de dereitos e emisión de gases de efecto invernadoiro establecidas para o período 2013-2020. O montante final da partida orzamentaria para este último ano foi o máximo permitido pola Comisión Europea. Fíxense, no 2015, 0,56 millóns; no 2016, o 0,7 o máximo; no 2017, o 0,86; no 2018, o 23, o 13 % do total; e para a convocatoria do 2020, para compensar custos incorridos polas empresas en 2019, ampliouse a partida orzamentaria dende os 6 millóns de euros iniciais prevista polos orzamentos xerais do Estado do Partido Popular pro-



rrogados ata os 61 millóns de euros, mediante a incorporación dunha transferencia dende a Secretaría de Estado de Enerxía. E, nese contexto, ¿que fai a Xunta de Galicia? Nada. ¿E que fai o Grupo Parlamentario do Partido Popular? Aplaudir esa nada.

Aproben a nosa emenda instando a Xunta de Galicia a ter actuacións propias da Xunta de Galicia, como a partida para actuacións na industria electrointensiva incluída na emenda presentada polo PSdeG-PSOE ao orzamento da Xunta de Galicia para o exercicio 2021.

Non ría, señor Pazos, apróbea, apoie a industria electrointensiva dende a Xunta de Galicia. Apróbenla. O Partido Popular que faga algo. Fagan algo pola industria. Fagan algo pola industria..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor SECO GARCÍA: ...como dicía o conselleiro de Facenda antonte. Demostren ese traballo sen descanso que fai o Partido Popular dende aquí e fagan algo máis que mirar para Madrid, que é ao único ao que se dedican.

Grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

¡Silencio! Non nos compliquemos entre todos. Hai que falar o xusto. Se pode ser, máis ben pouco, ou eu diría que nada. Pero, bueno, iso xa é outra historia, para non complicar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! Non falen a distancia. Quero dicir que isto é en xeral; estou facendo reflexións en xeral. Non falemos cando non debemos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu quería comezar cunha reflexión por onde comezou tamén a señora Candia, sobre esa sentenza respecto de Alcoa. Efectivamente, nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, compartimos que é unha boa nova, que é un balón de oxíxeno, que está moi ben que demostre a xustiza a mala fe que tiña Alcoa e que denunciaban os traballadores, as traballadoras e outros colectivos desde o minuto un e que, desde logo, é unha oportunidade. Pero é tamén unha oportunidade que temos que aproveitar, porque tamén o que pon de relevo ese acontecemento, a sentenza e todo o que aconteceu arredor desa sentenza e os pasos previos e toda a historia xa case de dous anos e pico que levamos con Alcoa tanto na Coruña, inicialmente, como en San Cibrao, é que esa mala fe vai continuar. Alcoa non quere vender, Alcoa quere baixar a persiana e non ter un competidor. Polo tanto, é hora de que a Xunta de Galiza e de



que o Goberno do Estado asuman que só hai unha solución, que a solución vai ser a intervención, que este é un balón de oxíxeno para gañar tempo para facelo, pero que agora hai que pisar o acelerador e facer o que non se estivo facendo estes meses. Polo tanto, nós convidámoslos a uns e a outros a que respecten ese acordo que se conseguiu primeiro no Congreso e despois neste Parlamento e a que iso estea, realmente, na folla de ruta.

O Partido Socialista xa vetou unha emenda aos orzamentos xerais do Estado para fornecer unha contía para a intervención de Alcoa. Nós pedímoslle ao Partido Popular que, no trámite das emendas parciais, non faga o mesmo, que non cometa os mesmos erros que o Partido Socialista en Madrid e que asuma que hai que incorporar a estes orzamentos da Xunta de Galiza, como prevención, como un xesto político de decisión e unha mensaxe clara de que hai unha folla de ruta e de que se vai respectar ese acordo, esa partida para unha intervención pública. Deixen de alongar o inevitable porque, desde logo, non queremos estar á volta do seguinte período de sesións debatendo outra vez o mesmo e coa auga ao pescozo tamén en Alcoa, porque a estas alturas é innegable que a única solución é a da intervención.

Respecto de como chegamos aquí a esta cuestión do mercado eléctrico, do Estatuto das electrointensivas e demais, nós nese camiño temos unha lectura moi crítica coa responsabilidade que tivo o Partido Popular, tanto no Estado, fornecendo o marco eléctrico do 1997 e do 2013, como fornecendo ese marco eléctrico das poxas de interrompibilidade, que empeoraron... Non negue coa cabeza, señor voceiro do Partido Popular. Quen reduciu as poxas dun ano a seis meses foi o Partido Popular, etc., etc.

Temos unha lectura moi crítica con vostedes, porque, aínda que intenten omitir a súa historia, non son inocentes neste camiño, non son inocentes na historia de Alcoa e doutras empresas que tiveron axudas públicas e que non tiveron unha modernización, un investimento e unha fidelización do emprego conforme o que debería térselles exixido.

Teñen ese pasado, do que nós non nos eximimos, e somos os primeiros en criticar iso e en criticar a inexistente política industrial da Xunta de Galiza, coa que temos fondas diferenzas. Agora ben, hai que ser honestos e honestas, tamén coa responsabilidade de cadaquén neste momento histórico, e, dende logo, respecto do Estatuto de electrointensivas, o papel do Partido Socialista é imperdoable. (*Aplausos.*) Levamos dous anos agardando por un estatuto. Eu creo que non é, precisamente, esta a cuestión pola cal pode vir o Partido Socialista aquí colgarse ningunha medalla do traballo do Goberno central, porque foi inaceptable estar mes a mes, semana a semana, diante de moitísimos conflitos que vivimos neste país en case todas as empresas electrointensivas —nomeadamente en Alcoa, pero tamén en moitas outras— e non aparecía ese estatuto. Chegamos a vivir neste país cuestións como que viñera o señor Pedro Sánchez na campaña electoral de novembro de 2019 e se dixera que o venres desa campaña electoral ía saír o Estatuto de electrointensivas. Aquí vivimos un proceso de alegacións, no 2019, en marzo, e o BNG alegou como organización política, con independencia tamén doutras iniciativas que lanzamos neste propio Parlamento. Vivimos outro proceso en febreiro de 2020, e o resultado é que non moveron unha coma do borrador do Estatuto de electrointensivas.

Ese é o resultado: que chega tarde, que chega mal, que chega con moitas consecuencias no camiño e que, desde logo, é decepcionante, e compartimos a lectura crítica que están facendo



moitos axentes, tamén tecido empresarial e outras organizacións respecto deste estatuto. Para nós é insuficiente, porque a rebaixa que recolle non permite competir realmente; peor, abren tanto a man coa categorización do que é ou non é electointensivo que entran máis empresas para menos recursos a compensar os custos industriais; polo tanto, fainos menos competitivos.

Galiza non inclúe compensacións por ser un territorio produtor neto de enerxía, pero tamén está moi afectada porque non se contempla a singularidade do seu tecido empresarial, que é moito máis electointensivo que noutras partes do país.

Tamén entendemos que hai moitas ausencias en materia de garantías de emprego e que se repiten en boa parte os erros do pasado. Nós, desde logo, non compartimos que o autodenominado «Goberno máis progresista da historia» só inclúa o mantemento da actividade como un requisito e que non se centre noutras garantías de emprego, en cuestións tan elementais como que haxa que incrementar os salarios conforme o IPC, ou en garantías tamén de investimento e modernización industrial.

Nós, durante este tempo, tamén insistimos moito en que houbese unha negociación bilateral entre a Xunta de Galiza e o Estado. Ao Partido Popular de Galiza non lle gusta a bilateralidade; bueno, ás veces, un pouco, si, pero están así, un pouco indecisos. Respectamos que non lles guste, pero entendemos que o andado neste camiño tamén demostra que se errou.

E neste camiño tamén o BNG estivo sempre do lado das reivindicacións de país respecto desta cuestión, asumindo moitas veces a letra de moitas iniciativas que vostedes nin sequera querían negociar. Polo tanto, é un camiño no que hai puntos en común, pero tamén para que ese consenso do que tanto fala a señora Candia fose máis forte, estaría ben que tiveran votades un pouco máis de vontade política e de xenerosidade. E hoxe teñen unha oportunidade de mellorar a súa iniciativa e a súa autoemenda e de elevar un pouco o listón. Porque, efectivamente, non piden nada que non se pedise antes neste Parlamento, pero nós cremos que, neste momento, con todas as urxencias que temos enriba con estes anos de atraso, coa precipitación de acontecementos en Alcoa e noutras empresas e cunha crise económica que xa está aquí e que vai ter consecuencias tamén no modelo industrial, pois hai que elevar o listón. Hai que elevar o listón porque a enerxía é fundamental para o noso país, non só por sermos produtores, tamén pola caracterización do noso tecido industrial, polo que significa en produto interior bruto, etc.

E por iso nós presentamos unha emenda; esa emenda non recolle todas as alegacións que teño aquí e que presentamos como Bloque Nacionalista Galego en febreiro de 2020, pero si algunhas cuestións que nos parecen esenciais para corrixir as carencias dese novo estatuto que, se non é corrixido, desde logo vai ser un problema máis que unha vantaxe.

En primeiro lugar, eu creo que hai algo no que temos que estar todas e todos de acordo, que é en elevar esa redución das peaxes incluídas ao cen por cento, pero tamén hai marxe aínda por incluír máis peaxes dentro das que van nesa proposta. Nós somos claros nisto. Hai que excluír todas aquelas que non teñan que ver co sistema eléctrico, como son os custos extra-peninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo nuclear e o déficit tarifario,



pero tamén entendemos que iso ten que estar claro que ten que ir vinculado aos orzamentos do Estado. Non podemos permitir que acabe sendo un incremento pola porta de atrás da factura dos galegos e das galegas.

E tamén entendemos que sería fundamental incluír compensacións para os territorios que exportan electricidade. Onte unha voceira do Partido Popular botaba de menos o discurso do Bloque Nacionalista Galego da tarifa eléctrica galega. Non renunciámos a iso, pero hai unha cuestión que é evidente. Alén das nosas discrepancias, se estamos falando de compensar peaxes ás empresas electrointensivas, hai unha peaxe que é evidente que hai que compensar en Galiza, que é a de transporte. Non custa o mesmo para o sistema trasladar enerxía producida en Galiza para unha fábrica que funciona en Madrid ou en Zaragoza que o que custa trasladar enerxía producida en Galiza para Alcoa.

Polo tanto, esa peaxe que é fundamental entendemos que debera ser eximida no cen por cento, e que, se vostedes apoian esta medida, pois tampouco creo que os expulsen do Partido Popular de España, porque é algo de sentido común; non fai falta ser nacionalista, só fai falta intentar actuar nesta cuestión con intelixencia.

Tamén insistimos nesa cuestión elemental de revisar que é ou que non é electrointensiva, que categorías de electrointensivas facemos e como se incorporan á nosa industria. Entendemos que isto ten que servir tamén para transformar o mercado de regulación enerxética, o denominado *pool*.

E, por último, hai que insistir moito nas garantías de emprego. Desde logo, falar só de manter a actividade sabemos que vai ser unha porta aberta para que moitas empresas repitan a historia de fornecerse de recursos públicos para despois, ao final, acabar pechando cando lles apetece ou cando hai un cambio de modelo industrial.

Polo tanto, eu creo que esta é unha cuestión suficientemente seria como para que haxa unha postura de país. Nós estamos dispostas e dispostos, pero tamén apelariamos a que o Partido Popular teña unha vontade de consenso real e a que o consenso non sexa sempre que aprobemos a proposta que trae o Partido Popular, e que xa trouxo moitas veces anteriormente, sen mover nin unha soa coma. (*Murmurios.*)

Polo tanto, desde logo, se teñen unha vontade real, máis ala de vir facer a campaña contra o Goberno central, que neste caso hai que dicir que é merecida e motivada, terannos aí. Se non, será unha mala noticia para a industria do noso país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Vou intentar consumir o mínimo tempo posible.



Señor Seco, eu non sei se o seu xefe de filas, xunto co señor Arangüena, os arengan para facer un pouco así de *hooligans* ou para entrar a disparar cando asumen o uso da palabra nun debate, dende logo, tan importante.

Non lle vou contestar sobre Mondoñedo, por unha razón, con toda humildade, porque xa lle constataron os mindonienses, xa que ao seu partido lle deron catro míseros anos responsabilidades de goberno pero non quixeron volver depositar en vostedes nunca máis a responsabilidade. (*Aplausos.*)

E voulle dicir máis, podería recordarlle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Otero, non se altere, que vostede sabe que estou dicindo a verdade, e non vou analizar a provincia porque vostede tampouco ía saír moi ben parada. (*Murmurios.*) Así que, non se altere, ¡non se altere! (*Aplausos.*) Estoulle falando con total humildade. Sempre digo que vin ao Parlamento aprender, e créanme que presto toda a atención e intento traballar co maior compromiso, pero a verdade é que ¡as cousas que escoitei!... ¡E mire que pasei por debates de non moito nivel!, pero aquí, dende logo, cando escoito algunha intervención, quedo preocupada; quedo preocupada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, agradezo o ton amable da señora Presas, que a levo escoitando durante moito tempo —polo menos, o que levo aquí— e, certamente, sempre destaca pola preparación dos seus asuntos, que, con certa admiración, lle agradezo, aínda que discrepemos. Pero, neste asunto, eu recoñezo que é complicado ser deputado do Bloque Nacionalista Galego e moi complicado ser deputado do Partido Socialista. (*Murmurios.*)

Na Comisión de Orzamentos, á que asistín por substitución, quedei cunha frase que dixo, precisamente, a señora Presas. Dixo: «*É jodido ser do Partido Socialista neste momento en Galicia*» —está gravado, ¡eh!, porque eu, cando copio algo, asegúrome moito de que escoitei ben, e chamoume a atención porque tamén o dixo en castelán, non o dixo en galego—. Eu quedei con esa frase.

E, neste asunto, sen dúbida, enténdoo porque é complicado. A miña primeira intervención foi do máis construtiva, do máis conciliadora e intentando buscar —como dicía a señora Presas— o que xa aprobamos aquí. Pero tamén coincidirán comigo en que, se se aproba o estatuto e non lle fixo absolutamente ningún caso, creo que estamos máis que nunca leixtimados a volver votalos aquí.

Eu preguntolle, señor Seco, ¿que cambiou logo entre o día que o señor Caballero, rodeado de todos os alcaldes...? E, mire, sectaria non, ¡eh! Eu creo que calquera persoa, cun mínimo coñecemento da Administración local, sabe que non todos os concellos teñen un impacto idéntico se pechase Alúmina-Aluminio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En primeiro lugar, xa só pola parte fiscal. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, pero respécteme, respécteme, que estou no uso da palabra e o que estou dicindo é unha verdade absoluta. Xa só no imposto de actividades económicas, ¡só no imposto de actividades económicas!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.



A señora CANDIA LÓPEZ: Eu non sei se queren desviar a atención, pero o impacto económico nas arcas municipais non é o mesmo. *(A señora Candia López amosa un documento.)* Eu mesma defendín nesta mesma tribuna unha iniciativa tamén buscando garantir os postos de traballo na Mariña, e coa mellor humildade posible intentei incluso explicar que non só afectaba os traballadores de Alcoa, senón que había moitos sectores económicos afectados. E aquí tamén teño que dicir que a belixerancia e os gritos que aquí parece que queren facerse —se non o impedira o presidente— non se levaron a toda a comarca da Mariña. É verdade tamén que a maioría das corporacións prestaron unha actitude unánime, sen ningunha crispación e todos a unha. Non sei por que intentan agora dicir o que non é.

Pero gustaríame saber, para non desviar a atención, por que o señor Caballero, insisto, rodeado de todo o Partido Socialista da Mariña, o 5 de febreiro foi a Alcoa e explicou que o estatuto ía ser a solución. *(A señora Candia López amosa un documento.)* ¿Por que din vostedes que isto é desviar a atención? ¿Caballero, entón, estaba equivocado? ¿Vostede non ía con el? Vostede di que me ve en Vilalba, e eu creo que en Vilalba a vostede o ven bastante pouco, e non é só que non o vexan fisicamente, é que as cousas que di demostran unha distancia bastante importante coa nosa comarca, e créame, coa nosa provincia. Ben sabe que a distancia parece que só é boa para protexernos do virus; para o resto, en política, élle moi mala conselleira. O importante é estar sempre ao lado da xente.

E, neste momento, os traballadores, o comité, as asociacións, din que ese estatuto é malo, que é insuficiente, que chega tarde e que non resolve nada. Se o dixese só o Partido Popular, pois, bueno, entendo que vostede o criticara, pero, créame, non o di só o Partido Popular.

Aínda que, indubidablemente, o discurso da señora Presas foi moito mellor, eu tamén teño que dicir que ser deputado do BNG neste asunto tampouco é unha cuestión cómoda. *(Murmurios.)* É indubidable que a señora Presas desperdiciou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...unha moi boa oportunidade de explicarnos que é o que pactaron que xa solucionaba a continuidade de Alcoa. E isto non mo tome a mal, que non llo digo con ningunha actitude de desestabilizar a ninguén. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero aquel día «Alcoa en el acuerdo BNG-PSOE...» *(A señora Candia López amosa un documento.)* Por favor, explíquenos que foi o que pactaron. Se non lle cumpriron, estaría moi ben que a xente o soubera, porque non vale agora retirar o apoio aos orzamentos.

Vostedes miran moito ao pasado, e moi pouco orgullosos deben de estar do que están facendo para ter que chegar a Rajoy —¡se a Rajoy xa o botaron do Goberno cunha moción de censura!, ¡máis non lle poden facer!— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e para non poder xustificarse e realmente rematar...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Sobre as emendas...



A señora CANDIA LÓPEZ: Mire, a emenda do Partido Socialista, indubidablemente, non a imos aceptar. E na emenda do Bloque Nacionalista Galego, como aínda nos queda, ao longo do día, unha oportunidade, imos intentar chegar a algún acordo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereza Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano Xacobeo 2021 en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Leticia Gallego Sanromán, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-000696, doc. núm. 6068)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a remitir ao Goberno de España unha planificación completa do desenvolvemento do Xacobeo 2021 que inclúa a valoración económica das actuacións incluídas, coa finalidade de acadar a colaboración económica necesaria para o óptimo desenvolvemento do Xacobeo 2021».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Borja Vereza.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Todos os grupos parlamentarios, tanto en comisión como en sesión plenaria, tivemos a oportunidade de destacar a importancia do sector turístico, da industria turística, como clave no ámbito económico, con ese crecemento ata chegar ao 11 % do PIB, mellorando a competitividade, mellorando o valor engadido e aportando ano tras ano máis riqueza ao país.

Tamén todos os grupos parlamentarios somos conscientes de que o sector turístico é un dos máis afectados. Polo seu propio obxecto de negocio, necesita da mobilidade doméstica e da mobilidade internacional, necesita de certa normalidade no tráfico aéreo —practicamente en parada técnica—, e necesita traballar con grupos de persoas que se relacionan entre si. E isto é unha incompatibilidade coa situación de pandemia.

Polo tanto, todas as esperanzas están postas no ano 2021. Todos seguimos as novas sobre a inminente vacinación desde a nosa esfera pública, pero tamén desde o ámbito privado, con



certo desexo, necesidade ou incluso ansiedade de que as cousas vaian ben e de que volvamos canto antes á nosa vella normalidade. Non podemos, como responsables públicos, distanciarnos demasiado do principio de prudencia. É algo que aprendemos estes meses: a experiencia de que pouco sabemos, a experiencia de que non podemos dar nada por feito e a experiencia de que estes meses, se algo foron, foi unha grande cura de humildade de todo o coñecemento científico, de todo o coñecemento humano. E, polo tanto, con esa humildade, con esa prudencia, o que si temos claro é que a industria turística vai ser clave na reactivación e que no ano 2021 van confluír intereses privados, por suposto, pero tamén importantes esforzos públicos para que sexa o ano da recuperación económica. Así o está demostrando a Xunta de Galicia a través dos orzamentos para o departamento de Turismo, cun incremento dun 50 % ata chegar aos 110 millóns de euros, cun plan de rescate de 37 millóns de euros para axudas directas, e para mellorar ou reactivar o consumo con novas figuras, como o «seguro coronavirus» para garantir tamén calquera incidencia que se poida producir nun turista en Galicia e por tanto trasladar esa imaxe de Galicia como destino seguro. E estes esforzos do ano 2021 veñen avalados tamén polo feito ao longo do ano 2020 —o xa comentado en numerosas ocasións Plan de reactivación, de 58 millóns de euros, e, por suposto, tamén o máis recente, que se está cobrando agora mesmo, o Plan de autónomos e de microempresas—.

O maior evento turístico nacional que vai haber o ano que vén é o Xacobeo, o Xacobeo 2021. Chega no momento oportuno, como estamos dicindo, cando van confluír eses intereses públicos e eses intereses privados. É unha oportunidade que temos que aproveitar, é unha responsabilidade como responsables públicos. Haberá —se non fixen mal o cálculo— uns 14 xacobeos cada século, hai once anos que foi o último Xacobeo e, polo tanto, chega cando máis o necesita o país.

A Xunta de Galicia vai aproveitar o Xacobeo, vai aproveitar o Ano santo compostelán, ¿que mellor xeito que aportando unha partida de 85 millóns de euros para o Xacobeo? Será un Xacobeo que, sen dúbida, vai ser difícil, vai ser diferente, vai ser incerto, pero que vai contar con todo o apoio político, institucional e orzamentario da Xunta de Galicia e deste grupo parlamentario.

Queremos —como digo— que sexa unha grande oportunidade, ten que ser ese gran catalizador das industrias turísticas, das industrias culturais, de todas as cadeas de valor asociadas. Pero para iso necesitamos a colaboración do resto de administracións e, nomeadamente, da Administración xeral do Estado e do goberno de Pedro Sánchez. Os orzamentos xerais do Estado destinan cero euros ao Xacobeo, non hai unha partida específica para o Xacobeo. Isto é unha anomalía e estou convencido de que os deputados do PSdeG estarán de acordo en que isto é unha anomalía. Non hai tampouco —non a atopamos— unha explicación racional para que o maior evento turístico nacional non sexa apoiado polo goberno de Pedro Sánchez. E, polo tanto, ao non haber apoio e ao non haber explicación racional, unicamente nos queda unha conclusión terrible, pero unha conclusión: que é que non se apoia este evento porque é galego e se desenvolve en Galicia, onde goberna o Partido Popular de Galicia. Como digo, é unha conclusión terrible, politicamente é dificilmente aceptable; lexítima pero que é importante corrixir. Estamos a tempo, hai tempo de corrixir esta situación. Ao Grupo Parlamentario do PSdeG, o interlocutor cualificado co goberno de Pedro Sánchez, o que lle



pedimos é que lle faga entrar en razón, que apoie o Xacobeo como o propio Xacobeo merece. O Xacobeo non pode ser unha transacción entre vinganzas políticas. O Xacobeo é patrimonio de todos os galegos, o Xacobeo forma parte da nosa galeguidade. E, polo tanto, é unha cuestión de dignidade. É unha cuestión de responsabilidade política que todas as administracións apoien o Xacobeo como merece.

Espero, polo tanto, conseguir esa unanimidade e poder mandar esa mensaxe única. E, polo tanto, espero que se poida corrixir esta situación e que o ano 2021 poida ser ese ano de superación da pandemia e poida ser ese ano tamén da recuperación económica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Borja Vereza.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día, deputadas e deputados.

No ano 2019 a cifra de persoas ocupadas en Galicia alcanzou 1.095.159 persoas, das cales o 11,3 % se dedicaron ao sector turístico. En Galicia esta situación, derivada da pandemia producida pola covid-19, vai supor unha perda aproximada do 7 % do produto interior bruto, ao redor de 4.600 millóns de euros. O sector turístico representa arredor do 10 % do produto interior bruto total galego, con máis de 100.000 postos de traballo.

O turismo en Galicia ten que ir máis aló do Xacobeo. O executivo autonómico ten que investir máis en turismo, a partida orzamentaria que máis se incrementou é para o Xacobeo. Está ben, pero non hai incremento substancial en ningunha outra partida orzamentaria. Despois deste ano tan crítico para o sector do turismo, o goberno do señor Feijóo ten que realizar un investimento máis ambicioso e transformador no turismo galego. Os orzamentos do 2021 non son suficientes para salvar o sector do turismo galego. *(Aplausos.)*

Seguimos e seguiremos reclamando que o sector turístico sexa un sector estratéxico para as políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta gran crise económica —non me cansarei de repetilo unha e outra vez nas miñas intervencións—. No ano 2021, como ano Xacobeo, se a situación pandémica actual mellora, espérase que a nosa comunidade autónoma reciba gran afluencia de visitantes. En palabras do señor Feijóo, no seu discurso de investidura, é fundamental reformular o Xacobeo. Tamén o señor Rueda falou de impulsar e reformular o Xacobeo 2021. Pois ben, o Grupo Parlamentario Socialista reclamou na Comisión 6ª ter información actualizada e continua sobre en que ía consistir esa reformulación do que se está a facer neste tema tan importante para a recuperación económica do noso sector turístico. Pois ben, a información que nos trasladou a directora xeral de Turismo na Comisión



foi moi, moi, escasa. ¡Vamos!, que seguimos sen saber en que vai consistir esta reformulación do Xacobeo que anunciou tanto o señor Rueda coma o señor Feijóo.

Por outra banda, gustaríanos saber a programación do Xacobeo 2021, non só ao noso grupo parlamentario senón tamén ao conxunto do sector turístico, do sector cultural, dos concellos e da cidadanía en xeral. ¡Non saben vostedes a de veces que nos preguntan pola programación do Xacobeo! Espero que a programación do Xacobeo vaia máis aló de iluminar uns monumentos en azul e amarelo. ¡Espero que vaia moito máis alá do que fixeron esta fin de semana!, (*Aplausos.*) ¡espero que vaia máis alá! (*Aplausos.*)

O sector turístico espera con gran impaciencia esa reformulación e esa programación do Xacobeo. Penso que este sector non merece que a tan só uns días do inicio do Xacobeo 2021 non se saiba aínda en que vai consistir ese Xacobeo, ¡é unha vergoña!, ¡todos e todas as que estamos aquí temos que traballar a prol do sector turístico!, ¡por esas traballadoras e eses traballadores que non saben o que vai pasar dentro duns días en Galicia cun evento como é o Xacobeo 2021! Este sector está desesperado. Como todos xa saben, as axudas da Xunta non chegan, son meros parches. E polo menos merece, por parte do goberno do señor Feijóo, información concreta sobre as actividades e sobre como se vai desenvolver o Xacobeo. ¡Un mínimo de seriedade co sector turístico, un pouco de información, por favor! (*Aplausos.*)

Gustaríame tamén facer referencia aos albergues, moitos dos cales teñen as instalacións con moitas deficiencias ou incluso non son accesibles; como, por exemplo, o albergue do Pino, ao que fomos no mes de setembro comprobar que efectivamente non é accesible —e que foi unha cuestión pola que metemos unha iniciativa en comisión—. Espero que o fagan accesible.

Outra cuestión importante é o 2022. ¿Vai ser Ano xacobeo?, ¿non? ¿Como está ese tema? Estaría ben que nos informaran como van as negociacións coa Igrexa.

E tamén nos gustaría unha aclaración nos orzamentos. A directora xeral de Turismo na Comisión dixo que eran 80 millóns para o Xacobeo, o señor Rueda dixo que eran 85. Pois estaría ben que nos aclarasen as cifras e que se poñan de acordo entre os dous, ¡por favor! Penso que hai moito, moito, que facer. Teñen moitos deberes pendentos. Señoritas e señores do Partido Popular, un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeá vese como imprescindible a tan só uns días de que comece o Ano xacobeo.

No pasado mes de novembro, o secretario de Estado e de Turismo visitou a cidade de Santiago en apoio aos preparativos do Xacobeo 2021 e co obxectivo de avanzar no desenvolvemento do plan de sostibilidade turística da cidade —cun investimento de 3 millóns de euros por parte do Ministerio de Turismo—. O secretario de Estado explicou que nos orzamentos xerais do Estado para o 2021 contemplan un investimento de 26 millóns de euros para estratexias de desenvolvemento de produtos turísticos, dos que podería beneficiarse o Xacobeo 2021. O secretario tamén lembrou que o Ministerio de Turismo en España instalou en Roma un local anexo á embaixada na Santa Sede, na praza de España, como centro multimedia para a promoción do Xacobeo 2021.



O compromiso do Goberno de España co Xacobeo para os próximos anos supera os 90 millóns de euros, ademais dos 1.100 millóns de euros que o Estado poñerá á disposición de Galicia — 90 millóns—. En total, hai unhas 150 actuacións en proxectos e en execución, coas que o Estado chega a máis de sesenta concellos de toda Galicia. Este ano houbo axudas por un importe de 20,5 millóns e o ano que vén prevese unha axuda gobernamental por importe de 40,5 millóns; en total, 61 millóns aos que os concellos de Galicia poden acollerse para financiar proxectos relacionados co Camiño de Santiago —¡61 millóns!—. Así mesmo, o Programa xacobeo para a conservación e mellora de bens culturais supón un investimento, entre o 2019 e o 2022, de 30 millóns de euros, e está composto por máis de 30 proxectos —30 millóns de euros—.

Dentro desta iniciativa están en marcha proxectos por valor de 3 millóns de euros, a maioría correspondentes a diversas actuacións na catedral de Santiago. O Goberno de España, a través de diferentes ministerios, investiu 20 millóns de euros na catedral de Santiago nos últimos anos. A rehabilitación da catedral de Santiago está facéndoa o Goberno de España. (*Aplausos.*) Que, por certo, o venres pasado rematou a rehabilitación da basílica da catedral de Santiago, rehabilitación na que participou o Goberno de España. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois ben, en canto ao investimento do Ministerio de Transportes, o programa de rehabilitación arquitectónica inclúe accións como a restauración da escaleira e a cripta do obradoiro da catedral de Santiago, que ten un custo de 1,4 millóns, e xa está en execución. O Ministerio de Transportes tamén acomete un plan de acción sobre seguridade viaria no Camiño de Santiago, cun investimento global de 12,5 millóns. O plan busca mellorar a seguridade dos peregrinos e das peregrinas nos puntos do Camiño que conflúen coa rede estradas do Estado, e consta dunha vintena de iniciativas en áreas do Camiño Francés, do Camiño Portugués e do Camiño Inglés, nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra —das cales, nove xa están rematadas—.

Acabo de dar unha explicación racional, señor Vereá. E, como pode comprobar, hai programas nos orzamentos xerais do Estado para o Xacobeo —orzamentos que, por certo, vostedes votaron en contra no Congreso dos Deputados—.

O Goberno de España está apoiando e continuará apoiando o Xacobeo. A implicación do Goberno central co Xacobeo é total, como acaban de comprobalo, aínda que vostedes digan que non, que non e que non, pero bueno... E ademais de todos estes investimentos, vostedes queren máis, e mencionan a Barcelona. Pois ben, resulta que esta cidade presentou un proxecto para que o Estado financiase a capitalidade cultural e científica, cousa que non fixo a Xunta de Galicia co Xacobeo, que non presentou nada, ¡nada! (*Aplausos.*)

Por iso o noso grupo insta a Xunta de Galicia para remitir ao Goberno de España unha planificación completa do desenvolvemento do Xacobeo 2021 que inclúa a valoración económica das actuacións incluídas coa finalidade de acadar a colaboración económica necesaria para o óptimo desenvolvemento do Xacobeo 2021. Fagan os deberes, señoras e señores do Partido Popular, fagan os deberes. E lémbrolles que o Goberno galego ten plenas competencias en turismo recollidas no Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.21. Porque con esta proposición non de lei parece que as competencias en turismo son do Estado. E non, as competencias en turismo son das comunidades autónomas, as competencias en turismo son do goberno do señor Feijóo. Non se confundan. (*Aplausos.*)



Vou rematando e penso que os deputados e deputadas que estamos aquí temos que traballar por un turismo para todos e para todas, temos que traballar por un turismo de calidade. Galicia ten un gran potencial neste sector, traballemos para que se converta nun gran destino turístico o noso país.

Moitas grazas e bo Nadal a todos e a todas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, igualmente, señora Gallego.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días a todas e a todos.

Vou comezar dicindo que o Xacobeo é un grande produto para promocionar Galiza pero, dende logo, non é o único. E por iso non compartimos esa obsesión que teñen dende a Xunta de querer identificar Galiza e Xacobeo. Ter unha boa marca e querer espremela é bo, e ademais debe facerse —falando en termos de estratexia turística—, pero o problema atópase en que esa identificación que dende a Xunta promocionan ata o paroxismo oculta as moitísimas outras potencialidades que ten o noso país, ou, o que é peor, oculta o noso país.

A nosa condición de país, cun patrimonio cultural brutal, rico e diverso engloba a catedral de Santiago pero tamén o dolmen celta de Dombate, o botafumeiro ou as festas pagás do San Xoán en Carballo, o Santo dos Croques ou o Resurrection Fest, o Camiño de Santiago ou as festas do mar de Malpica. É un país con lingua propia, fermosísima, que empregaron Rosalía, Castelao, Calero, Xurxo Borrazás, Mercedes, Suso de Toro e tantas outros para transmitir sentimentos e imaxes; *(Aplausos.)* lingua que emprega a miña avoa e que empregou a súa avoa, e lingua que espero que empreguen os meus fillos.

É un país cunha historia de defensa da terra, da lingua e do patrimonio porque houbo e hai que defender aquilo que nos fai diferentes, as nosas particularidades, o que nos define como pobo. Porque esas particularidades, a nosa forma de ser, falar e sentir tamén son un moi bo produto dende a óptica turística, somos diferentes e iso é atractivo, e iso hai que aproveitalo.

Pero esa identificación absoluta entre Galiza e Xacobeo que potencia a Xunta escurece todos estes elementos que por si mesmos xeran luz, que atraen como a chama da fogueira. E, insisto, o Xacobeo é moi bo produto turístico, mais desde o BNG entendemos que non é a solución única ao turismo, e menos nun ano que se presenta con tantas incertezas como é o 2021.

A pandemia, que aínda non está controlada, nin moito menos, porque segue a haber contaxios e hai mortes cada día —diso non hai que esquecerse— provoca que o 2021 se presente cheo de incertezas. E as incertezas, por moi optimistas que queiramos ser, afectan —e moito— o turismo. Os fluxos turísticos retraéronse, a xente mudou o seu enfoque do ocio e nada fai pensar que para o ano que vén a situación volva á normalidade —teñamos vacina ou non, señor Vereá—. Porque, despois de que a pandemia se controle, haberá que recuperar a con-



fianza para volver a aqueles hábitos que tiñamos antes da pandemia. Un deses hábitos é via-xar, e no caso do Xacobeo o turismo internacional ten un peso moi importante. O turismo interior non vai compensar a minoración do internacional, non vai ser suficiente. E isto lévanos a que será necesario apostar por un novo modelo de turismo, un cambio de modelo que xa defendiamos desde o BNG antes da pandemia e que agora parece algo ineludíbel.

Xa o dixemos moitas veces: Galiza é moito máis que praia, gastronomía e Xacobeo, e por iso é necesaria a redefinición do modelo e a estratexia turística do noso país. Hai que tender a diversificar as propostas turísticas, a apostar por pór en valor o noso e facer que o turismo sexa unha actividade transversal e que sexa tamén un turismo sustentábel. Debe apostarse desde a Xunta por esa diversificación da oferta turística e así complementar o Xacobeo.

Agora ben, tamén é innegable que o Xacobeo está sobrevalorado dende o punto de vista orzamentario pola Xunta de Galiza. Hai partidas destinadas ao Xacobeo que son moi superiores ás partidas destinadas a outras cuestións fundamentais, como pode ser o financiamento municipal ou os propios plans de rescate do sector turístico. O Xacobeo é unha bolsa sen fondo da Xunta de Galiza e —tamén hai que dicilo— do propio PP. As campañas de autobombo do PP e da Xunta mestúranse de forma tal que é complicado saber onde acaban unhas e comezan as outras.

O Xacobeo precisa clareza na súa programación e nos seus investimentos, non pode limitarse a ser pura propaganda. Porque o problema de verdade radica en que o Xacobeo está deixando en segundo plano as carencias de planificación ou de investimento turístico en cuestións nas que Galiza ten moitísimas potencialidades e que son fundamentais, como pode ser o turismo náutico. Son moitas as poboacións costeiras que ven neste turismo unha opción in-mellorable para xerar riqueza nos seus portos, para crear sinerxías moi positivas que levarían á reactivación económica destes pobos, castigados polo ermo industrial en que o PP está a converter Galiza. E por iso dende o BNG presentamos diferentes emendas neste sentido, para recuperar eses portos e o seu aproveitamento.

Tamén o turismo cultural e patrimonial. O noso patrimonio cultural está moi pouco promocionado, ou mesmo esquecido. E dado que o temos repartido por todo o país, esa deslocalización permitiría xerar riqueza en moitísimos lugares do noso país. É unha aposta segura e territorialmente distributiva. E un exemplo sería o Parque do Pasatempo, pero existen moitísimos outros máis.

O turismo urbano, ter a posibilidade de pór en valor a tradición milenaria e os costumes ancestrais conxuntamente coas propostas e ofertas culturais de máis rabiosa vangarda das nosas vilas, constitúe tamén un plus. É unha oferta cunha gran *vis atractiva* dende o punto de vista turístico.

Pero indo xa ao concreto, o BNG está a favor de que se invista máis en Galiza por parte do Estado tamén no Xacobeo, mais buscando as cuestións que van servir tanto á poboación local como ao sector como ao propio turista, investimentos que perduren no espazo e no tempo. O BNG está a favor de que o Xacobeo e o turismo en xeral xeren máis oportunidades laborais, mellores infraestruturas para a sociedade e un mellor nivel de vida para a poboación local. Para o BNG o turismo non pode ser un gasto, ten que ser unha planificación de retorno económico, de canto se vai recadar por cada euro investido. No BNG cremos que sería moito



máis importante conseguir máis investimentos para Galiza noutras cuestións máis importantes para o noso futuro que no propio Xacobeo, mais tamén se pode aproveitar o Xacobeo para poñelas no primeiro plano do debate político a nivel de Estado. E así o BNG apoiaría sen dubidar a proposta que contén esta iniciativa do Grupo Parlamentario do PP se contemplanse cuestións concretas que mellorasen tanto o Xacobeo como a situación xeral doutras cuestións relativas ao turismo, como pode ser a internacionalización da Galiza con máis conexións dos aeroportos con capitais e cidades europeas e españolas, máis frecuencias de voos, remate do AVE a Galiza, financiamento do eixo Porto-A Coruña por ferrocarril, estratexia portuaria de grandes pasaxes, eliminación de puntos negros na mobilidade dos itinerarios xacobeos que percorren vías de titularidade estatal, mellora do patrimonio histórico no ámbito dos camiños, estudos de vías de ferris entre as illas británicas e Galiza, campañas de promoción do Xacobeo 2021 no primeiro nivel de promoción de Turespaña, ao mesmo nivel que o sol e a praia, un plan de reactivación do sector turístico galego.

Todo isto suporía, por un lado, pór en valor o noso e facer investimentos que provocasen un *feedback* para moitas zonas do noso territorio que se prolongaría no tempo en lugar de facelo de maneira puntual. Pero a ambigüidade e inconcreción da parte resolutiva, na que se limitan a reclamar unha cantidade a tanto alzado para promoción, sen explicar nada máis, fai difícil apoiála sen máis. E por iso entendemos a emenda do PSOE, que pide que a Xunta explique cal é esa planificación.

Pero non podo evitar enmarcar esta iniciativa e a emenda presentada polo Grupo Parlamentario do PSOE como un capítulo máis do que xa empeza a ser un cansino partido de tenis, no que o PP, naquilo que compete ao Estado, pide imposibles —precisamente para confrontar co Goberno do Estado— e o PSdeG o contrarresta con emendas como a presentada, que aínda tendo moita lóxica saben perfectamente inasumíbel polo Grupo Parlamentario do PP, probablemente porque esa planificación non existe ou aínda están a traballar nela. E creo que isto se está a converter nunha estratexia política perversa e improdutiva. Esta dinámica dos grupos parlamentarios do PP e do PSOE en nada beneficia a Galiza. (*Aplausos.*)

Nun momento como o que estamos a vivir, cunha pandemia de evolución incerta e cunha crise económica ás portas, da que creo que todos os que estamos aquí somos conscientes, esta espiral de confrontación política partidista no Parlamento entre o PP e o PSOE de Galiza paréceme pouco responsábel. E, sobre todo, creo que está a crear un hartazgo importante na sociedade galega. É totalmente lexítima a diverxencia política e ideolóxica, como lexítimo é o labor de oposición dos grupos deste Parlamento que non sustentan o Goberno, como é tamén lexítima a defensa da actuación do Goberno por parte do Grupo Parlamentario do PP. Pero creo que non podemos perder a perspectiva de ser conscientes de que o que esperan de nós as galegas e os galegos é que fagamos todo o que estea nas nosas mans para aliviar a delicada situación pola que están a pasar. Presentemos iniciativas que poidan ter efectos positivos na sociedade, iniciativas que faciliten o consenso. E iso pasa necesariamente por que o PP e o PSOE saian dese bucle de confrontación estéril no que se atopan.

Nós apoiaremos —aínda que ás veces, pola súa formulación e intencionalidade, nos custará— as iniciativas que no fondo sexan positivas para Galiza.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Vereá.

O señor VEREÁ FRAIZ: Grazas, presidente.

Señoría, o que é medible non é interpretable. Hai cero euros do Goberno central para o Xacobeo. Non hai partida específica, non hai orzamento directo para o Xacobeo.

Eu entendo que tiña un papel complicado vostede aquí. E ademais respecto a súa intervención. Era un papelón facer unha explicación racional, porque é o maior evento turístico nacional e non está sendo apoiado polo goberno de Pedro Sánchez. Non hai partida específica e non hai explicación. E, como dicía na primeira intervención, unicamente nos queda como conclusión —como conclusión terrible pero como conclusión— que é unha acción política deliberada contra Galicia e contra os galegos. *(Aplausos.)*

Díciolle, señoría, que respecto a súa intervención porque era complicada. Estou convencido de que é unha mestura de moito convencemento político pero tamén de certa disciplina de partido. Cústame máis —ou a min cústame máis— entender a posición dalgún compañeiro seu de partido —e refírome ao goberno municipal de Santiago de Compostela—. Hai aquí exalcaldes, hai aquí concelleiros, e a primeira obriga dun goberno municipal é defender a cidade, a vila, o pobo. E cando o goberno de Pedro Sánchez non está financiando o Xacobeo hai que saír aí fóra a criticar, hai que saír aí fóra a denunciar e hai que saír aí fóra a defender a cidade. O goberno municipal de Santiago de Compostela non o está facendo e, polo tanto, entendemos que non está sendo dilixente nesta ocasión e que está facendo deixación das súas funcións. Ímolo ver, ímolo ver ao longo dos seguintes meses, pero moito temo que fará como noutras ocasións, e a pouca dilixencia que tivo para defender a cidade teraa para sumarse aos investimentos da Xunta de Galicia no Xacobeo e na cidade ao longo do ano que vén.

A segunda obriga que ten un goberno municipal é aprobar uns orzamentos. O Concello de Santiago non ten aprobados os seus orzamentos. Aos cero euros de Pedro Sánchez haberá que sumarles os cero euros do Goberno Socialista de Santiago de Compostela. Non nos importa, señorías, non temos problema en defender sós este Xacobeo. Xa dixemos que é unha aposta política por convencemento, de convencemento político. Entendemos que vai ser ese gran catalizador das industrias turísticas, das industrias culturais, de todas as cadeas de valor asociadas. Hai 85 millóns de euros á disposición do sector, 85 millóns de euros que teñen detrás un respaldo político, un respaldo institucional e un respaldo orzamentario, pois, como dicía, por responsabilidade, a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario, van apoiar o Xacobeo.

Non imos apoiar a súa emenda porque entendemos que o que fai é desviar a atención do que é importante, o goberno de Pedro Sánchez non está apoiando o Ano santo compostelán e, polo tanto, non imos aceptar nin apoiar esa emenda. En definitiva, todos desexamos que o



2021 sexa o ano da saída da pandemia, o ano da recuperación económica. E esperamos que, da man do Xacobeo, esta tarefa complicada poida ser un pouco máis sinxela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vereas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 6076 (11/PNP-000697

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Realizar todas as actuacións precisas para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo das mans de grandes empresas, fondos de investimento e multinacionais que na actualidade sosteñen a propiedade e que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa, lonxe da mercantilización e a especulación na sanidade.

2. No inmediato proceder a adquirir a participación da que se desprende Acciona, empresa maioritaria até o de agora, da Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo.

3. Realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Novo Hospital de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas.

Eu voume sumar neste pleno ao espírito navideño. Non son tanto de desfrutar o Nadal senón o Aninovo, pero, bueno, para unha cousa á que se lle fai caso a Pablo Casado, voulles felicitar o Nadal tamén. Así que felicidades a todos e a todas, e tamén á Mesa —que creo que en todas as felicitacións que se deron onte non houbo á Mesa— e aos traballadores e traballadoras do Parlamento. E celebramos tamén —creo que niso coincidimos todos— o esforzo enorme que traballadores e traballadoras do sistema sanitario —especialmente por ser voceiro de



sanidade— fixeron este ano, cun recoñecemento, ademais, ao valor da ciencia, que é a que nos vai sacar deste problema. Coma sempre, a ciencia é a que nos vai sacar dos grandes problemas cos grandes avances. Así que, desexando que o 2020 quede atrás e o ano 2021 sexa o ano da vacina, pois que sexa o ano tamén da esperanza e do optimismo. (*Aplausos.*) Dicia Mario Benedetti que non hai vacina contra o optimismo, unha cita apropiada, probablemente, para o ano que vén.

O ano que vén é 2021, e 2021 curiosamente sería o ano en que Galicia tería en plenitude a titularidade e a xestión plena do Álvaro Cunqueiro, de Vigo. Ese era o proxecto para o novo hospital de Vigo que se asinou durante o goberno que presidía Emilio Pérez Touriño, o goberno do que os socialistas estamos moi, moi orgullosos —e son consciente de que tamén o Bloque Nacionalista Galego o é daquel goberno—. ¡Moi orgullosos! O ano que vén, o 2021, parecía lonxe, pero o 2021 non vai ser. ¿Por que? Porque o Partido Popular decidiu un modelo distinto. En 2009 *llegó el comandante y mandó parar*. E pasou o que pasou. ¿Que pasou? Pasou que se respondeu ao modelo previo. En Galicia viñamos —e hai que ir un pouco máis atrás— do modelo de fundacións privadas para financiar, construír e xestionar hospitais que deberan ser públicos. Pasou con aquelas fundacións —sobre todo cos hospitais comarcais—, que foron un fiasco, un desastre, un desastre de xestión e un desastre económico —moitas delas para colocar vía non-oposición algunha xente no sistema—. E foi un fiasco económico dun nivel de xestión ínfimo, horrible, que provocaron que aquel goberno de 2005, que entrou en 2005, tivera que facer fronte a indemnizacións, a pagos de débedas e a gastos acumulados nos caixóns para pasar esas fundacións ao servizo público. Iso é o que pasou cos hospitais convertidos en fundacións: que houbo que pagar probablemente o dobre do que poderían ter custado, porque alguén, ¡alguén!, tivo a idea de facelos fundacións. Aquel alguén, por certo, era o secretario xeral técnico da consellería que construíu as fundacións que foron un fiasco para a sanidade e a economía galega. Chamábase Alberto Núñez Feijóo, por outro caso, (*Aplausos.*) chamábase Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

Ese modelo, unha vez que pasou 2009 e cambiou o goberno en Galicia, volveuse retomar. Parouse o modelo público no Hospital de Vigo e construíuse un hospital concesionado a unha empresa privada. E isto foi o que pasou: un hospital que estaba proxectado para un investimento de algo máis de 400 millóns de euros —poñamos 450, para redondear—, con 1.200 camas, pasou a custar co modelo novo practicamente 1.400 millóns de euros —non é pouca cousa— e a ter 300 camas menos —1.400 millóns de euros, esta é a diferenza—. Aquel modelo tivo grandes beneficiarios. Non foi o sistema, non os pacientes e, dende logo, non a área sanitaria de Vigo. O proxecto do goberno de Emilio Pérez Touriño, con financiamento público, a Sociedade Pública de Investimentos, cambiou para que o PP definira un modelo no que ían construír e a concesionarse empresas privadas. Iso si, co aval da Xunta de Galicia. Se o negocio ía mal, pagaba a Xunta; se o negocio ía ben, ganaban as empresas; empresas que, cando o señor Feijóo fala de sanidade, frotan as mans e acaban por ser ordeñadoras do sector público, ordeñadoras do diñeiro público á custa da atención sanitaria, neste caso, dos vigueses e viguesas. (*Aplausos.*)

E isto é o que ocorre. Dende entón, asistimos aquí a explicacións peregrinas —agora que vai ser o Ano santo— diversas, falaces, sobre que unha sentenza xudicial —que non falaba de tal cousa— dixo que o hospital era público —que non o di, ¡que non o di!—, sobre que o



hospital é público porque a xente non paga —o cal é a aberración argumental máis grande que se pode dar neste debate— e outras peregrinas advertencias sobre algo que os papeis din que é así, que é que o hospital ten cotitularidade privada, e que a sociedade concesionaria é unha sociedade privada. E así se asinou. Hoxe, na área sanitaria de Vigo non existe ningún hospital plenamente público, de xestión pública e titularidade plenamente pública. (*Aplausos.*) E isto é unha anomalía. É a área sanitaria máis grande de Galicia. Vigueses e viguesas non teñen dereito agora mesmo a ir a un hospital plenamente público, de xestión plenamente público, de titularidade plenamente pública. É así, porque Povisa non o é e porque o Hospital Álvaro Cunqueiro non o é. E o Partido Popular argumenta sistematicamente que isto non é certo. Entón plantexamos algunha dúbida, a máis simple —para alguén moi simple coma min—: se é plenamente público, entón se practicamente a metade do hospital se vendeu en accións hai unhas semanas, hai apenas un par de meses, en realidade, ¿alguén está vendendo algo que é do sistema público? Porque entón hai unha estafa aí. Hai alguén vendendo algo que é do sistema público. Igual, seguindo esta historia, hai alguén que vai vender o Parlamento tamén a algunha empresa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que non dea ideas? Tamén é certo, tamén é certo (*Aplausos.*)

Vendo algunhas leis... En fin, non vou entrar. Non me quente que...

Pero a cuestión é: ¿como podemos negar que hai unha cotitularidade privada cando se vende unha parte do hospital? E este é o resultado, e é unha anomalía. Véndense as participacións nos hospitais. E isto é porque a Xunta de Galicia, nun modelo lexítimo —que non compartimos pero lexítimo—, ofreceulles a entidades empresariais ser copropietarias do Hospital de Vigo neste caso. ¿Que propoñemos? Propoñemos renegociar esa situación. Entendemos que hai contratos asinados —550 millóns de euros por pagar din os orzamentos, está nos orzamentos—. O Partido Popular cánsase de prometer cousas que non van nos orzamentos e agora negan as que si van, que son 550 millóns de euros que hai que pagar, máis o que hai que pagar porque está contratado así no inicio do proxecto do hospital —pagar cousas como a electromedicina, que hai que pagala todos os anos, que se está pagando dende o primeiro ano, o canon por electromedicina, que está concesionada—. ¡É que isto é a realidade! E o PP, facendo un exercicio de tenebrismo digno de Caravaggio, pois acaba dicindo aquí neste Parlamento que non é así, que isto é mentira —nunca dá ningún dato—. E entón, ¿a quen lle estamos pagando 550 millóns de euros ao ano?

Por certo, quedan por pagar hoxe e van quedar por pagar no ano 2021 —porque está nos orzamentos— máis cartos dos que se pagarían polo total do hospital cando no 2021 fose público. Van quedar máis por pagar dos que xa teríamos pagados polo pleno do hospital se o sistema de financiamento da construción do hospital fose público. Porque isto non é unha carretera, isto é un hospital.

E, polo tanto, nós o que propoñemos é renegociar, rescindir ese contrato dentro dos marcos que as cláusulas deben permitir —porque ten que permitirse—. E, ¿como podemos facelo? Pois en vez de seguir pagando un xuro do 8 %, como lle pagamos, e acordado con esa empresa —que ata acordamos canto lle pagabamos de interese, pouco menos que nos tiña que dicir con que cor había que asinar o documento—..., en vez de seguir pagando ese 8 %, renegociemos hoxe. Podemos afrontar ese crédito. Porque hai unhas condicións hipotecarias



moito mellores, unhas condicións crediticias mellores, porque hai unhas condicións financeiras mellores, e porque, ademais, as empresas están vendendo esas participacións. ¿Por que a Xunta de Galicia non se plantexou en ningún momento, cando Povisa se ofreceu á venda, ou cando esta parte do Hospital de Vigo se ofreceu á venda, entrar a puxar? ¿Por que, se é financeiramente máis barato? Xa non ten que ver con que obviamente a asistencia sanitaria é claramente máis eficiente se a xestionamos directamente desde o sistema público —polo menos iso defendemos os socialistas, e o é, é evidente—. Pero unicamente por unha cuestión económica imos pagar moitos máis cartos con este sistema. ¿Por que o Goberno da Xunta de Galicia está insistindo en non reverter un sistema que lle está dando financiamento extra fantástico a Acciona, agora a un grupo francés, noutro momento a outros empresarios? ¿Por que, se é posible facelo? E isto é o que propoñemos nós.

Propoñemos saber como está o acordo, propoñemos estudar todas as fórmulas e propoñemos escoller unha fórmula que nos dea a posibilidade de pagar menos para ter xa un hospital plenamente público. E despois afrontaremos a realidade de Povisa, que é necesario afrontala para que ao final, no menor tempo posible, teñamos o que necesitamos e o que nós cremos que é necesario: que os vigueses e viguesas, a área sanitaria de Vigo, teñan unha asistencia plenamente pública e uns centros plenamente públicos, de titularidade plenamente pública, con persoal público e xestión pública. E este é o obxectivo e este é o debate. Non hai máis debates ca estes.

A cuestión está en por que o Partido Popular non quere resolver unha cuestión que financeiramente é mellor, que sanitariamente é mellor e que eliminaría empresas privadas da xestión da sanidade pública. Esta é a pregunta. E nós, que sabemos que noutros momentos o Partido Popular votou en contra, propoñemos novamente isto agora que a realidade desbotou calquera argumento falaz e peregrino sobre o feito de que a titularidade do hospital público é plenamente pública. Porque, se non é así, alguén está vendendo bens do Sergas, e pouco menos que acabarán vendéndose nun mercado en Bangkok ou en Hong Kong, no mercadillo da calle. Iso é o que vai acabar pasando co hospital. Entón acabaremos sabendo que no noso hospital se están tomando decisións en ¡sabe Deus que lugar do mundo! E non é a nosa proposta. Nós propoñemos renegociar ese contrato, propoñemos revertelo. Están os números enriba da mesa. Nós temos a capacidade de ofrecerlle á Xunta de Galicia a contabilidade feita por xente que sabe perfectamente do tema, e somos quen —e este Goberno pode ser quen, se quere— de acoller esa solución e ter menor gasto para ter un mellor hospital plenamente público e de xestión plenamente pública. E iso é o que traemos á votación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Grazas, señor presidente.



Hai momentos na vida nos que se nos presentan diante do nariz oportunidades para mellorar precisamente as nosas condicións de vida. Normalmente estas oportunidades si que é certo que veñen da man dun esforzo e dun traballo previo, pero hai ocasións nas que reina a casualidade. E hoxe preséntasenos unha desas. Tamén é certo que, para que esas oportunidades triunfen, non abonda con que aparezan, senón que se precisa a vontade de collelas e de tornalas reais.

Dicía que a oportunidade que temos hoxe diante de nós é a oportunidade de darlle á area sanitaria de Vigo a sanidade pública que precisa. E para iso é preciso tomar decisións ante a participación —da que Acciona se desfixo— da sociedade concesionaria do novo Hospital de Vigo. Esta participación supón máis do 40 % das accións e pode permitir iniciar a reversión á titularidade pública deste hospital. Iso si que ía ser unha verdadeira aposta pola sanidade pública e non ir chantando letreiros luminosos que poñan «hospital público» na cima de cada edificio. (*Aplausos.*)

E falo de recuperar a sanidade pública que Vigo precisa porque, se hai unha palabra que define a situación da sanidade desta área, é a do esperpento. É unha área sanitaria que lle presta asistencia a máis de medio milleiro de persoas e que pivota sobre dous grandes centros que non son públicos. ¡Non son públicos! Por moito que algúns se emperren en dicir que o Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, é un hospital público, o certo é que non o é. E por iso este ano o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza obriga ao aboamento do IBI, cousa que non sucedería se verdadeiramente este fose un centro sanitario público. E unha mentira, por moito que se repita cen mil veces e outra máis, non se converte en realidade.

O Álvaro Cunqueiro foi construído cunha colaboración público-privada, unha construción que, por certo, inicialmente se estimaba ao redor de 400 millóns de euros e que finalmente acabou por adxudicarse por máis do triplo, e nun proceso que non foi de libre concorrência e que se caracterizou por ser opaco e falto de transparencia. Froito destas decisións temos agora un canon que hai que aboar á concesionaria e que se vai prolongar durante vinte anos desde que o hospital comezou a funcionar; un canon que non existe xa só para cobrar o investimento que se realizou na súa construción e os seus intereses, senón que tamén se utiliza para a xestión de servizos non sanitarios, un canon polo que se aboan máis de 70 millóns e que van directos aos petos dunha concesionaria cada ano.

Ademais, se algo caracterizou este hospital durante o curto período de vida que leva, é a mala xestión que a concesionaria fixo del e que continúa a facer del. Resulta inconcibible que nun contexto de pandemia como o actual existan hoxe denuncias das traballadoras nas que se sinalan eivas en numerosos servizos do hospital, e nomeadamente no de limpeza, porque non contan co persoal suficiente. Falamos de que os baños do persoal sanitario non se están limpando en fin de semana, de que os baños públicos só se limpan unha vez ao día, e que non se adoptaron medidas organizativas para evitar a limpeza cruzada de espazos atinxidos por covid dos que non o están. Resulta escandaloso que isto suceda hoxe nun hospital que algúns aínda se emperren en dicir que é público.

E isto é o que pasa cando lles cedemos o control ás empresas privadas de aspectos tan fundamentais como pode ser a limpeza dos centros sanitarios; a empresas privadas, que só bus-



can a maior rendibilidade económica por medio da política de abaratar custos e de precarizar servizos. Resulta totalmente perverso que algo tan prezado como é a saúde dunha poboación dependa dunha empresa privada que ten como obxectivo o seu lucro económico.

Comecei a miña intervención dicindo que hai que saber aproveitar as oportunidades que se presentan, pero tamén é certo que este non é o estilo do goberno do Partido Popular, porque xa o ano pasado tivo a oportunidade de mercar o hospital de Povisa, de incorporalo á rede pública, e non o fixo. E aquí estamos hoxe, con Povisa en mans dun grande grupo norteamericano, con todo o que isto supón de precarización de servizos —como estaba dicindo—, e que mentres tanto se continúa a financiar con diñeiro público. Deixaron a atención sanitaria de máis dun milleiro de persoas da área de Vigo en mans dun fondo voitre; atención sanitaria que, ademais, xa denunciámos en varias ocasións que está claramente deteriorada, como, por exemplo, se pode ver coa falta de persoal que padece este hospital e que pon as pacientes nunha situación de inferioridade respecto das doutras zonas do país.

Desde o BNG mantemos a posición de que os modelos de colaboración público-privada e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua de calidade asistencial para a poboación e ademais a perda de postos de traballo e unha maior precariedade laboral. Ademais, estes modelos de colaboración xeran situacións de grande opacidade e falta de transparencia no control da xestión da sanidade, así como unha perda de dereitos para a poboación e, en consecuencia, da súa calidade asistencial.

Pero nunca é tarde e hoxe volvemos ver como o tren se volve achegar para pasar por diante da porta. Atopámonos a día de hoxe con que Acciona —a empresa que mantiña a maioría das accións da sociedade concesionaria— se desfai delas en favor dun fondo de investimento francés, aínda pendente de diversas autorizacións. Esta é unha oportunidade que desde o BNG consideramos chave para comezar o proceso de reversión do Cunqueiro a unha titularidade totalmente pública. E deste espírito tamén vén a nosa emenda. Estamos nun momento chave para a sanidade pública galega, inseridas en non sei xa moi ben como denominar esta situación, se como a segunda onda da pandemia ou directamente como mar picado, pero estamos albiscando que unha vez que consigamos controlar a infección imos ter por diante outra gran crise, con toda a cronicidade que a covid xerou, con toda a cronicidade que non se atendeu debidamente durante o momento máis duro da pandemia, e con toda a atención á saúde mental que vai ser precisa nun contexto extremadamente complexo a nivel económico e a nivel social. E o que non podemos permitir, o que non pode permitir o pobo galego, é ver novamente como o tren se afasta mentres nós quedamos outra vez en terra e coas mans baixas. Non pode ser o momento de quedar só nas avaliacións e nas análises, cómpre dar un paso á fronte e facer unha aposta decidida pola sanidade pública deste país. É o momento de que a Xunta de Galiza actúe verdadeiramente como goberno do país que é e deixe de ser simplemente un mero intermediario entre grandes grupos económicos e multinacionais.

É preciso que actúe para rescatar o hospital do capital privado facéndose coa participación da que Acciona se desprende para converter o Álvaro Cunqueiro no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa. E de non facelo, de non apostar por esta



compra, finalmente o goberno do Partido Popular acabará por retratarse novamente como un inimigo da sanidade pública en vez de como o seu máis grande defensor.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

A construción, apertura e posterior posta en marcha do hospital público Álvaro Cunqueiro, de Vigo, é na última década o maior exercicio de hipocrisía política e engano constante en Galicia por parte do BNG, do PSdeG e de En Marea —hoxe ausente e desaparecida deste Parlamento—. E, polo visto, non ten fin, non ten fin. Esta serie de ciencia ficción chea de mentiras e de falsidades segue, e vostedes seguen coa matraca.

Mire, primeiro vou rapidamente aclarar catro cousas nas que insisten na exposición de motivos e que non son certas —despois de moitas mentiras das que vou falar despois—.

O número de camas. Sabe que hai capacidade para máis de 1.000 camas, sábeo perfectamente.

O proxecto. O proxecto básico do que falan non se modificou. Pasou unha cousa: o PP pasou da maqueta ao hospital, iso si que pasou.

O orzamento. Fan vostedes as contas do gran capitán, diferencian entre presupostado, licitado e contratado, e dos 550 millóns dos que falan non digan que son só para a construción, porque serán tamén para equipamento, mobiliario e para a súa reposición.

A titularidade pública do Álvaro Cunqueiro. O Álvaro Cunqueiro é un hospital público. A norma xurídica que sustenta o contrato dese hospital é a Lei estatal de contratos do sector público, do Partido Socialista. E ese mesmo sistema utilízano vostedes no hospital balear Can Misses, liderado polo socialista Thomàs Vicenç, o principal valedor dese hospital e actual presidente do Parlamento. Quería saber se vostedes presentan estas PNL tamén nese parlamento.

Mire, eu son de Vigo, teño xa máis de 40 anos, e por usuaria ou por visitas, coñezo claramente, coñecín, o «Pirulí» —o antigo Comandante Vierna—, o Meixoeiro, Povisa e o Álvaro Cunqueiro. Teño coñecemento, como moitas deputadas de Vigo que están neste hemiciclo, da realidade sanitaria desa cidade. Vigo necesitaba un hospital, ¡Vigo necesitaba un hospital! E vou falar do Bipartito, porque vostede sacou peito aquí do Bipartito —que cren que debe—



mos de esquecernos del, e non, porque, miren, hai que falar do que fixo o PSdeG e o BNG no Goberno e do que fixeron na oposición, que non sei o que será máis grave—.

Mire, aquel goberno prometeu dende que chegou un gran hospital en Vigo, unha necesidade, por certo, que xa plantexara Manuel Fraga na última lexislatura, que xa estaba enriba da mesa. Prometeron, pero nada, ningún feito. Vimos maquetas, maquetas marabillosas, maquetas con cartos públicos que estaban a 150.000 euros o centímetro cadrado —creo que máis ou menos serían dese prezo—; unhas maquetas que vostedes presentaban, con despliegue de cargos públicos do Partido Socialista en Lugo, en Vigo..., maquetas de hospitais. Había cartos públicos do Bipartito para maquetas; pero cartos públicos para hospitais, ¡cero!, nin un euro consignado para un hospital durante o Bipartito. (*Aplausos.*) ¿Melloraron a calidade asistencial aquelas maquetas? ¿Fixéronlle algún ben á sanidade pública aquelas maquetas? Non, definitivamente non. E por iso no 2009 os galegos outra vez apostaron polo Partido Popular e Alberto Núñez Feijóo consegue a súa primeira maioría absoluta —a primeira de catro, por certo—. Mire, un dos seus compromisos firmes e claros con Vigo era facer un hospital, tíñao clarísimo, repetiuno na campaña. E a pesar da crise que se aventuraba, a pesar da minoración nos orzamentos nas comunidades autónomas, quixo facer ese hospital. A prioridade eran as persoas e os vigueses, a prioridade era apostar pola sanidade pública e deixar as maquetas a un lado.

Buscáronse fórmulas, e no ano 2010 —non levaba nin un ano no Goberno— pasamos das maquetas ás obras. No 2010 pasamos das maquetas a un verdadeiro hospital, e os cartos públicos que antes se dedicaban a maquetas, comezan a dedicarse á sanidade. Os cartos públicos comezan a dedicarse á construción dun hospital, e comeza xa, ademais, o clímax da serie de ciencia ficción da oposición, do Bloque Nacionalista e do PSOE dende a oposición. Foi comezar as expropiacións e comezar as obras e comeza a gran campaña antihospital público de Vigo, ¡a gran campaña antihospital público de Vigo!, negándoo todo, inventando cada día unha historia falsa sobre o que ía ser ese hospital cando aínda estaba nos cimentos, unha campaña de mentiras, de falsidades ao redor do novo hospital de Vigo e que xeraron moita confusión. Xeraron moita confusión, claro que si, pero o tempo dá e quita razóns.

Mire, twitter era un fervedoiro de mentiras. Ese «ministerio da verdade», que din vostedes, é que hoxe non soportaría ningunha das mentiras que vostedes estiveron dicindo durante cinco anos sen parar. Mire, as primeiras trabas, boicots e mentiras son as do propio Concello de Vigo. Eu creo que calquera alcalde do mundo, cando lle levan un hospital á súa cidade, poría unha alfombra vermella. O alcalde de Vigo dixo «non», foi o primeiro en dicirlle non ao hospital. Se fose polos socialistas e polo alcalde socialista, o seu amado Abel Caballero, Vigo hoxe non tería hospital, (*Aplausos.*) estaríamos no pirulí, (*Aplausos.*) ¡estaríamos aínda no pirulí! (*Aplausos.*) ¡Si, señor, repasen a hemeroteca e repasen as declaracións! (*Aplausos.*)

Convén facer este percorrido, é importante. Mire, comeza, por tanto, no 2010 esa historia de hipocrisía política, esa campaña antihospital, un guión de ciencia ficción artellado por BNG, PSOE e En Marea; con protagonistas da política de esquerdas relevantes dicindo frases que poden hoxe comprobar, tales como esta: «Van cobrar por durmir no sillón da habitación» —mentira—; «O hospital vai ser privado» —mentira—; «Van cobrar a comida» —mentira—; «Está cheo de ratas» —mentira—; «Reduce a súa capacidade á metade» —men-



tira—; «Vanlles impoñer copago aos pacientes» —mentira—; «A falta de laboratorio vai matar a xente» —mentira—; «Os médicos cobrarán por dar altas» —mentira, mentira e mentira—. (*Aplausos.*) ¡Tantas mentiras! ¡Tantas mentiras! (*Aplausos.*)

Mire, a pesar de todas esas mentiras, que, como digo, non soportarían nin unha liña do seu ministerio da verdade, a pesar de todas as mentiras, o xigante ía crescendo, o hospital ía crescendo, ía medrando e realmente soporou todo iso. Agora din vostedes que queren renegociar. Pero renegociar ¿que?, renegociar ¿que?, se non son de fiar, se están mentindo permanentemente. (*Murmurios.*)

Mire, teño que referirme ao alcalde socialista de Vigo, porque unha vez construído o hospital —quero que o saiban tamén, porque igual non o saben— Abel Caballero negoulle a auga a un hospital, Abel Caballero negoulle a luz, Abel Caballero negoulle os accesos a un hospital na súa propia cidade —e repítooo porque iso é verdade, poden ir vostedes repasar a hemeroteca—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A pesar de todo, o compromiso de Feijóo e da Xunta de Galicia coa sanidade de Vigo era firme, e no ano 2015 o Hospital Álvaro Cunqueiro foi unha realidade. (*Murmurios.*) E vostedes, co único obxectivo de sacar a Alberto Núñez Feijóo —que fixo por fin un hospital— e de sacar o Partido Popular da Xunta, convencen a milleiros de persoas para saír á rúa —contándolles esas mentiras que eu dixen—. Porque xerou confusión. A min convocáronme a esa manifestación como viguesa, a min convocáronme tamén a esa manifestación. E logran sacar milleiros de persoas á rúa.

Pero en vésperas das eleccións autonómicas, en maio de 2016, cando queren repetir ese fito quedan sós, quedan na metade, quedan os nostálgicos, os do seu partido e as persoas que van en contra do Goberno da Xunta, e non todos os usuarios do hospital nin os vigueses que saíron enganados. (*Aplausos.*) Miren, ¿saben por que quedaron sós no 2016? Porque xa non había como agochar as mentiras, porque o hospital botou a andar e botou a andar de balde, sen cobrar sillóns nin comida nin copagos, sen ratas, sen pantasma... ¡Señores, un hospital novo, exemplar, moderno, comfortable, amplo e público! (*Aplausos.*) ¡Un hospital público novo en Vigo! (*Aplausos.*)

E seguen coa matraca do Álvaro Cunqueiro e seguen cos boicots. Porque teño que dicirlles que en Vigo a estrada municipal que vai ata o Álvaro Cunqueiro está sen rematar, está mal iluminada, non ten beirarrúas. E un veciño que viva en Beade, Valadares ou Bembrive, que está a 100 metros do Cunqueiro, ten que coller un transporte municipal ao centro da cidade, á praza de España, e subir despois ao Cunqueiro porque non ten liña de transporte público axeitada. Porque o alcalde, na praza do Rei, vive á marxe do Cunqueiro. Dálle igual o Cunqueiro, só lle importa para unha cousa: para facer fotos ao lado do ministro, porque só non vai, (*Murmurios.*) vai co ministro, el só non o pisa, pero co ministro, si. É unha hipocrisía tan grande —de verdade, dígoo de verdade— que ningunha deputada que viva en Vigo esa realidade será capaz de dicir aquí que non é certo o que estou dicindo hoxe.

Miren, señorías, quixeron facer do Cunqueiro unha arma política. Seguen utilizando o Cunqueiro como unha arma política. Súmense xa á grandeza que supón un hospital coma este. Porque, miren, estamos, de verdade, nun momento de pandemia. ¿Saben que sería de nós nesta pandemia sen o Álvaro Cunqueiro? Os médicos creo que o saben, os médicos deste hemicycleo creo que o saben. ¿Danse conta de que non se terían salvado tantas vidas na covid-



19 se non tiveramos esa infraestrutura? Habilitáronse noutras cidades pavillóns municipais con camas, que non é só o persoal —que é fantástico— senón que é a propia infraestrutura. ¿Son conscientes do momento no que estamos e do papel tan importante que xoga o Cunqueiro en Vigo e en Galicia, o Hospital Público Álvaro Cunqueiro?

Mire, ¿por que o ministro Illa escolleu Vigo e escolleu ese hospital como exemplo de España, e ademais acompañado, claro, do alcalde, que tivo que sumarse á fotografía? Elixiuno, ademais de para presumir e dicir que era un laboratorio exemplar, porque o Hospital Álvaro Cunqueiro é todo o que dixemos que ía ser, e incluso mellor. ¡Esta bancada dicía a verdade, mentres esa bancada non facía máis que mentir! *(Aplausos.)* As mentiras no ataque a Feijóo, as mentiras no ataque á sanidade pública non funcionaron ante os feitos. Dígollelo aos señores Abel Caballero, Gonzalo Caballero, aos señores do Bloque Nacionalista Galego e aos señores de En Marea. Sigán na negación, sigán instalados na negación ao hospital.

E o que din de que é un sistema de xestión que lles sae máis caro aos galegos non é certo. A asistencia sanitaria é pública, o Álvaro Cunqueiro é público e corresponde ao Sergas ao cen por cento no dereito de propiedade. Estean orgullosos de pagar unha sanidade de tanta calidade cos seus impostos, estean orgullosos dunha vez. A externalización de moitos dos servizos non tería que ser obxecto de debate. ¡Se vostedes nas deputacións e nos concellos son os campións das concesionarias! *(Aplausos.)* ¡Unha hipocrisía! *(Aplausos.)* ¡Unha hipocrisía, de verdade! *(Aplausos.)*

Remato.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Remato, presidente.

Dixen ao principio que na última década o maior exemplo de hipocrisía, de engano político descarado vivido en Galicia —de verdade, descarado— escríbese ao redor do Álvaro Cunqueiro, coas falsidades do PSdeG, do BNG e de Podemos. Creo que xa é hora de que pidan desculpas por un hospital tan necesario neste momento para Vigo e para Galicia.

Bo Nadal e saúde a todos. *(Fortes aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o ton e a intervención do BNG. Xa o adianto: teño unha confusión coa emenda, en primeiro lugar, porque non entendemos en que cambia a iniciativa e, por tanto, tampouco entendemos a súa presentación. Hai un punto, si, que é adquirir de



inmediato... Bueno, hai un debatiño sobre iso. Primeiro ten que querer vender o propietario. Dígoo porque non se pode ir expropiando por aí adiante, pola vida. Así que tampouco o entendemos moi ben. Agradecemoslle, iso si —visto o ton no pleno— que non fose unha emenda contra o Goberno de Madrid. (*Murmurios.*) Porque, bueno, vista a historia, tamén... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Pero bueno!, sen malicia... Dicia Tódorov que a mellor maneira de empatizar co outro é intentar buscar o que se acorda, e entendendo que están nese proceso co PP, buscando os puntos en común para saber tamén como atacar o rival político, que non é... Pero, en todo caso, agradecemos o ton e sabemos que compartimos a idea da iniciativa.

E ao Partido Popular: da proposta ¿que? (*Fortes murmurios.*) ¿Non? Porque, como falou vostede de todo menos da proposta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Era porque non me quedara claro. (*Murmurios.*) ¡Vale, vale, vale!, da proposta non. ¡Vale!

Dígoo por algunhas cousas que se dixeron que son moi interesantes. En primeiro lugar vou citar o señor Vereja —que non está—. Dixo antes algo moi atinado: que o que é medible non é interpretable —e creo que é unha paráfrase de Galileo, se non me equivoco—. Está moi ben, o que é medible non é interpretable. Vaíamos medir, e dígoo porque vostede citou aquí varias cousas, e, coma sempre, o resultado electoral. Pero na mesma historia mete o resultado electoral e a crítica a Abel Caballero. Dígoo porque vostede en Vigo, se ten que dar a validez polo resultado electoral e quere criticar a Abel Caballero, igual iso ten que facelo mirar. (*Aplausos.*) ¡Igual hai que facelo mirar! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A ver!, que é lexítimo, é lexítimo... Quero dicir que o que é medible non é interpretable. Vostede citou o resultado electoral e falou de Abel Caballero. ¡Está ben! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non se preocupen, déixenme falar. ¡Se non pasa nada! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Che, che, che..., que estamos terminando xa! ¡Estamos terminando! (*Murmurios.*)

Vale, entón, a partir de aí, se o que é medible non é interpretable... (*Fortes murmurios.*) —señor presidente, se eu sei que vostede está moi interesado neste debate, ademais—.

Se o que é medible non é interpretable, e é mentira todo —porque dixo que é mentira pero non dixo o que é mentira— (*Fortes murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Pero con algún dato, se é posible, porque vostede citou que é mentira incluso a cantidade da que falamos, que se non era a cantidade... ¡Bueno, está ben! Imos intentar ir por tres cousas: primeiro, a cantidade pola que se contratou; se a quen se lle contratou e se lle concedeu é a unha empresa privada ou é de titularidade pública; e, terceiro, a venda real que se fixo hai pouco dunha parte.

Sobre a venda real, Acciona vendeu —448 millóns de euros custou a venda de case a metade do hospital—. Se é plenamente público, hai alguén vendendo un hospital. Téñanlle coidado á cousa, hai alguén vendendo un hospital. Non se pode argumentar na mesma frase que é plenamente público e que hai unha empresa vendendo a metade do hospital. Iso non se pode.

Sobre a segunda cuestión —sobre a cantidade—, mire, teño algo diante que é moi interesante, e di unha cantidade: 1.378 millóns de euros. (*O señor Torrado Quintela amosa un documento desde o estrado.*) É un contrato. É un contrato —e así resolvemos dúas cousas— a unha empresa



privada que se chama «Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo» —que vostedes negan sistematicamente porque din que non se contratou unha concesionaria, que non se lle concedeu—. Este é o contrato —daríallo ao presidente pero sei que xa o teñen—. Entón están vostedes negando que exista un contrato. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, a ver, eu non son tan listo coma vostede, señor Pazos, pero sei ler. *(Fortes murmurios.)* Sei lelo. ¡Moi ben! *(Murmurios.)* Podo ler o CIF da empresa, e vou ler outra vez a cantidade: 1.378 millóns. É máis... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, home!, ¡claro que imos ler os servizos! Lemos os servizos que se dan a outros hospitais. Vostedes firmaron un contrato sobre o Hospital de Vigo e concederon servizos noutros hospitais de Vigo —curiosamente tamén en Po-visa—.

Así que, se vostedes queren negar que hai unha empresa vendendo a metade do Hospital de Vigo, teñen un problema, porque entón alguén está comprando algo que non existe e alguén está vendendo algo que non existe. Así que, a partir de aí, se vostedes son capaces —se son capaces—, expliquen como é posible que haxa un hospital ¡plenisimamente público! e a partir de aí que haxa alguén vendendo. E, dito isto —e chamando outra vez ás boas vontades do Nadal, e intentándoo, aprenderei a ler como me di o Partido Popular—, lémbrolles que os 550 millóns que están aí nos orzamentos pendentes de pago non son por servizos, porque figuran na partida de canon. Por tanto, non son de servizos, *(Murmurios.)* os servizos van amais. Así que vexamos ben a que lle chamamos canon e a que lle chamamos servizos.

Chamando a todos a unhas boas festas —e lembren que está ben cumprir as normas, señor Feijóo, de vez en cando, aínda que sexa de vez en cando— *(Fortes murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*, a ver se entre todos pode ser que o ano que vén sexa o mellor ano posible dentro das circunstancias. *(Fortes murmurios.)* E, a partir diso, creo que entre todos seguro que estamos de acordo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...en que o ano que vén vai ser mellor ca este. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Trallemos para iso. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Deséxolles un bo paso de ano a todos.

Moitas grazas e bo ano. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Fortes murmurios.)



¡Un pouco de calma, por favor! ¡Un pouco de calma! (*Murmurios.*) ¡Espírito navideño! (*Murmurios.*) Poñámonos en calma. (*Murmurios.*)

Hai que votar, que é o máis importante. (*Murmurios.*)

¡Tranquilidade, por favor! Imos votar. Levamos aquí días e xa empeza un a estar... (*Murmurios.*)

Imos tomar isto cun pouco de calma; se non, isto... ¡meu Deus! Aínda queda a tarde, ¡eh!

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos *Yes Generation...*, perdón *Next Generation*. (*Risos.*) Eu son moi galego nisto. (*Risos.*)

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O señor Tellado Filgueira pide a palabra.*)

Si, señor Tellado, ¿para que quere a palabra?

O señor TELLADO FIGUEIRA: Queremos pedir a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Puntos? Pero ¿trátase de separar algún ou...? ¿Cantos puntos son, señora Presas? (*A señora Presas Bergantiños responde desde o escano.*) ¿Tres?

¿Quere separar os tres? ¿Como? ¿Votación separada do 1 e do 2? (*Murmurios.*) ¿Do 2? ¿Só do 2?

Separamos o punto número 2. Votamos, en primeiro lugar, o punto número 2.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos Next Generation.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 2 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos; é dicir, o 1 e o 3.



Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos Next Generation.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1 e 3 da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás.

Non se aceptan as emendas presentadas polos grupos.

(O señor Puy Fraga solicita a palabra.)

Si, señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Si, señor presidente. Nós queremos pedir tamén a votación separada, e separar os puntos relativos á cesión a Galicia da xestión do pazo, do uso combinado das figuras de Pardo Bazán e de quen espoliou o pazo, e tamén por separado, e neste bloque, o da homenaxe ás asociacións da memoria que ao longo do tempo loitaron pola recuperación de Meirás.

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, ¿acepta vostede? *(Negación do señor Bará Torres.)* ¡Home!, estamos na Navidad, ¿non é posible? *(Risos.)* ¿Nesta proposta tampouco? Non. Bueno, mala sorte. *(Murmurios.)* Non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a aprobación e o establecemento polo Goberno galego dun protocolo de actuación específico para os casos de positivos en covid-19 entre as tripulacións dos barcos que cheguen aos portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Elena Candia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas. Estaba pendente unha transacción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Déanlle voz ao escano.

A señora CANDIA LÓPEZ: Se me permite, darei lectura ao acordo de transacción co BNG.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para demandar ao Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

Incrementar a dotación das compensacións por CO₂ indirecto no 2020 ao máximo permitido.

Eliminar o imposto de xeración do 7 %.

Analizar a posibilidade, coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de modificar as peaxes para abaratar o prezo eléctrico e reducir o diferencial co resto de Europa. Ademais, Galicia solicita que se repoña o servizo de interrompibilidade mentres non se resolva o establecido no punto 4 deste acordo.

Aprobar o Estatuto de consumidores electrointensivos coas alegacións presentadas polo sector e pola Xunta de Galicia, marcando así a folla de ruta para dispor a medio prazo de medidas similares ás que a industria desfruta en Alemaña ou en Francia.

Eximir dos cargos de financiamento das renovables e da coxeración as industrias cun gran consumo enerxético.

Implementar no menor tempo posible os mecanismos que substitúen as poxas de interrompibilidade, como a reserva estratéxica de resposta rápida, completando as singularidades da industria altamente consumidora en enerxía e procurando unha pronta apertura dos prazos da convocatoria.



E, en último lugar, revisar a consideración de industria electrointensiva, de forma que se recolla adecuadamente o carácter altamente dependente da enerxía do tecido galego, pois o estatuto aprobado desvirtúa a condición de electrointensiva.»

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Borja Vereá.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano xacobeo 2021 en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Continuamos a orde do día, coas interpelacións.

Interpelación de D. Daniel Castro García e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as porcentaxes de expansión da banda larga

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Bo día, moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Hoxe traemos ao Pleno o tema da banda larga, despois de levalo varias veces á Comisión 6ª por diferentes motivos. Mais este feito non quita que sexa necesario seguir debatendo e falando sobre este tema. E isto é por dúas razóns: porque hai que seguir debatendo xa que hai moito traballo que facer, e tamén porque desgraciadamente hai moito traballo que non se fixo. E é que, como levamos vendo, ao longo dos meses de pandemia, a covid, ademais de crear moitísimos problemas —moitísimos, por suposto—, acrecentou outros e fíxoos máis palpables. No caso do que imos falar, a banda larga, máis ben acrecentounos. E digo que os acrecentou porque estas eivas, as eivas que temos en conexión, en dixitalización, en tecnoloxías en xeral, xa viñan de antes, xa viñan de antes do mes de marzo do 2020, cando comezou todo isto. Tanto o alumnado como os traballadores como as empresas xa sufrían o punto de partida tan malo no que este país estaba.

Pero, claro, ¿que pasou? Que chegou a covid e puxo á vista de todos os galegos e galegas o mal que estabamos, mostrouse isto moi duramente. Mostrouse no estudantado que non podía recibir aulas telemáticas, ou no que se tiña que desprazar a outros sitios para poder recibir aulas telemáticas. Mostrouse tamén no estudantado que tiña que moverse de vila, incluso de casa en pleno confinamento, para poder realizar exames telemáticos. Mostrouse na clase traballadora galega, que ás veces lle era imposible poder teletraballar, nun longo, longo etcétera.

E isto ¿a que se debe? —porque a isto é ao que hai que ir—. Pois débese a un montón de cousas, pero imos hoxe anunciar dúas, ás que a Xunta de Galiza non fixo caso ningún, nin da Unión Europea pero —o que é peor— nin dos seus propios plans. Ou sexa, a Xunta de Galiza non se fixo caso a si mesma. E agora vouno explicar nunha breve cronoloxía.

En primeiro lugar, non cumpriu o obxectivo marcado pola Unión Europea de chegar a un cento por cento de implantación da banda larga no 2020. Pero, bueno, iso digamos que non



é que sexa entendible, porque tiveron moitos anos para facelo, pero en comparación co seguinte, aínda bueno, o nivel diminúe. Porque o máis sangrante é que a Xunta de Galiza incumpriu os propios plans de banda larga da Xunta de Galiza. E imos comezar polo primeiro.

Comezamos polo Plan de banda larga 2010-2013, e vou dicir as propias palabras da Amtega, non son palabras miñas: «O Plan de banda larga de Galicia 2010-2013 busca posibilitar o acceso á banda larga a toda a sociedade galega como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia, situándoa entre as rexións de referencia no desenvolvemento das novas tecnoloxías e infraestruturas para a sociedade da información.»

Parece ser que para o 2013 non foi, non chegou, e entón probouse co seguinte, que se chamou Plan de banda larga 2020. E de novo vou volver ler o que dicía a propia Amtega: «O Plan de banda larga 2020, aprobado o 1 de outubro do 2015 no Consello da Xunta, asume os obxectivos establecidos na Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100 Mbps».

De novo, moi boas palabras, con obxectivos eu penso que compartidos por todos e todas os que estamos aquí. Ogallá se cumprisen, pero á hora da verdade pois como que non, non se chegou outra vez. E entón, rematamos co novo, este está recén creadiño, saíu do forno hai nada: a Estratexia Galicia dixital 2030. O nome é máis bonito, o nome está máis traballado, a verdade, e no que, ademais de falarse dunha Galiza conectada, de intelixencia artificial e de ciberseguridade —moi importante, por suposto, é imposible negalo—, Amtega indicaba o seguinte tamén: «Feijóo incide na conectividade dixital co obxectivo de acadar o cento por cento de cobertura con redes de 100 Mbps no 2025 e conseguir unha Galicia máis integrada e conectada».

¡A ver!, non é porque desde o BNG non queiramos que isto non se cumpra, que ogallá jeh!, jogallá! Pero vendo o historial en materia de conectividade do Goberno de Feijóo, eu polo menos sería un pouquiño máis cauto, porque quizais quedaría nun canto ao sol. Pero, bueno, dende o BNG desexámoslle a mellor das sortes, porque, se isto se cumpre, será un grande avance para o noso país.

Mais agora imos ao serio. Despois destes once anos de plans de banda larga e políticas ba-leiras, ¿que é o que realmente se esconde?, ¿que é o que hai detrás?, ¿cales son os datos reais? Imos dicir os seguintes. Primeiro imos comezar por cobertura segundo a tecnoloxía empregada —datos do Ministerio do ano 2019—.

Cobertura por ADSL igual ou maior a 2 megabites por segundo, ningunha panacea —creo que isto non é nin ao que queremos chegar, nin moito menos, aquí creo que o compartimos todos e todas—: media galega de cobertura, 70,02 %; media estatal, 89,64 % —Galiza no último posto do Estado español—.

Cobertura por ADSL igual ou maior a 10 megabites por segundo: media galega, 52,71 %; media estatal, 71,56 % —Galiza outra vez no último posto do Estado español—.

Cobertura por FTTH (*fiber to the home*, fibra a fogares): media galega, 50,30 %; media estatal, 80,36 % —Galiza, no último posto do Estado español, e ademais por moito, xa que a penúl-



tima comunidade autónoma, que é Estremadura, está no 63,49 %, e recorden que Galiza está no 50,30 %—.

E xa para rematar, pasamos da tecnoloxía empregada á velocidade, á cobertura por velocidade, que serve tamén para medir moi ben o punto en que estamos.

Cobertura por velocidade igual ou maior a 100 megabites por segundo —o que todos os expertos e expertas din que é a velocidade aconsellable para o século XXI— no ano 2020, que todos os galegos e galegas poderíamos ter sen problema ningún nos nosos fogares: media galega, 66,12 %; media estatal, 83,57 % —Galiza de novo na cola do Estado, neste caso soamente por diante de Estremadura, que nos segue de moi preto—.

Pero vaíamos a máis e miremos os resultados por provincias, daquelas provincias ás que lles fai máis falta, aquelas provincias que necesitan de máis proxectos de dixitalización, de conectividade, é dicir as provincias máis rurais, como son Lugo e Ourense. Pois moi ben, recórdolles que a media estatal estaba en 83,57 % en velocidade igual ou maior a 100 megabites por segundo. Pois Lugo ten o 56,03 % e Ourense 56,81 %. E ante isto, claro, aquí xa poderíamos rematar, porque ante isto ¿que temos como resposta? Pois un pouco o agardado, o triunfalismo nos orzamentos, o triunfalismo na comparecencia da directora da Amtega e unha subida de cifras orzamentarias que non serven para tapar este desastre que temos en Galiza na banda larga e que acabo de describir.

E por iso temos que preguntarlle cales son as actuacións que ten pensado o Partido Popular para acabar con esta situación, pertencente máis ben ao século pasado que ao século XXI no que vivimos. E é que, en primeiro lugar, fai falta actuar tendo en conta as realidades do país no que vivimos, as realidades do país que gobernan, porque xa adianto unha das escusas que vai empregar o PP probablemente. A de que temos moitos núcleos de poboación e unha poboación moi avellentada. Bueno, moi ben, pero é que isto precisamente é o que fai máis necesario que se fagan unhas políticas pensadas no país desde Galiza e para Galiza, porque no 2010, co primeiro plan de banda larga xa tiñamos 33.000 núcleos de poboación e unha poboación moi avellentada, e agora seguramente teñamos varios núcleos menos, desgraciadamente —entre outras cousas porque vivir no rural e ter acceso ás tecnoloxías é case misión imposible—. Pois, entón, gobernen para este país, porque isto pode ser un bo resumo para toda a acción de goberno. Poden facer moitas cousas, poden facer moito traballo e poden traballar moitísimo, pero se non gobernan atendendo as características que ten o noso país, poderán facer moitísimas cousas, pero unha cousa que non van poder facer é acertar.

E para aforrarlles quizais outra das escusas, que é a do avellentamento, quero dicirlles que o feito de termos unha poboación avellentada non obriga a que esta poboación non empregue as tecnoloxías, porque hai algo que se chama «alfabetización dixital», algo que parece que ao Partido Popular non lle pasa pola cabeza. Pero pódese facer perfectamente, e xa hai algúns mecanismos que hai que implementar. Pode chegarse a todos os núcleos de poboación con plans SmartRural, ou coa wifi de longo alcance —tamén chamado WiMax—, que non fai falta levar a fibra ata a última aldea do rincón máis afastado deste país. Hai moitísimos outros métodos. Hai moitos métodos para facelo.



Por exemplo, se queren facer tamén que a poboación avellentada faga uso das tecnoloxías, pois desenvolvan plans de alfabetización dixital, por exemplo potenciando o que xa hai, como o número de aulas CeMIT, e dotándoas, sobre todo, de persoas especialistas, dinamizadoras, adscritas a estas aulas. Porque esta é unha medida entre moitas. Pero é que, sen non, o que pasa é que logo saen os resultados de outubro, nos que Galiza foi a comunidade autónoma de todo o Estado español na que menos internet se utilizou nos últimos tres meses, cunhas porcentaxes do 87,4 % fronte á media estatal do 93,2 %, e sendo a única que non chega á barreira do 90 %. Claro, logo temos que rir e escudarnos en que, como temos unha poboación avellentada, pois facemos menos uso da internet. Non, isto pódese solucionar, e esta poboación avellentada tamén ten dereito a acceder ás tecnoloxías e á internet.

Polo de agora, nada máis, e reclamámoslles que tomen isto en serio, xa que, se xa era importante antes da pandemia, agora evidentemente, como todos e todas sabemos, é vital.

Moitas grazas, e espero os seus comentarios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Martínez García.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Señoría, a Xunta de Galicia é plenamente consciente da importancia das comunicacións no ámbito económico e social, e aínda máis nun momento como o actual, posto que a conectividade nos fogares e nas empresas se converteu —coincido con vostede— nun factor esencial para o desempeño tanto do labor laboral, como persoal ou escolar. Non obstante —e tampouco é ningún chascarrillo, creo que modula moi moito, señor Castro, a nosa realidade—, si que teño que facer unha referencia a que en Galicia temos eses 30.000 núcleos, o 40 % do que en España hai de poboación, e que condiciona moi moito. Pero ademais hai que ter en conta que o 90 % destes núcleos teñen menos de 100 habitantes.

Esta característica, sumada á dispersión poboacional propia do noso país, fai que a extensión de redes de banda larga ultrarrápida no noso territorio, sexa altamente complexa. Polo que é todo un reto para o despregamento dos operadores, a pesar de contar con subvencións por parte das administracións. Ademais, hai que ter en conta que a cobertura de redes de telecomunicacións non só se proporciona a través de redes fixas, ben sexan do ADSL ou de fibra óptica, senón que tamén están as redes sen fío, tanto do 4G como, xa máis na actualidade, do famoso 5G.

Dito isto, quero expresar unha vez máis, e sen ningún tipo de chascarrillo, aínda que sexa a terceira vez, o compromiso deste Goberno para non aforrar esforzos e afrontar esforzos para asegurar a vertebración territorial neste eido, pero non debemos esquecer unha primeira



cuestión, señor Castro: sempre sen esquecer que a competencia en materia de telecomunicacións corresponde ao Goberno central —tema número un—. Este compromiso —vostede xa fixo referencia a el— xa se comezou a materializar no ano 2010, efectivamente no primeiro Plan de banda larga, para comezar a despregar redes de máis de 100 megas. Logramos achegar este servizo a máis da metade dos galegos, e colocarnos coma unha das primeiras rexións a nivel nacional e europeo que impulsaron as redes de nova xeración, seguindo as directrices contidas na Axencia Dixital Europea. E foi posible porque naquel entón contabamos coa xestión dos fondos Feder para estender as redes de telecomunicacións. E agora non. E ¿por que non? Porque o Estado é o que conta con este tipo de fondos.

Ademais, hai que ter presente que, tras a aprobación polo Estado do Real decreto 462/2015, do 5 de xuño, as comunidades autónomas precisamos de autorización do Estado para pór en marcha actuacións de impulso nas redes de banda larga. Isto fixo que a participación das autonomías para cumprir os obxectivos 2020 de Europa se complicase, tanto pola redución dos fondos comunitarios —como lle comentei hai un momento—, como polo sometemento á aprobación das iniciativas por parte do Goberno central.

Aínda así, desde a Xunta continuamos dedicando recursos a estender as redes ultrarrápidas, e lanzamos no 2015 o Plan de banda larga 2020 —ao que tamén fixo referencia vostede—, pero financiado neste caso co que tiñamos —que son os fondos Feader, de menor contía que os que houbo no seu momento, os Feder, e tratando sempre de complementalo coas convocatorias de axudas que executa o Estado—. Porque é moi fácil arrogarse as competencias, quedar cos fondos, e o problema despois é da administración, digamos, intersticial. Digamos que estamos en todas, somos coma un elefante, o que non nos pega na cola péganos na trompa.

En concreto, recibimos autorización para iniciativas orientadas á extensión de redes de máis de 100 megas en núcleos de menos de 300 habitantes e en polígonos empresariais.

Nos polígonos empresariais, a Xunta executou unha actuación a través do operador R-cable, que permitiu dotar de cobertura de fibra óptica con capacidades de máis de 100 megas —incluso ata 500 megas— a 81 parques empresariais.

Esta iniciativa, que rematou no 2018, contou cun investimento público de 3,3 millóns de euros —como lles dicía, fondos Feader—, que permitiu que, xunto co que contabamos, coa cobertura previa, hoxe máis dun 93 % da superficie empresarial conte con cobertura de fibra óptica. E de xeito complementario ao despregamento en polígonos leváronse a cabo dúas convocatorias de axudas para facilitar a conexión a empresas de zonas que carecían da cobertura. Beneficiáronse máis de 80 empresas, que puideron conectarse a internet con entre 30 e 600 megas, e o investimento foi de aproximadamente un millón de euros.

E no que respecta aos núcleos de poboación, o 95 % da poboación contaba xa no 2019 con cobertura de redes de 30 megas ou máis. A previsión é que ao remate do 2021, o 90 % dos galegos dispoña de redes de máis de 100 megas, un incremento de 29 puntos porcentuais —que non é pouco— respecto da cobertura existente antes de que se iniciasen estas actuacións.



En concreto, achegárase a fibra óptica a unha zona de máis de 11.600 núcleos, son zonas de carácter rural, pois o 96 % dos núcleos teñen menos de 300 habitantes; e o 89 % deles, menos de 150 habitantes. A estas cifras haberá que sumarlles os obxectivos que se acadarán coas actuacións pendentes da Administración central.

No ámbito educativo, en colaboración co Estado —non todo o fan mal no Estado—, púxose en marcha a iniciativa «Escolas conectadas», que permitiu dotar o cen por cento dos centros públicos de primaria e secundaria de conexión ás redes ultrarrápidas. Ademais, todos os xulgados en Galicia teñen acceso a máis de 100 megas. De igual xeito, desde a Xunta estamos a traballar na cobertura de fibra aos centros históricos.

Tras a petición de numerosos concellos, insistimos na importancia da conectividade en mobilidade —estoume a referir ao 4G, tanto de voz como de datos—, xa que isto non o estaba tendo en conta o Estado nas súas actuacións. Así, desde a Xunta trasladámoslle en varias ocasións ao Estado —que é o competente na materia, como dixen ao principio da miña intervención— a necesidade de actualizar a normativa, e reclamamos a modificación do actual servizo universal de banda larga, para incluír non só o dereito da cidadanía a un teléfono fixo e internet de 1 mega nos fogares, senón tamén a cobertura de móbil, de internet e de voz. En vista da falta de actuación neste eido por parte do Goberno central, a Xunta está a traballar para a posta en marcha dunha iniciativa de mellora da cobertura móbil en Galicia.

Tras as xestións que estamos facendo para analizar a posibilidade desta medida no ámbito europeo, estamos na proba —para a súa aprobación— para poder facer unha convocatoria para despregar redes que permitan dotar de cobertura móbil as zonas máis rurais con deficiencias. Esta actuación estámola a coordinar coa Fegamp —de todas as cores—, así como cos concellos interesados en dotar de cobertura as poboacións que hoxe carecen deste servizo.

Neste eido, o Plan Galicia 5G da Xunta define medidas complementarias ás que se recollen na estratexia nacional e comunitaria neste eido, e ademais tamén estamos a insistirle ao Estado para acadar unha mellora da calidade da rede actual a través de múltiples peticións que estamos realizando. Nese senso, recentemente aprobamos aquí, en comisión parlamentaria, unha PNL do Grupo Parlamentario Popular —que tamén contou co apoio do seu grupo— que insta a Xunta a dirixirse ao Goberno central para que este garanta e axilice a execución dos fondos Feder —competencia do Estado— para acadar unha cobertura mínima de 100 megas para o cen por cento dos cidadáns.

Señoría, para Europa a conectividade e o 5G son as pancas da recuperación e os impulsores da transformación dixital, motivo polo que están recollidos no novo mecanismo de recuperación e resiliencia. Desde a Xunta, unha vez máis insistiremos ao Goberno central sobre a necesidade de priorizar o investimento nos núcleos máis rurais, concretamente nos de menos de 500 habitantes, onde reside o 40 % da poboación de Galicia fronte ao 6 % de media a nivel nacional.



Dito isto, obviamente, condiciona totalmente os números que vostede acaba de utilizar, porque sendo certos todos e cada un dos indicadores que acaba de utilizar vostede, comprenderán que o 6 % versus 40 % altera totalmente o resultado. E tampouco hai que ser un gran entendido nin en matemáticas nin en estatística.

Sen máis, ata a próxima. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a rolda de réplica, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo, señor Martínez, que non o nomeei antes.

Bueno, parece que acertei un pouquiño prevendo as escusas do Partido Popular: a idade, a dispersión... Iso xa o sabiamos, como xa lles dixen. Xa o sabiamos no 2010 e moitísimo antes. ¡Evidentemente afecta! ¡Claro que afecta, por suposto! E por iso incidimos desde o BNG en que hai que actuar coa realidade do país. ¡Pero, bueno...! E voulle poñer un bo exemplo que este Goberno, a través da Amtega e en convenio coa Fegamp, fixo. Penso que é o camiño que debe seguir sabendo da realidade que ten o noso país da dispersión dos núcleos de poboación con poucos habitantes, pois levaron a cabo un acordo para levar a cobertura a 94 concellos e, dentro deses 94 concellos, a 1.000 lugares. Ese é o camiño que hai que seguir. Bueno, tamén para que saiban ben o punto do que partimos, deses 1.000 lugares, 400 non teñen nin cobertura de voz en 2020, e imos para o 2021. En sitios como Gondomar, por exemplo —que non é que estea no punto máis alto dos Ancares—, seguen sen cobertura de voz, pero bueno...

Seguinte punto: non pode ser, evidentemente, que, aínda que o Estado teña que facilitar fondos, que teña certas dependencias, sexa o comodín fácil de sempre dicir que a culpa é do Estado. A soberanía exerceuse e tamén se reclama, porque o que non pode ser é estar aquí botándolle a culpa a Madrid todo o tempo sen reclamar nada, ou só reclamar —dunha maneira pouco fervorosa— cando non está o «Goberno amigo» no Goberno en Madrid, pero bueno...

Isto, esta posición de escudarse nas características do propio país, non lles impide gabarse día si e día tamén das «lexislaturas do rural», de que o Goberno galego protexe o rural, de que se preocupa por el, e que logo aparezan datos coma este e siga todo coma se nada. Porque lles volvemos repetir que, para fixar poboación no rural, hai que ofrecer os mesmos servizos en educación, en transporte, en cultura, en infraestruturas e, por suposto, na conectividade que se ofrece nas vilas ou nas cidades, porque só cando existan uns servizos polo menos semellantes se poderán iniciar políticas serias de poboamento do rural.



Porque logo o que pasa é que Galiza é o territorio do Estado español con máis zonas sen cobertura de redes de banda larga de nova xeración, e tampouco hai previsión ningunha para a súa dotación por ningún operador nun prazo de tres anos. Hoxe estou dando moitísimos datos porque nolos pide moitas veces, di que nos fan falta datos —e hoxe, verborrea de datos—.

Isto ¿que supón? Pois nada máis e nada menos que se deixen fóra deste servizo 485.000 galegas e galegos. ¿É isto apoiar o rural? Eu penso que non, porque non é facer política téndoos en conta.

E teño máis datos, porque hoxe vin cargado deles. Xa van bastantes. Máis de 13.000 núcleos de poboación galegos aínda non teñen banda larga rápida. Botámoslle a culpa ao Estado, pois Galiza ten o 28 % das áreas sen conexións avanzadas do total do Estado español, e non vexo o Partido Popular comparándose —como fai con outras cousas— cos datos de «estamos menos mal» ou «temos un dato menos malo». ¡Caramba, aquí somos os últimos en todo e non presumimos diso!

Como dicía, 121.000 vivendas que nin poden acceder a conexións por riba dos 30 megabites. Vostede dixo que a finais do 2021 o 90 % dos galegos e galegas imos ter acceso á velocidade de 100 megabites por segundo. Asíñollo xa e animámolo a facer labor político buscando iso, pero, desgraciadamente, vémolos difícil.

E, para isto, outra solución é que gobernen Galiza dende Galiza e para Galiza. Volvémosllelo repetir: unha posición forte —e xa acadamos o acordo o outro día na Comisión 6ª— ante os fondos que están a vir de Europa para a dixitalización, unha posición de país —que tamén, como dixen na comisión, para recibir fondos de dixitalización hai que ter algo que dixitalizar, porque, se non temos nada no rural que poidamos dixitalizar, para nada servirán—.

Bueno, como se veu repetindo neste xa terceiro día de pleno, e dentro dese espírito natalicio marabilloso, pois quero desexarlles a todos e a todas un bo Nadal e saúde, tanto a vostedes como ás súas familias, que evidentemente é o máis importante por moito que soe a frase fácil, e recordar tamén un pouco o que dicía a Xeración Nós e o Partido Galeguista —e tamén, evidentemente, Daniel Castelao—, isto de «Galiza célula de universalidade». Pois, por suposto, tiña razón: Galiza célula de universalidade conectada consigo mesma e conectada co resto do mundo.

Sen nada máis, moitas grazas, bo Nadal e que teñan saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Como dicía o señor Castro, a ver se me vou esquecer eu tamén, que son moi pronavideño. ¡Bo Nadal a todos!



Non vou cantar, como o señor Mini onte, unha panxoliña que tamén temos os que somos de Aldán, pero bueno... (*Cantando.*) «Vir fillos de Aldán...» (*Risos.*)

A pesar de todo, a pesar de todo, é bo tamén ter un pouquiño de... (*Risos.*) Eu son aburrido, xa comprendo... (*Risos.*) Comprendo que son aburrido, señor Castro, pero, mire, existe unha realidade que é bo que teñamos todos presente, porque nos enmarca a dificultade da que estamos falando, que non é outra que esta. (*O señor Martínez García amosa unha gráfica desde o estrado.*)

Mire, voulla deixar aquí para que a teñan vostedes tamén. Aquí é onde está a segmentación de núcleos de poboación. É onde se ve clarisimamente como onde é común a nosa ocupación do territorio respecto do resto de comunidades autónomas non estamos tan mal, estamos practicamente igual. Pero onde está o factor diferencial, que é nos núcleos de menos de 500 e de menos de 100 habitantes, aí é onde existe o grande problema.

Xa lle expliquei na miña primeira intervención —vostede, que di que acerta tanto, siga acertando, jeh!, que non é malo acertar de vez en cando, siga acertando—, que efectivamente hai unha competencia orixinaria que é do Estado, clarisimamente —que non todo é desprezamento e hai que acompañar tamén tanto as empresas, como os particulares, como as operadoras, nese desprezamento—. Pero a competencia orixinaria ¿de quen é? Os máis de 4.000 millóns de euros en Feder tenos quen os ten. ¡Oxalá os tivésemos nós!, á parte da competencia —como se tivo ata o ano 2015—. E fíxese en que no ano 2015 gobernaba un partido, a nivel central, que era o Partido Popular. Este tamén é outro Partido Popular, do que lles falo. Non estou tirando pedras, o que digo é que non nos beneficiou. Puidemos facelo dunha maneira máis acelerada ao principio e un pouco menos despois, ao ter que botar man do Feader, que, como ben sabe, tamén son contías moi importantes pero que teñen outra orientación de carácter xa case consuetudinario, que teñen que ver con outras actuacións moi necesarias tamén no ámbito rural. Ata aí coincidimos.

Polo momento, o que lle teño que dicir é que na Xunta continuaremos a insistirle ao Estado, como órgano competente na materia, na necesidade de priorizar a actualización da normativa, porque non é só a cuestión dos operadores. Tamén hai que modificar a normativa no que se refire, sobre todo, ao servizo universal de banda larga. Aí é onde está o quid da cuestión e —ligado a iso— o número de fondos para nós poder actuar.

Creo que hai datos positivos que tamén nos están dicindo que hai unha tendencia ascendente na contratación por internet. Subimos bastante porque tamén vimos de onde vimos, dun nivel inferior, e por iso subimos máis. Non nos poñamos tampouco medallas. Pero imos cara a onde debemos ir, e non estamos tan mal.

O que si lle digo a vostede, que é un pouco máis novo e ten que, pouco a pouco ir progresando adecuadamente —supoño, e, se non, non é o meu problema—, é que me chama a atención unha vez máis como o Bloque queda ben con todo. Primeiro fala do nivel xeral, estamos falando aquí de algo tan complicado e tan complexo como é a conectividade en xeral no ámbito rural, non noso medio rural galego. Trae un exemplo particular, que era o caso de Landrove,



en Viveiro, e non fai ningún tipo de referencia. Quero esquecer que tamén será que se está olvidando e pensando máis no Nadal, porque ao que os trouxo aquí —que era a escusa do tema do polígono industrial de Landrove— vostede non fixo ningunha referencia. Eu tampouco a vou facer, porque tratarei sempre de contestar a quen me está interpelando; pero sería bo tamén non tratar de quedar ben co carácter xeral, e en Landrove, cando imos alí, con outras cuestións no outro lado, e despois, cando temos que defender nunha tribuna como esta determinadas cuestións, nin pío.

Polo tanto, felices festas a todos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Boa día, señor Conde.

Dicía onte —creo que era— o señor Balseiro, así nun ton socarrón, que o BNG podería ir en patinete a Madrid —eu case lle diría que fosen en tándem— para ir facerlle oposición ao Goberno do Estado. E quizás cando volvan poderían tamén acordarse de que están aquí para facerlle oposición e fiscalización ao Goberno da Xunta de Galicia.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende 1997 a 2008, grazas á existencia do recurso eólico no noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas. Coa entrada no Goberno de Núñez Feijóo chegou a falla da aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo seu goberno, todo isto sumado ás políticas de bloqueio ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a presidencia de Mariano Rajoy, o que causou unha paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. E non o digo eu. Vostedes sacan datos sempre, pero o que din os datos concorda co que di Observatorio Eólico e incluso a Fundación Juana de Vega, que non creo que sexa unha entidade separatista.

Dende o ano 2009 ata o ano 2018, ambos incluídos, cos gobernos do Partido Popular en Galicia e no Estado, só foron instalados 277 megavatios, e isto supuxo unha perda millonaria en investimento en Galicia e a falla de creación de miles de postos de traballo. No ano 2019 volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415 megavatios e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos dez anos anteriores. E no 2020 chegarase



a preto dos 4.000 megavatios instalados no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 megavatios novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

Pero non vou entrar na guerra que teñen vostedes co Bloque Nacionalista Galego entre o marco que existía no 2009 e o que puxeron enriba vostedes coas súas modificacións lexislativas. Quero falar de presente e de futuro, de como podemos corrixir as eivas e deficiencias do sistema actual, de como podemos seguir apostando polas enerxías renovables, corrixindo as diversas problemáticas que están a pagar os concellos, as comunidades rurais e os propietarios, así como da defensa do noso patrimonio natural e dos nosos sectores produtivos.

O éxito da instalación desa potencia eólica nos últimos anos foi o resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo na declaración de utilidade pública para os proxectos e na afección dos terreos, que foi determinante nos diferentes procesos de expropiación. Este marco regulatorio tivo aspectos positivos, porque incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara aos propietarios, comunidades rurais e concellos. A regulación que fixeron contemplaba que os beneficios da eólica deberían ser repartidos a través de plans industriais ou dun plan de fomento de enerxía solar, pero moitos dos operadores carecían dese plan industrial e outros non realizaron as achegas para ese fomento da enerxía solar.

A Xunta de Galicia contemplou certos beneficios comunitarios de maneira indirecta, pero finalmente non exerceu a súa función fiscalizadora ante os incumprimentos das empresas, que deben devolver ao territorio unha parte do que ordeñan dos nosos recursos. De igual xeito, tamén houbo incumprimentos no relativo ao impacto ambiental, pois o 50 % desa potencia instalada está en zonas de Rede Natura. En Galicia o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos conseguiu levar a cabo sen participación, causando co tempo conflitos sociais e tamén medioambientais, como os que estamos a vivir actualmente coas mobilizacións sociais que aparecen polos concellos afectados e coas sentenzas que comezan a aparecer ante as denuncias da cidadanía, como son a de Sasdónigas, en Mondoñedo, ou a do Oribio, na montaña de Lugo.

Nestes momentos, cando o sector está a experimentar un relanzamento coa nova subasta aprobada recentemente, señora Nóvoa, para o Grupo Parlamentario Socialista é importante corrixir os erros cometidos no pasado cun novo modelo que debe democratizar o sistema eólico, beneficiando, en primeiro lugar, a loita contra o cambio climático; en segundo lugar, a creación de postos de traballo; en terceiro lugar, a defensa do noso patrimonio natural; e, por último, unha maior participación nos beneficios recollidos dos nosos recursos naturais entre concellos e comunidades afectadas —é dicir, entre todos os nosos cidadáns— equilibrando a negociación entre as empresas instaladoras e os propietarios nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o tan manido despoboamento do noso rural.

¿Por que non poñen en marcha, señor Conde, mecanismos para fomentar a transparencia, para que os propietarios teñan como modelo un contrato tipo para negociar coas empresas promotoras de parques eólicos? ¿Cal é o problema que teñen no Partido Popular para non



facelo? ¿Por que non aceptan establecer unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico, señor Conde? ¿Por que lle teñen medo á transparencia e ao apoio que necesita a nosa cidadanía?

Como dicía, o marco regulador concede ao promotor a posibilidade de cambiar cara a expropiación coa solicitude de declaración de utilidade pública dos parques, e a dita fórmula, se non se endurece, está a incidir negativamente sobre os propietarios na negociación sobre as rendas que lles pagan.

A Administración autonómica non fomenta mecanismos de transparencia e información cara aos propietarios, comunidades locais e concellos; e as autorizacións de explotación eólica carecen de data de caducidade. Busquen fórmulas para ter un lugar onde acudir cando un promotor se achega ás súas casas para falar da instalación dun parque eólico. ¿Por que non poñen en marcha unha oficina de asesoramento técnico-administrativo e medioambiental dende a Administración? ¿Cal é o problema? ¿Por que prefiren poñerse de costas aos nosos veciños, señor Conde?

A veciñanza, comunidades e concellos non reciben a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio. Pedímoslles que corrixan o insuficiente retorno que ten o Fondo de Compensación Ambiental e o canon eólico nos concellos afectados pola instalación destes parques, que o canon sexa establecido pola potencia instalada agora que se introducen muíños de maior potencia e que a recadación deste fondo —establecida dun xeito opaco polo seu goberno— actúe directamente sobre as melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques, algo que é de xustiza, señor Conde, cando o Observatorio Eólico de Galicia informa de que as rendas locais para os propietarios das terras onde se instalan os eólicos só supoñen o 5 % de toda a facturación que xeran os ditos parques.

A protección ambiental do territorio é deficiente coa implantación e repotenciación dos parques en lugares próximos ás vivendas e zonas que deberan de estar máis protexidas. Estas son cuestións que nos preocupan —e deberían de preocuparlles a vostedes tamén—. Non estamos a facer propostas boliviarianas nin bolcheviques, non queremos paralizar o desenvolvemento eólico da nosa terra, simplemente plantexamos o que deberan de debater e consensuar; é dicir, un novo modelo eólico con medidas para democratizar o sistema, establecer equilibrios entre propietarios e promotores eólicos e por suposto non poñer en risco a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio, non incidir sobre a opacidade e falla de participación con novos textos lexislativos, que axilizan os prazos e privatizan a inspección ambiental mentres non poñen medios para axudar a nosa cidadanía.

Son múltiples as denuncias que recibimos de colectivos de toda Galicia sobre como están a aparecer proxectos de novos parques eólicos en todo o noso territorio sen ver orde nin planificación por parte da nosa Administración autonómica, convertendo en zonas de sacrificio lugares de alto valor medioambiental e cultural, con multitude de proxectos fraccionados diante dos seus ollos e vulnerando a lexislación vixente. ¿Que me pode dicir do que está planificado en Outes, Mazaricos e Negreira? ¿Non lle parece que se está fraccionando un proxecto onde xa hai catro parques e se están a planificar catro máis coas súas liñas de evacuación? ¿Non ven o fraccionamento, señor Conde? ¿E que lles parece o que queren de-



senrolar entre Ordes, Curtis e Mesía, catro supostos parques que deberan de ser un só? ¿Tampouco hai fraccionamento?

E todo isto vai unido á absoluta incapacidade para facer política industrial, unha competencia que lles atribúe o Estatuto de autonomía e á que vostedes renuncian. Galicia sofre unha perda preocupante de actividade industrial e son incapaces de atraer novos investimentos e anclar os existentes. ¿Onde queda a Consellería de Industria, agora rebautizada como Vicepresidencia Económica, señor Conde, na extinción de Emesa, abandonada pola Xunta de Galicia e o Igape? ¿Onde están as políticas industriais para intentar salvar dunha deslocalización a fábrica de Gamesa-Siemens das Somozas cara a Portugal? ¡Nada, señores do Partido Popular, absolutamente nada!, só esconderse detrás do que fan ou deixan de facer outros ante unha falla absoluta de proxecto para os sectores produtivos do noso país, algo que xa non lle escapa a ninguén en Galicia, e que tamén se reproduce nos sectores agrogandeiros por esta metodoloxía establecida polo Partido Popular. Falen coas explotacións situadas nos contornos rurais de alto contido agrogandeiro antes expostos, como Mazaricos, Ordes, Mesía... ¿Falaron con algunha empresa de referencia nacional situada no concello de Mesía, cun enorme esforzo para desenrolar unha actividade extensiva e ecolóxica, que ve como a súa actividade está en risco pola instalación de muíños de 200 metros nas portas da súa explotación sen que ninguén na Xunta de Galicia lle abra as portas ante a súa preocupación?

Cómpre traballar entre todos para elaborar un novo modelo eólico integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos problemas plantexados democratizando o sistema eólico e que sexa beneficioso para todos. Aínda estamos a tempo, señor Conde. Vimos falar de presente e de futuro, e non de pasado. Espero que vostede tamén o faga.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do Goberno.

Ten a palabra o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, vou respostarlle á pregunta falando de presente e falando de futuro, pero sobre todo vou facelo con rigor, e sobre todo non intentando confundir, señor Seco. Non é razoable que veña vostede a confundir e intentando xerar incertezas sobre normativas concretas que existen e que se están aplicando. Iso si que é unha verdadeira irresponsabilidade.



Eu o que lamento —para comezar a miña resposta— é que vostede repita os mesmos argumentos que o Bloque Nacionalista Galego. Eu lamento profundamente esa disputa artificial que vostedes teñen como socios da oposición e que intentan trasladar ao sector eólico, a un sector económico. Creo realmente, se vostedes teñen algún tipo de disputa artificial para ver quen lidera a oposición, que deberían seguramente de resolvela noutro eido, pero non nun sector económico como é o sector eólico. Mesmo repiten cifras e argumentos erróneos, como na intervención da señora Presas do último pleno e na súa de hoxe.

Escoitándoo temos claro que o Partido Socialista de Galicia parece non coñecer o principio de non contradición. É un principio clásico da lóxica e da filosofía segundo o cal, señor Seco, nada pode ser e non ser ao mesmo tempo e no mesmo sentido. Explícome, non pode ser que o Partido Socialista de Galicia defenda e ataque ao mesmo tempo, e cos mesmos argumentos, o sector eólico galego.

Por unha banda critican a paralización de anos anteriores invocando a súa contribución a Galicia como fonte de investimentos e de creación de emprego. Iso si, esquecendo dicir que esa paralización se debeu a unha profunda crise económica que os gobernos socialistas non foron capaces de resolver, nin en España nin en Galicia. E, ademais, xerando un déficit de tarifa de preto de 30.000 millóns de euros, deixado como herdanza por parte do goberno de Zapatero e que o goberno de Mariano Rajoy, como ben sabe, puido enxugar e converter nun superávit de tarifa —que agora mesmo o goberno socialista, unha vez máis, está convertendo en déficit de tarifa—.

E, por outra banda, señor Seco, critican que no ano 2009 fósemos capaces de poñer en funcionamento 439 megavatios, paliando a transición a marchas forzadas imposta polo Partido Socialista Obreiro Español e os seus socios de goberno. Pero volve ter un esquecemento. Non di que se está aplicando un procedemento de avaliación ambiental que se axusta á lexislación europea —e ao marco nacional que a traspón— e que, polo tanto, se está garantindo, señor Seco, toda a máxima protección que se recolle na normativa europea e na normativa nacional. Por iso lle pediría que non veña aquí a confundir.

Ademais sabe que está prohibida —prohibida, señor Seco— no caso de Galicia a localización de novos parques na Rede Natura dende abril do ano 2014, e restrinxida a súa repotenciación. Non veña a confundir, señor Seco, está prohibido en Galicia desenvolver parques eólicos novos dende abril do ano 2014. Non pretenda confundir nin a cidadanía nin por suposto o sector eólico. A cuestión é, a pregunta é, seguramente, se vostedes están ou non están a favor de que se aplique esa normativa e esteamos realmente apostando polo sector eólico.

O máis inexplicable, señor Seco, é que fan deste dobre xogo unha situación de enorme incerteza no sector. Vostede sabe que foi posible, grazas ao intenso traballo do persoal das diferentes consellerías, o desenvolvemento e a posta en funcionamento de 439 megavatios. E sabe perfectamente que ese éxito —porque foi un éxito, señor Seco, foi un éxito— se desenvolveu grazas ás poxas de renovables convocadas no ano 2016 e no ano 2017 polo goberno de Mariano Rajoy. Debería recoñecelo, porque así foi. E sabe, polo tanto, que a situación que temos de recuperación do sector eólico ten unha orixe moi clara nesas poxas de renovables.



Señor Seco, volvendo ao principio, como lle comentaba, de non contradición, sabe que se pode xulgar como falso aquilo que resulta incoherente. E neste sentido recórdolle que tanto o seu partido, o Partido Socialista de Galicia, como o Bloque Nacionalista Galego durante o Bipartito se encargaron de poñer en funcionamento os 35 proxectos que tramitou o Partido Popular. Esa é a realidade, señor Seco. Esa é a realidade e eses son os datos; uns datos que son os mellores antidotos para a retórica, que é o que vostede vén facer aquí dunha forma irresponsable contra un sector económico que xera emprego, que está xerando riqueza en Galicia e que, sobre todo, está permitindo abordar o proceso de transición enerxética no noso país.

Señoría, fáleme vostede da utilidade pública e dos procesos expropiatorios. ¿Vostede sabe que os parques eólicos están declarados de utilidade pública por unha lei estatal? ¿Sábeo? ¿Sabe que o proceso expropiatorio está regulado por unha lei estatal?

En definitiva, señoría, en Galicia estamos aplicando a lei estatal como están facendo outras comunidades autónomas. Por iso quizais debería ser un pouco máis prudente, porque todo o que está intentando imputar ao Partido Popular de Galicia e á Xunta de Galicia realmente llelo está imputando tamén ao seu propio goberno cando tramita parques eólicos e a outras comunidades autónomas que, independentemente da cor política, están aplicando a mesma normativa.

Con todo, saiba que a lei eólica do ano 2009 —recórdollo porque parece que non ten todos os datos— establece que, para solicitar a declaración de utilidade pública, os promotores teñen que presentar a relación de bens e dereitos afectados sobre os que non chegou a un acordo, e tamén teñen que presentar todos os acordos alcanzados cos titulares. E esa petición de utilidade pública sométese, señor Seco, a información pública antes de tomarse unha decisión.

Pero volvo aos datos, que xa os trasladei no anterior pleno. A porcentaxe de acordo nos dezaoito parques que se puxeron en funcionamento no ano 2009, señor Seco, foi do 85 %, 85 % de porcentaxe de acordo. Incluso en determinados parques, como en Montes de Abella, en Pastoriza, Rodeiro, Carracedo, Miñón e Zas, chegouse practicamente ao cen por cento de acordos cos propietarios.

Polo tanto, creo sinceramente que non hai ningún tipo de xustificación para as dúbidas que, tanto o Partido Socialista de Galicia como o Bloque Nacionalista Galego, na súa rivalidade virtual, queren xerar ao redor da enerxía eólica. A tramitación administrativa que se realiza sobre calquera parque eólico conta con todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais correspondentes. Saben perfectamente que esa tramitación inclúe un proceso de participación pública no que a cidadanía pode ter acceso a toda a información de todos os proxectos e presentar todas as consideracións que consideren oportunas. E, dende logo, saben perfectamente —a cidadanía sábeo, parece que o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego non— que a Xunta de Galicia non autoriza ningún proxecto que sexa incompatible coa protección do medio ambiente ou co desenvolvemento sostible.

Polo tanto, señor Seco, por favor, deixen de xerar dúbidas infundadas, deixen de seguir dandando un sector que xera emprego e que xera industria. E, falando de política industrial, lamento que vostede intente desentenderse —dende o punto de vista da política industrial—



da política enerxética. Diso respondereille, porque realmente é simplemente un descoñecemento da importancia que ten a política enerxética —que depende no Estado— na política industrial —que depende das comunidades autónomas—.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de réplica, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Señor Conde, creo que confunde termos. Non hai ningún tipo de disputa, non é unha disputa o que temos o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. O que hai é unha preocupación compartida pola situación na que se están atopando agora moitos cidadáns do noso territorio por un desequilibrio absoluto que existe en relación coas negociacións que se están a levar a cabo entre propietarios e empresas promotoras. E dá a sensación de que vostede —ao que xa lle preguntamos por primeira vez nestes dous últimos meses nunha pregunta, posteriormente interpelou o Bloque Nacionalista Galego e falouse nunha moción, e agora vólvese interpelar— segue a falar dos mesmos temas, do anterior e de cuestións que agora mesmo non están plantexadas como problemáticas. Seguen a esquivar continuamente o de falar de cuestións que afectan a cidadanía, a aqueles que os votan a vostedes tamén, a eses que tanto lles gusta lucir e que lles deron a maioría absoluta. Son esas preocupacións, señor Conde, que teñen os seus propios alcaldes, que non saben moi ben a quen acudir cando un promotor eólico chega aos seus concellos.

E vostedes seguen mirando para outro lado. Iniciativa tras iniciativa chegamos pedíndolles que analicen cuestións que están encima da mesa, que creo que non son unhas cuestións tan complicadas de analizar, como é o tema do contrato tipo ou unha oficina de asesoramento. E vostedes non teñen contestación para iso, señor Conde, absolutamente ningún tipo de contestación para iso. ¡Nada de falar do rexistro dos contratos, que tanto lles reclamamos!, ¡absolutamente nada! ¡Nada de falar do canon con respecto á repotenciación eléctrica que reciben os muíños e, polo tanto, o retorno que ten que chegar aos concellos! ¡Absolutamente nada de nada! Ninguén lle está pedindo cousas estrañas. Estámoslle pedindo que escoite a aqueles que lle están poñendo encima da mesa moitas problemáticas, que piden que lles dean axuda, que a Xunta de Galiza sexa unha entidade que os axude, que os asesore, que lles dea participación nese negocio eólico.

As incertezas —como vostede di— créanas vostedes, vostedes, señor Conde, coas sentenzas que están a xurdir ultimamente nos xulgados. Porque segue sen contestar por que permiten o fraccionamento de parques eólicos. ¿Non o ve? ¿Non ve claro o que está a suceder con proxectos que hai encima da mesa e que lle estou poñendo aquí? ¿Non ven absolutamente nada? ¿Pasará o mesmo que pasou noutras sentenzas que estamos agora mesmo a observar?



Eu creo que deberían de tomar nota e dar solucións precisamente aos problemas que se están a poñer encima da mesa, porque o lóxico é ir corrixindo aquelas eivas que xera a propia Administración autonómica cos novos sistemas. E, polo tanto, non entendemos por que son incapaces de sentarse a negociar cos colectivos un novo modelo eólico e por que son incapaces de darlle máis participación e transparencia a un proceso como este. Espero que na réplica conteste a algo disto no que lle estamos insistindo continuamente.

E non quero terminar sen desexarlle tamén a todo o mundo —e a vostede tamén, señor Conde— unhas felices festas, e que neste ano novo non perdamos de vista para quen traballamos. E quería facelo cun texto litúrxico de Bernardo García Cendán, unha das persoas que me ensinou a crer no servizo público e no amor á miña terra, e que ademais musicou o noso compañeiro de Parlamento, José Luís Rivas Cruz, que di así: «Creo no Cristo que vive, naquel que deixa suores na oficina, nos talleres, nas redes e nos tractores. Vive na fe de quen loita para que a terra nai cobixe na paz a todos os fillos, sen que ninguén teña que irse. Fíome do sangue ardente e da rabia de quen ama agardando un mundo novo que co seu esforzo adianta. Coa forza do noso pobo, hoxe proclamo o meu credo. Quero ser un home novo porque eu renazo galego.»

Moitas grazas a todos e felices festas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, eu aproveito tamén, loxicamente, para desexarlle a vostede e a todos os membros do Parlamento unhas boas festas. E agradézolle a referencia literaria pero creo que temos que deixar á marxe a poesía e falar dun sector tan importante como é o sector eólico. Eu teño que trasladarlle que lamento profundamente a súa posición de poñer en dúbida que a Xunta de Galicia segue aplicando a normativa.

Por certo, falando do canon eólico —para contestarlle de forma concreta as súas preguntas—, vostedes votaron en contra do canon eólico, ¿sabeo, verdade? E agora resulta que o canon eólico é absolutamente determinante. ¡Home!, pois eu agradézolle ese apoio publicamente, e simplemente lle traslado que o canon eólico é un proxecto que grava, dende o punto de vista medioambiental, o impacto medioambiental que teñen os aeroxeradores. Por iso se aplica sobre os aeroxeradores e non sobre a potencia que teñen cada un deles. En calquera caso, xa digo que benvido a este apoio ao canon eólico, porque efectivamente está tendo retornos importantes e, dalgunha forma, beneficiando por ese impacto medioambiental que xera no territorio.



Eu lamento que vostede poña en dúbida que este goberno non atende os alcaldes e os colectivos, láméntoo profundamente. Primeiro, porque está faltando á verdade. Simplemente o fai por unha percepción que vostede ten. Non hai nin un só alcalde en Galicia que non teña a información que precisa en cada momento sobre calquera proxecto eólico que se desenvolve en Galicia, tanto os alcaldes como calquera colectivo, señor Seco.

Non veña a poñer en dúbida o labor deste Goberno dende o punto de vista da transparencia, da información e da legalidade, porque así vostede está xerando unha dúbida, está intentando danar un sector, simplemente por facerlle oposición ao Goberno. Pero iso, sinceramente, non o leva a ningunha parte.

Fálame vostede de Sasdónigas. Sabe que a sentenza non é firme, e loxicamente nós estamos analizando a presentación do recurso, porque dende a Administración entendemos que non hai fraccionamento. Así se entendeu dende o punto de vista técnico. Remítome aos datos, o parque de Sasdónigas 1 outorgouse no ano 2004 mediante a convocatoria correspondente. E Sasdónigas 2 outorgouse no concurso do ano 2010. ¡Home, acusar a Administración de que hai unha política de fraccionamento de parques cando un parque se solicita no ano 2004 —e autorízase— e o outro se solicita no ano 2010...! ¡Xa me dirá vostede onde está a política de fraccionamento pola Administración!

En calquera caso, nós loxicamente analizaremos esa sentenza e presentaremos o recurso correspondente —loxicamente respectando a posición que ten neste caso o Tribunal de Xustiza de Galicia—.

Señor Seco, cando vostedes gobernaron, a eólica en Galicia foi cara a atrás, sabémolo todos. E parece que agora queren volver bloqueala, neste caso apoiándose tamén no Bloque Nacionalista Galego.

Eu lamento que vostedes nin o fixeran no seu momento nin tampouco queiran deixar facelo agora que realmente hai unha oportunidade para Galicia. Eu simplemente lle traslado un contexto: hai unha necesidade por parte do sector de que a Administración sexa facilitadora dende o punto de vista administrativo e de que, ao mesmo tempo, esa administración sexa garantista dende o punto de vista do cumprimento das normativas medioambientais, urbanísticas e patrimoniais. Así o entendemos no ano 2017 aprobando a Lei de implantación empresarial, que permitiu poñer en funcionamento máis de 500 megavatios eólicos nos últimos dous anos. E agora volvemos avanzar, porque o sector e a situación actual do contexto económico e enerxético pide que, efectivamente, se poidan volver facilitar estes proxectos empresariais.

Presentamos a Lei de reactivación, que inclúe medidas importantes para o sector eólico, e nós, señor Seco, imos medir realmente se o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego queren apoiar o sector e se queren facilitar o desenvolvemento destes proxectos, garantindo en todo momento o impacto medioambiental, urbanístico e patrimonial. Veremos se vostedes realmente apoian o sector eólico ou simplemente queren facer co sector eólico política e oposición. E iso sería moi lamentable dende o punto de vista do impacto económico e social para Galicia.



Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor vicepresidente.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Procedemos agora a unha alteración da orde do día, que xa foi comunicada, e substanciamos unha pregunta ao Goberno, da señora Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero teño aquí que a substancia o señor Fernández Alfonzo. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿É ao revés? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

De acordo. *(Pausa.)*

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Desculpen pero esta non era a información que tiña o meu grupo parlamentario. E desculpe tamén o señor vicepresidente Conde porque, por unha cuestión de indisposición do deputado que formulou esta pregunta, lla vou facer eu.

Dito isto, señor Conde, sabe vostede que desde hai máis dun ano, desde que Endesa comunicara a decisión de pechar a central térmica, se sucederon no noso país múltiples reivindicacións, múltiples mobilizacións conducentes a reclamar unha saída xusta diante desa situación, pois o golpe para o emprego sería absolutamente brutal nas Pontes, de máis de dúas mil persoas segundo unha estimación de impacto na afección, que vai desde os transportistas do carbón e os propios traballadores e traballadoras da central ata todo o conglomero da industria auxiliar, e incluso máis alá polo impacto que tería tanto na economía do concello de forma directa como na economía da contorna.

Sabemos que durante este ano se foron trasladando diferentes iniciativas políticas —que se foron trasladando tamén a diferentes organismos nos que buscar unha solución—. E preocupápanos o momento no que estamos agora. A posibilidade de producir enerxía a través de biocombustibles foi unha hipótese que se comprometeu a estudar a central térmica, foi unha posibilidade que estivo enriba da mesa. Sabe vostede perfectamente que se estiveron facendo probas, pero parece que a folla de ruta explicitada por parte de Endesa a través das súas declaracións públicas é seguir cara a adiante co peche con independencia deses resultados. E sospeitamos iso, primeiro, porque está desfacéndose do seu persoal propio e trasladándoo



lonxe de Galiza; e, en segundo lugar, pensámolo tamén porque á hora da verdade Endesa está restrinxindo moito o que son as realizacións das probas, está facendo un 50 % con bio-combustibles e un 50 % con carbón, vetando xa posibilidades importantes de experimentar outras posibilidades que serían máis sostibles e que asegurarían unha viabilidade maior para que unha parte da central puidese estar transformada para a produción enerxética máis limpa.

Neste sentido, parécennos preocupantes as novidades que saían nos últimos días nos medios de comunicación respecto de discrepancias existentes no seo do comité técnico que fai o seguimento das probas. Parece que a determinación de Endesa é clara. E nesa situación, señor vicepresidente, preocúpanos o que vemos do Goberno central pero preocúpanos tamén a pasividade que vemos na Xunta de Galiza, preocúpanos que aparentemente non haxa un plan «b» para a comarca das Pontes. Polo tanto, visto que aparece un desenvolvemento activo e unánime por parte das forzas políticas e das institucións noutras latitudes que non atopamos en Galiza, preocúpanos a situación xerada.

Hoxe espero que a súa resposta teña altura de miras, espero que poña Galiza por diante da súa campaña permanente co Goberno central, que poña Galiza por diante tamén da súa autoexculpación permanente. Creo que estamos nun momento moi importante para o futuro das Pontes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Queremos preguntarlle hoxe cal é o seu plan «b» e queremos preguntarlle hoxe como valora a situación a Xunta de Galiza respecto das últimas novidades. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señora Presas, é que lamento que vostede se remita a declaracións en medios de comunicación, a percepcións que vostedes teñen sobre as probas que se están realizando, etc., e que non lle pregunte directamente ao Goberno, que seguramente lle podería dar unha información moito máis clara. Pero vostede xa prexulga a súa posición simplemente polo que se publica nos medios de comunicación sen saber —insisto— o que pensa o Goberno. É unha intervención que é un exercicio de hipocrisía política —se mo permite, señora Presas—, de hipocrisía política. E, se non fose pola situación que están a vivir as familias que dependen da central das Pontes, eu incluso lle diría que sería unha broma de mal gusto. Que agora veña aquí o Bloque Nacionalista Galego a intentar trasladar a súa preocupación pola situación das Pontes é verdadeiramente sorprendente.



Resulta que o Bloque Nacionalista Galego sabía que a contribución da central, entre salarios, tributos e compra a provedores, ascendía a 38 millóns de euros. Resulta que, empregando as súas propias cifras, sabían que xeraba entre 1.000 e 1.400 postos de traballo directos e indirectos. Sabían, señora Presas, que na central se estaban investindo 217 millóns de euros para adaptar a central á nova directiva de emisións industriais —por certo, investimento, entre outras cuestións, grazas á intervención da Xunta de Galicia—. Sabían, señora Presas, que o peche precipitado das centrais térmicas non era necesario, sabíano. Sabían todo iso e ademais sabían que os seus socios tiñan unha idea moi clara de pechar a central. E levan dous anos de goberno e aínda non teñen ningún tipo de planificación.

Mire, señora Presas, confúndense se cren que a xente das Pontes non saben que vostedes están detrás do peche da central das Pontes, confúndense. Os únicos aliados que teñen os traballadores e que ten toda a comarca das Pontes son a Xunta de Galicia e o Concello das Pontes, (*Aplausos.*) porque estamos traballando precisamente as dúas administracións para buscar esa solución que dea un escenario que manteña operativa a planta. Iso é o que estamos buscando. Estanse realizando as probas, os resultados aínda non están pechados. E, polo tanto, o Concello, os traballadores, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transición imos avaliar esas probas e imos defender que se poida manter unha solución industrial para a central das Pontes malia a posición do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mire, señor Conde, xa aburre o seu discurso prefabricado e cansino de oposición permanente á primeira forza de oposición deste país. Sinceramente é que hipocrísia é a súa, que vén aquí a dicir coma quen que é a primeira vez na historia que lle preguntamos pola situación da térmica das Pontes. Señor conselleiro, non é nin a primeira vez neste mes. Aínda a semana pasada estivemos debatendo en comisión se algunha proposta dentro do marco dos proxectos europeos da Xunta de Galiza era ou non para as Pontes, e vostede só deu silencio. Polo cal, ¡hipocrísia, a xusta! Porque tamén vén vostede aquí a dicir que non lle preguntamos polas probas, cando é o que estamos facendo. Pois, mire, remita a información a este Parlamento, que non somos adiviños, señor Conde.

Pero, desde logo, o que é hipócrita é que tamén acusen aos demais de ter algún tipo de responsabilidade neste peche acelerado, cando aquí quen gobernan son vostedes, señor Conde. Poderíame pedir esa responsabilidade se estiveramos gobernando nós, pero non é así, señor Conde. Sabe vostede que ten responsabilidades coas que non está cumprindo.

Entón hoxe o que lle pedimos son cuestións moi claras: ¿que plan «b» ten a Xunta de Galiza? Vostede ten hoxe unha reunión moi importante ás seis da tarde. Eu espero que non vaia co mesmo ton macarra e baleiro de propostas co que vén a este Parlamento e que teña unha proposta e unha alternativa «b» para as persoas coas que se vai reunir. E espero tamén



que nos dea algún tipo de explicación de por que a Xunta de Galiza non actúa con celeridade neste asunto.

Porque, mire, as comparacións son odiosas, pero, igual que noutras crisis industriais deste país, a verdade é que é triste ver como vostedes venden unha presunta participación no equipo-país e despois vemos que non hai proba documental diso, que o equipo-país se está traducindo en cuestións concretas noutras latitudes e en Galiza aínda non. Supoño que terá algo que dicir diso, ou que terá algo que dicir do exemplo asturiano: «Principado, Instituto para la Transición Justa e municipios pecha unha lista de sesenta actuacións por 93,1 millóns de euros». Isto está pasando na fronteira coa comunidade, moi cerca das Pontes. ¿Que é o que está facendo a Xunta de Galiza para que As Pontes non quede atrás...? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Emprego e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, debería coidar a súa linguaxe, simplemente por un tema da Real Academia Española, simplemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Simplemente, simplemente! Pero, en calquera caso, eu lamento que vostede entenda que lle aburre a información, os datos e o rigor. Eu enténdoo perfectamente, porque vostedes se dedican a facer sectarismo político e simplemente unha política negacionista. O que veñen facer aquí é negar o emprego, negar a industria, e simplemente escudarse nunha situación utilizando tamén, lamentablemente, esa situación que están pasando os traballadores das Pontes para facer simplemente política. E creo que iso non o merecen os traballadores das Pontes. *(Aplausos.)*

Mire, señora Presas, a Xunta de Galicia sabe perfectamente cales son as súas competencias, perfectamente. E responde por elas. Pero vostede tamén sabe perfectamente que a política enerxética é unha política de competencia estatal e que, polo tanto, calquera decisión que se tome sobre as centrais térmicas en España é decisión que toma o Goberno, o goberno que vostede está apoiando, señora Presas, porque lle recordo que no mes de xaneiro vostedes pactaron en Madrid co Partido Socialista Obreiro Español e con Podemos. ¡Pactaron en Madrid, señora Presas! E pactaron de forma concreta o peche da central das Pontes. Así o recoñecían nese acordo entre o Partido Socialista Obreiro Español e o Bloque Nacionalista Galego. Daban por feito o peche da central das Pontes. ¡Home, por favor, por favor!, un pouco de respecto á memoria, un pouco de respecto, porque os traballadores das Pontes merecen respecto e vostedes non os están respectando. ¡E xa está ben!

O Goberno decidiu tomar unha decisión para pechar as Pontes que vostedes apoiaron. E este Goberno, xunto co Concello das Pontes, está traballando para que teña unha viabilidade industrial e que, polo tanto, con esas probas se lles permita dar unha solución para que os traballadores poidan manter os seus postos de traballo e que tamén os transportistas poidan



ter unha solución. E nós claro que estamos traballando na transición enerxética, pero primeiro queremos manter unha solución industrial para as Pontes, e por iso estamos realizando as probas. Imos loitar, xunto co Concello e cos traballadores, para que, se esas probas dan a viabilidade técnica e medioambiental, haxa un compromiso por parte de Endesa e por parte do Goberno para garantir o funcionamento da central durante os próximos anos. E, por suposto, seguiremos traballando nunha solución de transición xusta que o Goberno de España, lamentablemente, non tiña preparada. Tiña decidido pechar pero non tiña preparada cal era a alternativa, e vostedes apoiaron ese posicionamento, vostedes apoiaron dende o primeiro momento o peche das Pontes e deberían pedir perdón aos traballadores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Volvemos agora ao punto das interpelacións.

(*A señora Presas Bergantiños pide a palabra.*)

Si, señora Presas, ¿para que quere o uso da palabra?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Quería pedir a palabra con base no artigo 77.2. Este grupo parlamentario pide a lectura —se vostede pode lelo, como presidente— dun documento no marco do debate: o punto referido á central térmica das Pontes no acordo de investidura, que tanto lle gusta ao Partido Popular, para certificar que o que acaba de dicir o señor Conde é mentira.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Síntoo, non teño eu o punto dese acordo aquí dispoñible (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, pero non se preocupe, eu creo que dentro do debate, no propio debate, señora Presas, creo que queda suficientemente aclarado.

Continuamos coa interpelación seguinte.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral da mocidade

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Conselleiras, señorías, dende o Grupo Parlamentario do BNG traemos hoxe a este Pleno unha interpelación en relación coa situación laboral que vive a mocidade deste país. Os datos oficiais dan conta da situación desesperada que vive a mocidade galega en canto ás súas condicións laborais, en canto á capacidade mesma de ter un traballo e tamén en canto á



capacidade de ter un proxecto de vida propio froito da independencia económica e da capacidade de emancipación.

O mercado laboral xuvenil ten como características a temporalidade nos contratos asinados, que representan máis do 90 % do total dos contratos que asina a mocidade galega, uns salarios moi baixos, inferiores á media do salario percibido polo conxunto da sociedade galega, e unha taxa de desemprego próxima ao 30%. A isto hai que engadir unha destrución de emprego acumulada nos últimos once anos dun 46 % no que ten que ver co emprego xuvenil.

Señorías, señora conselleira, este é o panorama ao que se enfronta a mocidade galega dende hai moitos anos, sen que o Goberno da Xunta de Galiza aposte pola xeración de emprego xuvenil de calidade que permita fixar poboación e que as mozas galegas teñan un presente e un futuro digno na nosa terra. O Goberno da Xunta de Galiza non aposta pola mocidade, non aposta por un futuro mellor para o noso país, e unha das consecuencias máis palpábeis desta precariedade laboral e deste desemprego vézmo-lo na continuada expulsión da mocidade galega cara a outros lugares do Estado e do mundo. Porque a mocidade que emigra deste país cara a Madrid, cara a Barcelona, Sevilla, Tenerife, etc., tamén é emigración. Temos que considerala como tal e non facer trampas cos datos. Hai unha emigración xuvenil que afastou do noso país a preto de oitenta mil mozas na última década.

Neste último mes de decembro facíase público un informe do Foro Económico de Galiza coa problemática da fuga de talento, que non é máis que esta mesma emigración forzada ao non poder dispoñer de oportunidades de vida e traballo en Galiza. Este informe estima que o noso país —e non o digo eu, senón que está recollido tamén na prensa e no propio informe— perde entre 178 e 311 millóns de euros ao ano derivados da formación universitaria das mozas que non poden producir e xerar riqueza no país e ten que facelo fóra para sobrevivir. Este mesmo informe achega a cifra de 1.500 nacementos menos por ano no noso país por mor da mocidade que está fóra, e cifra tamén en 315 empresas as que se deixan de crear en Galiza por causa da emigración forzada, desa expulsión da mocidade galega por mor de como están as súas condicións laborais no noso país.

Temos un país cun devalo demográfico incesante, cunha crise industrial sen precedentes e no que só o 17 % da mocidade galega é independente economicamente, mentres que o 64 % de mozas menores de 30 anos —como ben di o Instituto Galego de Estatística— teñen que recorrer a seguir vivindo nas residencias familiares por non poder acceder a unha vivenda.

¿Podería explicar, señora conselleira, como é posíbel que nestes últimos once anos a Xunta de Galiza non levara a cabo ningunha política exitosa para reverter esta situación?

Coa chegada da covid —porque xa falamos que isto non é unha situación que se dea agora coa covid, aínda que se pretenda utilizar como escusa— o que se veu poñer de manifesto son os problemas que xa existían. Como xa temos falado moitas veces, a covid cebouse cunha mocidade instalada nuns traballos no sector servizos, uns traballos completamente precarios. E sabemos o que pasa co sector de servizos, cunha afección sen precedentes na mocidade por ERTE, ou directamente por desemprego ou por unhas condicións laborais que non



permiten, como dicía antes, nin unha independencia económica nin unha emancipación nin un proxecto de vida propio.

Á luz dos datos que mostran os diferentes organismos e institucións en relación con esta cuestión, nós entendemos que debemos xogar con dúas teorías: ou ben a Xunta de Galiza non sabe como paliar o éxodo da mocidade galega ou —o que me parece máis preocupante— non lle interesa facelo.

A min a verdade é que me parece perigoso o que escoitamos moitas veces, tanto nos medios de comunicación como neste propio Parlamento, cando se di que o Partido Popular non ten un proxecto para Galiza. A verdade é que non estou nada de acordo. O Partido Popular ten un proxecto clarísimo para o noso país: vendelo anaco a anaco ata converternos no país dos servizos, no país dos xacobeos e do turismo de baixo custo. E non, señoras do Partido Popular, non, señora conselleira, a mocidade non pode comer só da hostalaría, un país non pode comer só da hostalaría e do turismo.

¿Que alternativas lle van dar á mocidade cando Galiza é unha das comunidades do Estado na que menos se inviste en innovación, en desenvolvemento e innovación? Iso tampouco o digo eu, senón que tamén son datos oficiais. Galiza é o terceiro territorio do Estado onde máis caeu o investimento en innovación, onde medra a porcentaxe de terciarización da nosa economía, cando cada vez ficamos máis lonxe da porcentaxe mínima en termos de industrialización e de perda de peso dos sectores produtivos marcada por Europa.

As alternativas que lle dá a Xunta de Galiza á mocidade é a de mercarlle unha maleta e mandala a traballar cunhas condicións laborais pésimas a empresas estranxeiras, ao que vostedes lle chaman «galeuropa».

Vendo e repasando tamén o Plan estratéxico de xuventude 2021, da Dirección Xeral de Xuventude, vemos como en materia de emprego para a mocidade, a Xunta o único que ten é, como moito e no mellor dos casos, inserir a mocidade nun mercado laboral completamente precario e completamente temporal. A Xunta de Galiza, tanto a nivel nacional como internacional, está a funcionar coma unha ETT para a mocidade galega, (*Aplausos.*) dándolle traballos precarios a cambio de nada e cun futuro nada certo.

Como dicía antes, a mocidade non pode comer só do turismo, señoras do Partido Popular, precisamos mudar o modelo e que o noso país invista en investigación e en novas tecnoloxías, que se poña en marcha un plan de reindustrialización e o peche dos ciclos produtivos en Galiza. Precisamos un proxecto sólido de país, e iso é incompatible coa terciarización absoluta, coa dependencia do turismo e da hostalaría.

E vanme desculpar, porque vou citar tamén, como se acostuma facer neste Parlamento. Neste caso, como xa tivemos panxoliñas nesta sesión plenaria, citas e demais, eu tamén quería citar un grupo galego de música, un grupo que se chama Son da Rúa, un grupo composto basicamente por mozos galegos e que expresan o que pensa a mocidade galega. E Son da Rúa, pola man do compañeiro Hugo Guezeta, dicía que non podemos crer, que «non acreditamos en que liscar da nosa terra sexa un mal endémico», e engadía que «o seu séquito



terá choio por Ence, por Eulen, por Audasa ou pola Deputación de Ourense» —e eu quizás engadiría tamén Greenalia—, pero o resto da mocidade deste país non ten esas oportunidades e ten que ficar fóra do noso país cuns salarios e unhas condicións miserentas para poder levar a cabo a súa vida. *(Aplausos.)*

Dende o BNG entendemos que hai dúas pezas fundamentais para mudar este modelo e darlle un presente e futuro dignos á nosa mocidade e ao noso país. Precisamos dunha soberanía real para ser quen de poñer en marcha alternativas políticas que tanto precisa Galiza. E cando digo soberanía real non me refiro a vestirse de «Galicia, Galicia e Galicia» para meterlle o dedo no ollo ao Goberno do Estado cando non gobernan e estar caladas e submisas cando si o fan, senón que este país precisa vontade política para mudar as cousas. E aí dá igual quen governe no Estado, xa que o Partido Popular prefere centrar todos os seus esforzos no Xacobeo a fornecer unha alternativa sólida para as clases populares deste país.

E como tamén todo o mundo que sobe hoxe a falar está a falar do Nadal, eu tamén quero referirme a este concepto, e non para felicitar a todo o mundo sen máis —que poden darse por felicitadas sen problema ningún—, pero o que á mocidade galega máis lle gusta do Nadal —ou polo menos o que a min máis me gusta do Nadal— é que é a época do ano en que todas as nosas compañeiras, amigas, familiares e demais están aquí na terra, e é o momento do ano no que realmente podemos sentirnos completas como país, porque toda a xente que está fóra, na emigración, volve. *(Aplausos.)* Tiñamos que aspirar a iso —non só polo Nadal, senón todo o ano— e poder ter a nosa mocidade na casa. *(Aplausos.)*

Vou rematando. Se queremos garantir o futuro do noso país, é indispensable permitir que a mocidade galega e a emigrada poida producir e crear riqueza aquí, e que a que xa está aquí poida ter unhas condicións dignas de traballo.

E, señoras do Partido Popular, señora conselleira, imos tarde. A mocidade é o futuro pero tamén é o presente. E, se non se actúa no presente, non haberá futuro polo que traballar. Aposten dunha vez pola mocidade galega, aínda que elas non o fagan por vostedes. Facelo marcará a diferenza entre mandar e gobernar.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos Santomé.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días.



Deputados e deputadas, esta crise sanitaria tivo e está tendo un impacto significativo no emprego, en todo o emprego —este é un feito que é imposible obviar—, e tamén, por suposto, no emprego dos mozos e das mozas. É por iso que o Goberno galego se puxo en marcha dende o primeiro momento traballando intensamente do único xeito no que podemos garantir o mantemento do emprego, que é intentando manter a actividade.

Pero o certo é que non nos atopariamos cos datos que temos hoxe en día se non adoptásemos as medidas necesarias con antelación e co tempo suficiente. Se antes de declararse a pandemia, en todos os anos anteriores, non se adoptasen medidas dende o Goberno da Xunta de Galicia, as consecuencias da pandemia no emprego —e por suposto no emprego xuvenil— serían moito máis graves.

Teño que ser moi clara cando digo que os mozos e as mozas son un colectivo prioritario en todas as políticas de emprego da Xunta de Galicia. A situación do desemprego xuvenil é unha das principais preocupacións do Goberno. Estou de acordo, señor Ríos, en que é unha das principais preocupacións do Goberno non soamente porque estamos falando da nosa mocidade senón porque estamos falando do futuro de Galicia. Agora ben, o que non podo é ser tan catastrofista na situación que vostedes están plantexando. Vou intentar responder a todas as preguntas con datos e de xeito o máis ordenado posible.

Como lles dicía, comezaba, efectivamente, describíndolles que a situación e a realidade na que estamos é unha situación difícil. Vostedes plantexan unha primeira cuestión na súa interpelación, preguntan cal é a valoración que fai o Goberno da situación laboral da mocidade. Pois, como lles digo, a situación non é tan catastrófica como vostedes a queren facer ver. E non é tan catastrófica porque as cifras que dan conta da posición de Galicia no conxunto do Estado son cifras que amosan que estamos lonxe do Estado. Falamos dunha taxa de paro xuvenil de case catro puntos porcentuais por debaixo da media nacional. Falamos dun 11 % menos que ao inicio da segunda lexislatura en paro xuvenil. Galicia é a sétima comunidade con menor taxa de paro xuvenil. E se falamos de paro entre 16 e 24 anos, falamos de que somos a segunda pola baixa de paro xuvenil.

Se nos fixamos no número de ocupados, a evolución trimestral dos menores de 30 anos incrementábase en máis do 6 % —6.300 mozos e mozas activos máis—. Este incremento afectou a todos os niveis formativos, pero afectou máis e con especial énfase os universitarios, que son os que lograron a maior subida. En concreto, un total de 2.600 mozos con educación superior atoparon traballo no último trimestre.

En canto aos mozos parados, somos a terceira comunidade con menos nun terceiro trimestre de toda a serie histórica de datos —isto a pesar do difícil contexto no que estamos—.

Tamén se dá conta de como se reduciu en 4.900 a cifra de mozos e mozas que nin estudan nin traballan en Galicia dende o segundo trimestre do ano, representando de novo un peso, sobre o total da poboación menor de 30 anos, inferior á media de España —un 14,94 % na comunidade galega fronte ao 22,5 % no conxunto estatal—.



Todos estes datos non son datos que os diga eu, son datos que saen do IGE e que saen da EPA. Estes datos reflicten que as políticas activas de emprego e as iniciativas de apoio ao autoemprego e á mellora da situación laboral do colectivo de mozas e mozos que vimos aplicando nos últimos anos dende o Goberno galego están sendo efectivas. Dende o ano 2012, a Xunta investiu máis de 315 millóns en políticas activas de emprego para menores de 30 anos —39 millóns de media ao ano para máis de 250.000 mozos e mozas beneficiarias—. Esta porcentaxe incrementouse na última lexislatura: investíronse máis de 130 millóns, que son 43,6 millóns de media ao ano.

Falamos de emprego, pero falamos tamén de emprego de calidade. Cuestionan vostedes a nosa vontade, ou que non sabemos como garantir un traballo digno. Falan de temporalidade, e respecto da baixada da temporalidade, ou, ao revés, do incremento do emprego indefinido, Galicia aumentou un 5 % o emprego indefinido entre a mocidade galega —evolución que tamén é superior á rexistrada no conxunto do Estado—.

Os ocupados galegos menores de 30 anos con xornada a tempo completo representan no terceiro trimestre do ano 2020 —de novo datos da EPA— un 79,94 % do total dos ocupados neste grupo. O incremento foi neste sentido dun 6 % —4,5 puntos por riba da media nacional—. De feito, mentres no conxunto do Estado a evolución da porcentaxe de emprego xuvenil a tempo completo rexistra caídas anuais dun 0,27 %, Galicia aumenta en máis de 5 puntos.

Emprego de calidade tamén son as retribucións. Os datos que ofrece a Axencia Tributaria revelan que os salarios medios dos galegos medraron no último ano nun 3,76 %, e os traballadores máis novos son os que acadaron maior ritmo de subida —dun 5,34 % entre os de 18 e 25 anos e dun 4,38 % máis entre os ocupados de entre 26 e 35 anos—.

E todo isto vén acompañado polo esforzo da Xunta por poñer en marcha programas específicos para a mocidade. Din vostedes que non temos plans de emprego xuvenil. Claro que temos plan de emprego xuvenil. En cada unha das planificacións, tanto para autoemprego como para economía social, como para incentivos á contratación, como para as formulas mixtas de contratación e formación, temos plans específicos para o emprego xuvenil, empezando polo Plan emprego xuventude, dentro do Programa Galicia emprega, que impulsa a inserción laboral da mocidade con contratos de traballo en empresas dos diferentes sectores produtivos por medio de bonos ou de axudas para mozos e mozas, cando se trata de contratos indefinidos, por 6.000 euros e, cando se trata de contratos dun ano de duración, por 3.000 euros. Estes contratos pódense completar con bonos de formación —para os empresarios que opten por dar formación aos mozos e ás mozas— de 4.000 euros por contrato indefinido.

Temos tamén programas mixtos de emprego e formación, con contratos de formación e aprendizaxe; obradoiros de emprego específicos para mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no Programa de garantía xuvenil, acción dotada en cada convocatoria con máis de 7 millóns de euros, da que se benefician anualmente 300 mozos e mozas galegas —que, repito, asinan grazas a estes obradoiros contratos de formación e aprendizaxe, como son os obradoiros duais de emprego de carácter xeral ou os propios plans integrados de emprego,



programas pioneiros que invisten máis de 31,5 millóns de euros, incrementando a oportunidade de máis de 4.000 galegos e galegas, e que nunha gran porcentaxe son mozos e mozas que non superan os 30 anos de idade—.

Todos eses proxectos, señorías, dan resposta ás demandas do mercado de traballo xuvenil, á formación xuvenil; e activan tamén, por suposto, o desenvolvemento territorial, xeran riqueza e xeran postos de traballo.

Para finalizar a intervención, e como lles dicía, ademais das axudas á contratación ou os incentivos á contratación e as axudas á formación, mesturadas coa inserción laboral, temos tamén axudas para autoemprego. Dentro do paquete de medidas deste Goberno de apoio aos autónomos, temos tamén o apoio aos autónomos mozos e mozas a través de incentivos ao autoemprego con apoios para darse de alta como autónomos, nos que a mocidade é o colectivo prioritario, que reciben 4.000 euros en lugar dos 2.000 euros de axuda xeral para emprendemento. Co Bono Renova, de remuda xeracional, hai apoios de 5.000 euros para a persoa que transfire o negocio; pero, para o autónomo mozo, bonos de ata 14.000 euros, ao que se suman un incremento de 3.000 euros por traballador por conta allea no momento do traspaso —ata un máximo de cinco traballadores—. E o Bono Nova Oportunidade, tamén para os autónomos, pretende precisamente facilitar o cambio xeracional dos negocios dos autónomos. Este é un bono dotado con apoios de ata 12.000 euros por moza ou mozo autónomo.

En definitiva, hai unha aposta clara, como lle digo, polo autoemprego xuvenil, pola inserción laboral xuvenil, pola formación dos nosos mozos e das nosas mozas a través de todos estes programas específicos que lle veño de comentar. E coido que os datos que lle estou expondo revelan que temos un comportamento moito mellor no emprego xuvenil que a media do Estado español.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Conselleira, eu vou empezar por unha cuestión, e é que xa levamos uns meses de actividade plenaria —de actividade parlamentaria, desculpen— e o que máis se escoita é unha auto-compracencia e un autobombo a todo o que fai a Xunta de Galiza e, sobre todo, dicir: «Non estamos tan mal como o Estado». Señora conselleira, dende que goberna o señor Feixóo neste país marcharon preto de 80.000 mozas ao estranxeiro. Así a calquera lle saen as cifras e os datos. E xa o dixeran na PNL que presentou o Partido Socialista hai un mes aproximadamente: os datos o que teñen é que son útiles, pero é que tamén son moi interpretables e moi manipulables. Pero hai unha cuestión que se chama «realidade» e que ás veces lle gusta



impoñer o seu criterio. Vaia vostede á rúa, vaia vostede falar con mozas deste país, e dígalles: Non, pero vostedes non están tan mal, que imos tres puntos por debaixo da media española en tal... Iso ¿que lle resolve á mocidade deste país? Iso ¿que lle resolve cando ven que a día de hoxe teñen que volver á casa dos seus pais porque non teñen para pagar o alugueiro, cando ven que encadean contratos de traballo, tres contratos de traballo á semana, que é unha temporalidade brutal?

Fálame vostede de que aumentan os contratos indefinidos, e tamén fala dos contratos á xornada completa. O que non di é que os traballos á xornada completa que aumentan son de carácter temporal. Os contratos que asina a mocidade neste país, máis do 90 %, son de carácter temporal, sexa en media xornada ou en xornada completa. Eu non vexo ningún tipo de motivo para vangloriarse do que levan facendo todo este tempo.

A Xunta de Galiza insire a mocidade galega no mercado laboral, e esa suponse que ten que ser a súa función. Entón, reafírmome no que dixen antes: a Xunta de Galiza é unha ETT para a mocidade, que a insire nun mercado laboral completamente precario e temporal sen ter ningún tipo de proposta nin de alternativa para modificar esa cuestión.

A derogación da reforma laboral do PP polo PSOE, nada. Mentres gobernaban vostedes no Estado español non se tocaba. Agora que goberna o PSOE, tampouco. Hai que mudar o marco, non hai que lanzar a mocidade galega —desesperada por ter un proxecto de vida propio e por emanciparse, por ter unha vida— ao mercado de traballo dándolles cartos a empresas, para que cada seis meses contraten un mozo ou unha moza nova e que aínda por riba fagan caixa. E a mocidade deste país vai saltando de contrato temporal en contrato temporal, de contrato precario en contrato precario, sen saber onde vai estar dentro de seis meses.

A mocidade deste país non precisa contratos de formación, non precisa contratos de prácticas, precisa contratos de verdade. A mocidade galega, sexa polas vías que sexa, está completamente formada para poder acceder a un posto de traballo e desempeñalo igual ou mellor que calquera outra persoa deste país. ¿Por que teñen que cobrar menos as mozas deste país ca o resto da sociedade galega?

E non utilicen, por favor, a pandemia, a escusa da covid-19 para dicirnos que agora, claro, as cousas están mal porque hai esta pandemia, pero que, bueno, que menos mal que estamos nós, que, se non, sería moito peor. Isto non vén de hai dez meses. A mocidade galega leva con esta situación anos, anos e anos, mentres avanza a axenda neoliberal da Xunta de Galiza e do Estado español. Iso é o que pasa, é o modelo, é o mercado de traballo. Ese é o problema, non que vostedes lles dean cartos ás empresas para que contraten xente en precario durante seis meses. Iso non soluciona absolutamente nada. Pero, como dicía antes, non é que o Partido Popular non teña un proxecto para este país. Teno e moi claro, teno e moi claro: é vender —como dixen antes— anaco a anaco e deixarnos no país dos xacobeos e no país do turismo de baixo custo. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, señor Balseiro, falámolo aínda o outro día, a covid vén aínda a acelerar máis toda esta cuestión, a retirar máis dereitos laborais aínda se cabe, a negar aínda máis a capacidade de negociación colectiva. E xa non falemos do sector servizos, onde traballa a gran maioría da



nosa mocidade. ¡Claro que o sabemos! Eu mesmo —xa o dixen neste propio pleno— asinaba tres ou catro contratos á semana. Son traballador da hostalería. E era o que tiña. Igual ca min, moitísima outra xente. E eu non teño unha titulación universitaria, pero hai moita xente con titulacións universitarias tendo que traballar do que pode —nunhas condicións completamente precarias— ou, se non, tendo que marchar.

Eu espero que nestas festas do Nadal —como dicía antes—, que todo o mundo recibe familiares, compañeiros e amigos que están fóra, lles pregunten, que lles pregunten se poden volver a este país para traballar e ter unha vida aquí, que lles pregunten, e a ver o que lles din. Unha ampla maioría que está fóra, sobre todo a xente nova, non pode volver a este país porque non ve ningún tipo de alternativa nin de capacidade para facelo cunha mínima dignidade. *(Aplausos.)* Así é que non veñan aquí con datos. Saían á rúa, falen coa xente nova e díganlles os datos. Pero, claro, os datos xa sabemos o que son. Serven para escudarse detrás deles e ao final sacar un balance como a cadaquén lle interesa e seguir para adiante. Porque total, como dicía antes, o choio para algunhas está máis que asegurado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peché da interpelación, señora conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señor Ríos, creo que é difícil concluír da miña intervención que o Goberno cae na autocompracencia e no autobombo, cando eu comecei dicindo —e coido que sempre comezo dicíndoo, e nunca vou vir aquí dicindo que non— que estamos nun momento de gran dificultade. Creo que tamén dixen que para o Goberno galego o paro xuvenil era unha gran preocupación. Nós non caemos nin na autocompracencia nin no autobombo, co cal non manipule as palabras que eu empreguei, porque eu non caín aquí na autocompracencia. *(Aplausos.)* Outra cousa é que os datos sexan os que son.

E os datos que eu lle estou dando aquí non están manipulados. A min gustaríame saber de onde sae o dato que vostede di de que o 90 % dos contratos dos xoves son contratos temporais. Este dato é falso por completo.

Mire, os datos da EPA do terceiro trimestre pódelos vostede consultar. Non son datos dun periódico, dun informe independente, son datos da EPA. Os asalariados indefinidos galegos menores de 30 anos representan, no terceiro trimestre do ano 2020, un 41,96 % do total de asalariados neste grupo de idade. Entón, volvo dicir o que lle dixen na primeira parte da intervención: unha cousa é que evidentemente a situación é incerta, a situación é difícil —e non vai escoitar deste Goberno outra cousa—, e outra é caer en alarmismos ou catastrofismos que non son certos. Non pode vir aquí e dicir que o 90 % dos contratos dos traballadores



menores de 30 anos son todos contratos temporais, porque sinxelamente non é certo. (*Aplausos.*) ¡Non é certo! (*Aplausos.*)

A mocidade galega está perfectamente formada e preparada para traballar, non o dubido. Pero o que é un firme convencemento desta conselleira e do Goberno é que todos os traballadores, tamén os ocupados, teñen que formarse, e teñen que formarse porque a evolución do mercado laboral, a evolución da sociedade —e máxime neste contexto—, así o exige. Por iso me parece increíble que dende o BNG non se valore a formación para o emprego. A formación para o emprego —e non o dicimos nós, dende o Partido Popular, dío toda Europa— é esencial para conseguir adaptarse ás novas necesidades do mercado laboral. (*Aplausos.*) Sen formación non imos conseguir adaptarnos. Entón, resulta moi preocupante, ¡moi preocupante!, que un partido político poida afirmar tallantemente que toda a mocidade galega que abrangue ata os 30 anos de idade está xa plenamente formada para traballar, e que o que quere son contratos indefinidos e non se quere formar porque están todos xa preparados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Mire, dende a Xunta de Galicia tomamos medidas, e tomamos medidas necesarias co tempo suficiente. Isto é un feito, un feito que vén representado polas cifras. A vostedes non lles interesa saber a situación de Galicia en medio dun contexto nacional, pero é que Galicia non é unha illa. Galicia está en España, Galicia está en Europa e Galicia está no mundo. E Galicia é a segunda comunidade autónoma con menor porcentaxe de parados no tramo de 16 a 24 anos —concretamente un 14,1 % do total de parados EPA fronte ao 16,7 % que reflicte a media nacional—. Hoxe, aínda coa consideración de todo o que implica a crise sanitaria, Galicia é, en termos de desemprego xuvenil, a segunda comunidade cunha taxa máis baixa. Isto é así porque as decisións que se tomaron —pero as decisións que se tomaron xa antes da pandemia, coa que convivimos dende hai nove meses— ían na liña correcta.

Quero volver remarcar o compromiso absoluto do Goberno galego con todos os mozos e as mozas. A mocidade galega é un colectivo prioritario en todas as políticas de emprego da Xunta. Neste sentido —e por iso— mantemos, como lles dicía, programas específicos dentro de cada unha das actuacións de apoios á contratación e de apoios ao autoemprego dentro da comunidade autónoma, por medio de axudas ao cambio xeracional a autónomos, por medio de programas duais de emprego mozo con formación —que a vostedes non lles interesa—, por fórmulas de emprendemento e de emprego, e tamén por fórmulas de economía social que non referín na primeira parte da intervención, co programa «Aprol-Economía Social», un incentivo para cooperativas, para sociedades laborais e para persoas socias que decidan incorporarse —e aquí incentivamos e aumentamos nun 25 % no caso de que se trate de cooperativas xuvenís, podendo chegar ata 16.500 euros—. Son programas específicos con actuacións detalladas e con orzamento a prol do emprego xuvenil. Estas medidas en materia de emprego, xunto coa estabilidade política da que goza Galicia dentro do panorama nacional, é o que fai diferenciar Galicia do resto do Estado.

E remato lembrando os datos —datos da EPA e datos do IGE—. A taxa de paro dos menores de 30 anos é menor en Galicia que no Estado en máis de tres puntos porcentuais. A cifra de mozos parados é a terceira menor nun terceiro trimestre en toda a serie histórica. O número



de ocupados menores de 30 anos neste trimestre increméntase en 6.300 persoas máis. Son resultados froito de tomar as medidas necesarias co tempo e coa antelación suficiente.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata ás 16.15.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto noveno da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Señora conselleira, as grandes infraestruturas en Galicia e as políticas para as persoas están no noso debate diario. Ambas están estreitamente relacionadas cos orzamentos que se presentan ano a ano, pero parece que a nosa comunidade autónoma é a grande esquecida nos orzamentos que onte se aprobaron no Senado do Goberno do Estado. E aínda temos que escoitar á señora Montero dicir que ao país lle tocou a lotería con estes orzamentos. ¡Lamentable! E non é que o pense o noso grupo, o grupo maioritario desta Cámara. Tamén o pensan os que lle deron o apoio hai case un ano a un goberno socialcomunista, que nestas datas do Nadal asinaban un documento que se pode cualificar como unha carta aos Reis Magos. Polo que parece, un ano despois, o que vai chegar de todas aquelas peticións daquela carta será carbón; aínda que, para a xente das Pontes, nin sequera iso, porque o Ministerio de Transición Ecolóxica parece que está empeñado en quitarllo canto antes sen deixar alternativa ningunha para a supervivencia de toda unha comarca. Por certo, quero aproveitar para facer un recoñecemento a eses orzamentos do Partido Popular do ano 2018, que onte, despois de tres anos, o goberno de Sánchez e Iglesias, con apoios cando menos sospeitosos, acaba de xubilar. Tan malos non serían.

Nos últimos días, os medios de comunicación publicaron que o Goberno de Galicia ten previsto conxelar ou rebaixar as peaxes das autopistas autonómicas que unen Vigo e Baiona e tamén a que comunica Carballo coa cidade da Coruña; noticia que este grupo parlamentario recibe con satisfacción, xa que a decisión redundará en beneficio da competitividade das nosas empresas e do noso territorio, e por suposto constituirá un alivio para o peto de moitas familias galegas que dependen cada día desas autoestradas para desenvolver a súa actividade



diaria — máis aínda no contexto pandémico que estamos a sufrir e no contexto de incerteza que se presenta a nivel económico unha vez que superemos esta crise sanitaria —.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario do Partido Popular interésase por coñecer que peaxes vai aplicar o Goberno de Galicia a partir do vindeiro 1 de xaneiro nas autoestradas de competencia autonómica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lorenzo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o Goberno galego xestiona e, dende logo, decide pegado ao territorio e tendo moi presente o que acontece en cada momento, e máis con énfase ante a pandemia que temos e o estado actual; polo tanto, xestionamos pensando no obxectivo prioritario, que teñen que ser as persoas, e máis aínda neste contexto.

En primeiro lugar, ante as persoas, hai medidas específicas para aliviar a economía das familias en momentos de grandes incertezas, como é o momento que estamos a vivir. Neste contexto enmárcanse moitas actuacións con respecto á Consellería de Infraestruturas, como seguir avanzando e seguir executando novos treitos de vías de altas prestacións libres de peaxe. Aí está a autovía do Morrazo, que é o maior investimento feito en estradas nos últimos anos; a autovía Nadela-Sarria, que vimos de iniciar; a Vía ártabra, que está en plena execución, ou a de Tui-A Guarda, que comezará o próximo ano —todas elas libres de peaxe—. Tamén está o impulso que lle estamos a dar á autovía Santiago-A Estrada e tamén á continuidade da autovía da Costa da Morte.

E tamén, pensando nas persoas, e pensando en aliviar o peto das familias, está a decisión da Xunta de baixar ou conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas.

A partir do vindeiro 1 de xaneiro, o 1 de xaneiro do ano 2021, a autoestrada AG-57, Vigo-Baiona, manterase ou conxelarase para os vehículos lixeiros, agás para o treito A Ramallosa-Baiona, que baixará cinco céntimos. Para os vehículos pesados tipo 1 rebaixarase cinco céntimos nos treitos Vigo-A Ramallosa, e para os vehículos pesados tipo 2 pois diminuírá en sete dos once treitos. No resto dos treitos —como dicía— pois conxélanse.

Na autovía AG-55 A Coruña-Carballo, tamén se conxelan as peaxes para os vehículos lixeiros. Para os vehículos pesados tipo 1 pois tamén se conxelan salvo o treito Paiosaco-A Larracha, que baixa, minórase. Reducirase tamén en cinco dos once treitos para vehículos pesados tipo 2.

No vindeiro ano continuaremos afondando nas bonificacións ás familias en Galicia. E neste sentido para o ano que vén terán as familias numerosas novas bonificacións importantes,



que se suman ás bonificacións que xa están a ter as autovías e autoestradas da Xunta de Galicia. No ano 2010 implantamos bonificacións nos horarios frecuentes —descontos do 25 % na volta no mesmo día e do 50 % na segunda volta, tamén no mesmo día, descontos tanto para vehículos lixeiros como para vehículos pesados—. Tamén en outubro de 2019 incrementamos o 50 % de desconto en horario nocturno. Polo tanto, pensamos por e para as persoas, e as autoestradas da Xunta serán das máis baratas de toda España.

E vemos que non pasará o mesmo coa AP-9 pese á alegría fogueteira de moitos deputados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica do señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, non cabe dúbida, logo do que acabamos de escoitar, do firme compromiso da Xunta de Galicia e da súa consellería coas políticas para as persoas e as empresas. Como acaba de apuntar, deses descontos e bonificacións beneficiaranse familias, pemes, autónomos e empresas, que cada día percorren esas vías de comunicación que sen dúbida mellorarán a súa calidade de vida.

Esta mañá unha deputada pedía a lectura dun artigo dun documento en relación cun debate. Como creo que vén a colación, vouno ler eu. O punto 4 dese documento, *Compromiso con infraestruturas básicas, apartado a)*, di: «Aprobar no Congreso dos Deputados a Proposición de lei do Parlamento de Galiza para a transferencia da AP-9 ao longo do ano 2020 e incluír esa autoestrada nos esquemas de compensación para a rebaixa das peaxes que se poñan en marcha para as concesións de longo prazo aínda vixentes, garantindo como mínimo a bonificación do cen por cento da peaxe para usuarios recorrentes —dúas veces ou máis ao día—, tanto a particulares como a profesionais durante todos os días da semana. O custo desta bonificación corre a cargo dos orzamentos do Estado e aplicarase a partir da aprobación dos orzamentos xerais do Estado 2020. Gratuidade do tramo Vigo-Redondela. E, ademais, establecerase un compromiso de eliminar durante a lexislatura o impacto nos usuarios da AP-9 do incremento extraordinario acumulativo durante vinte anos contemplado nos reais decretos 1.733/2011 e 104/2013 e as súas addendas e desenvolvementos posteriores. Así mesmo, acórdase a execución do coñecido como “o nó de bombeiros”, na cidade de Pontevedra».

A unha semana de que comece o 2021 gustaríanos coñecer se o Goberno da Xunta de Galicia coñece cales serán as peaxes que se aplicarán a partir do 1 de xaneiro nas autoestradas de titularidade estatal.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lorenzo.

Peché da pregunta pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, as rebaixas das peaxes das autoestradas autonómicas están aí, con luz e taquígrafos. E non pasa o mesmo coa AP-9 e coa AP-53, competencia do Estado. E non é por non requirir aclaracións ao respecto.

Volvo insistir. Trasládouse unha alegría fogueteira sobre un anuncio inconcreto, incompleto, para agochar un dos orzamentos peores do Goberno de España nos últimos quince anos, un papelón do Partido Socialista aquí en Galicia, uns orzamentos nefastos e unhas contas, dende logo, nocivas que, ademais, esquecen a AP-53. A piques de comezar o ano 2021 non sabemos nin canto nin como nin cando nin durante canto tempo os usuarios da autoestrada AP-9 van ter esas bonificacións que se anunciaron así, con alegría fogueteira.

O 1 de xaneiro ¿que vai pasar, señorías?, ¿que vai pasar o 1 de xaneiro coa AP-9? Vai subir. A única autoestrada de España que suba a súa peaxe será a AP-9.

Chama a atención tamén o feito da supresión da peaxe en Redondela, un compromiso do ano 2018 que se estaba traballando co goberno de Mariano Rajoy. Nada sabemos. Está conxelado, iso si que está conxelado. E a piques de iniciar o ano 2021 os galegos non sabemos absolutamente nada desas bonificacións, dese anuncio —que era soamente un anuncio— para as peaxes da autoestrada AP-9. Moito tememos que non estarán activadas, que seguiremos pagando o pato os galegos pola xestión do Goberno de España. É coñecida a postura do Goberno galego, é coñecida a postura sobre ese incremento extraordinario das peaxes. O Consello Consultivo, o informe do Consello Consultivo, di que é nulo de pleno dereito, e nin caso no Goberno de España. Está enviado o informe do Consello Consultivo. ¡Nulo de pleno dereito, non sei cantas veces o teño que repetir! Coñecida tamén é a nosa opinión dos beneficios, sempre, de Audasa cando goberna o Partido Socialista en Madrid, e seguen a escocernos, por suposto que si, eses 1.400 millóns de euros que hai que pagar á concesionaria para unhas obras de 300 millóns de euros por un real decreto do ano 2011 asinado por quen saben vostedes.

Seguiremos e continuaremos reclamando esas bonificacións —e por suposto a de Redondela, da que nada sabemos—. Estamos cansos xa de enganos con relación á AP-9.

E o resumo da situación das peaxes é moi simple: a Xunta cumpre e o Goberno de España non, en relación coas peaxes do noso territorio. A Xunta conxela ou reduce as peaxes das autoestradas da súa competencia pensando no benestar das familias, para que aforren os galegos, que están pasando moitas dificultades. E en fronte temos anuncios. O Goberno galego ten os deberes feitos; o Goberno español, a asignatura pendente. E todo semella que a AP-9 será a única autoestrada de España que suba as peaxes a principio do ano 2021.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da restitución do pazo de Meirás ao patrimonio público e a súa opinión respecto do uso que debe ter no futuro

O señor PUY FRAGA: ¡Ola!, moitas grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Como todos sabemos, o pasado 6 de novembro coñecemos a primeira sentenza relativa á propiedade do pazo de Meirás. Onte tivemos na Cámara precisamente un debate no que, en nome do Grupo Popular, eu me congratulaba, porque era un éxito conxunto, un éxito da sociedade galega. E cada parte da sociedade que participou neste proceso pois ten unha cota de participación no éxito. Certamente é maior a dos que, desde o primeiro momento do pasamento do ditador, pois reivindicaron a propiedade e tiveron a lucidez histórica para saber que a propiedade do pazo na familia era o resultado dun espolio; en segundo lugar, tamén a dos historiadores, que ao longo de todo este tempo culmina co libro do ano 2017 dos historiadores Babío e Pérez, que dan documentación máis precisa que explica como foi ese espolio; e tamén certamente a dos xuristas.

En todo este proceso, eu quero manifestarlles o agradecemento que ten o Grupo Popular, e que eu creo que é compartido dalgunha maneira por toda a Cámara. Porque o certo é que no ano 2017 lle solicitamos á Xunta a constitución dunha comisión de expertos que integrara xuristas procedentes das universidades, pero tamén de colexios profesionais, como o de notarios, e outras personalidades tamén do mundo da historia, ou coñecedores da lexislación pública sobre patrimonio. E o certo é que esa comisión técnica, presidida polo profesor Núñez Seixas foi a que atopou un mecanismo xurídico que, unha vez analizado pola propia Avogacía do Estado, mais ao atopar un documento adicional que esta comisión non tiña no propio arquivo dos colexios notariais, xustificou todo o proceso. Iso conlevou un resultado que en boa medida foi impulsado pola seriedade coa que dende a Xunta se tomou a constitución dese comité, que tamén propiciou vostede sendo conselleiro de Cultura cando o Parlamento solicitou que a Xunta fose parte coadjuvante na demanda; polo tanto, entre os méritos que cómpre salientar está tamén o da Xunta.

E nós, precisamente por iso, queremos expresarlle o noso agradecemento e tamén pedirlle unha valoración sobre como chegamos a este punto e a situación actual, tendo en conta que efectivamente a sentenza non é firme e a familia ten dereito a un recurso —que estamos seguros, porque o teñen anunciado, de que o plantexarán—.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías.

Señor deputado, sen dúbida estamos ante un logro histórico, no cal primou o consenso social, os acordos políticos e o respecto á legalidade. Despois de moitos anos, como se puxo de manifesto no debate de onte, de reclamacións, de estudos, de investigacións, de demandas políticas e sociais, pois conseguiuuse este obxectivo.

Esta Cámara, este Parlamento, tivo unha relevancia significativa. Instou en primeiro lugar a Xunta de Galicia para a posta en marcha dunha comisión con expertos no ámbito xurídico e no ámbito histórico. Así se fixo. E esta comisión elaborou un ditame moi sólido —que posteriormente se aprobou tamén nesta Cámara— para que se elevase ao Goberno do Estado para que se puxese en marcha unha demanda e un proceso civil para a recuperación do pazo. Estes argumentos foron moi significativos, moi importantes. De feito, a propia avogada do Estado vén de recoñecer nun medio de comunicación estes días que tiveron unha significancia e unha relevancia na estratexia e na argumentación da propia Avogacía do Estado.

Obviamente hai que agardar a sentenza firme. Estamos nun proceso aberto de execución da sentenza. Agardamos que vaia na liña que todos desexamos e que, unha vez que sexa firme, se poida pasar a xestión a Galicia. E despois deste logro, deste éxito colectivo, toca seguir. E toca seguir dignificando as torres de Meirás e o que significan.

Neste sentido, apelamos de novo ao espírito de unión, de consenso, de altura de miras, que primou en Galicia dende o ano 2017 ata hoxe. A Xunta de Galicia, dende o minuto un, e unha vez coñecedora da sentenza, traballamos nun plan de usos. E quixémolo plantexar e aportar como un punto de partida, poñelo á disposición da sociedade galega para, a partir de aí, abrir un debate, fomentar a participación e deseñar entre todos un uso acaído das torres de Meirás.

Hai uns puntos iniciais: que sexa un espazo aberto á cidadanía, que sexa un espazo vivo e que conte a historia completa do recinto das torres de Meirás. É obvio que hai dúas referencias: Emilia Pardo Bazán e Franco. E nós queremos que haxa un relato completo sobre este recinto. Pensamos que ambas referencias son compatibles no relato expositivo das torres, sen ningún complexo e sen ningunha porcentaxe. Pensamos que os valores democráticos, que a cultura, que a igualdade entre as persoas está moi por riba e son moi superiores ao que significa unha ditadura, a intolerancia, o abuso, a represión, o horror, o espolio, e queremos que as torres de Meirás sexan o que nunca deberon deixar de ser: un faro que irradie igualdade, que irradie cultura, que irradie democracia. Así o levamos pensando e así traballaremos para poder conseguilo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Moitas grazas, teremos outros turno.

Réplica, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, certamente foi unha mostra esta sentenza do triunfo do Estado de dereito e da democracia pola súa superioridade moral sobre as concepcións das ditaduras, e



nomeadamente da ditadura franquista. E certamente iso é algo que todos debemos de celebrar. Precisamente coa propia recuperación, cando se confirme a propiedade pública do pazo —que todos facemos votos para que así sexa—, confiamos en que esa superioridade moral da democracia quede ben patente a través dun plan de usos.

Certamente nós compartimos que o ideal sería que houbese un consenso, e ademais cremos que ese consenso é ben fácil, porque a declaración BIC, que foi feita por un goberno formado polos partidos que agora están na oposición, deixaba claro cal era o valor histórico daquel recinto, que era precisamente a creación dunha escritora singular polo seu avanzado feminismo e forma de ser na España do cambio de século; pero a maiores tamén como recinto de expresión histórica dunha etapa franquista na que o propio pazo se converteu nun símbolo da forma de actuar á marxe da lei, pero dándolle aparencia de xuridicidade aos actos que alí se celebraban ao longo de todo ese tempo. E, polo tanto, cremos que iso é fácil, unido, evidentemente, aos usos abertos á poboación —empezando pola de Sada—.

Desgraciadamente, eu citaba a Tódorov, que dicía que a memoria histórica pode ser utilizada de dúas maneiras, dunha maneira máis exemplar, que nos libera dos problemas do pasado e que nos permite combater as inxustizas do presente; e dunha maneira que el chamaba «memoria mística», que é ir ás esenciais e dalgunha maneira traer os conflitos do pasado ao presente. Nós certamente estamos pola primeira forma, e teño a sensación de que hai quen aínda desexa, por intereses presentes e non polo recoñecemento do que pasou no pasado, pois manter a confrontación.

Nós animámolo a traballar neses usos. Cremos que é o lóxico e que no fondo hai un consenso de raíz porque está na propia declaración BIC, e animámolo a traballar nesa liña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Peché da pregunta polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas.

Nesa liña é na que queremos traballar. Recentemente se creou na propia Delegación do Goberno unha comisión formada polo Estado, neste caso polo secretario de Estado de Memoria Democrática, pola propia Xunta de Galicia, pola Deputación da Coruña e tamén polo Concello de Sada, onde pretendemos e temos todos a idea de crear un consenso, de crear unha unión, de compatibilizar e contar a historia completa do pazo —Emilia Pardo Bazán e Franco—.

Creo que debemos primar moito máis o que nos une que o que nos separa, sen dúbida. E non deberíamos ter problema, ningún problema, para chegar a un acordo. E eu lamento, a verdade, despois de escoitar o debate de onte, que se substanciou neste Parlamento, que non fósomos capaces de chegar a un acordo e de non lanzar unha mensaxe de unión forte a todos os galegos e a toda a sociedade. Dá a sensación de que algúns están máis cómodos en dis-



cursos diverxentes, e de que incluso intentan crear unha especie de relato propio e de situar nalgún marco —por eles pretendido— o Partido Popular. E eu digo aquí nesta sede parlamentaria, e sen ningún tipo de complexo, que este goberno ao que pertenzo, este grupo parlamentario ao que pertenzo e este partido ao que pertenzo non teñen ningunha débeda moral nin política co franquismo, ningunha débeda moral nin política co franquismo. (*Aplausos.*) E se nos acusan de branquear ou de ocultar, eu fágome a seguinte pregunta: ¿no palacio do Pardo ocúltase algo ou branquéase algo? Señorías, teñamos sentido común.

¿Cal é o problema de facer un programa museográfico, un programa expositivo, un programa didáctico, con actividades de emprendemento, nun recinto con dous eixos temáticos: Emilia Pardo Bazán —intelectual, creadora, feminista, pioneira do feminismo— e Franco —con todo o que significa, o que significou, e poñer os valores democráticos moi por riba do horror da ditadura—? Non sei cal é o problema. Como tampouco sei como se cuestiona tanto dedicar o espazo exterior, o fantástico espazo exterior do xardín, a un espazo de reflexión e de memoria. ¿Ou acaso un dos mellores referentes mundiais de espazos da memoria non é un espazo aberto, un espazo público, como hai en Berlín —feito, por certo, por Peter Eisenman—?

Pensamos que as torres de Meirás deben ser, sen dúbida, unha referencia que sirva para unírnos. Non debemos esquecer que aí viviu un ditador, non debemos esquecer os horrores da ditadura. Pero aí viviu unha creadora que quixo e deseñou o pazo cunha finalidade e cuns usos. Por certo —e xa para rematar—, creo que son absolutamente compatibles. Así o din moitísimos expertos, catedráticos de universidade, premios nacionais de historia, e vou recoller unha frase dun político nada amable co Partido Popular, agora metido a xornalista, e que di: «Un non acaba de entender por que hai que escoller, por que non se pode dedicar o pazo de Meirás ás dúas cousas, que amais sería a solución propiamente galega»: tolerancia, consenso, menos visión partidista e, en definitiva, señor presidente, sentidiño. E moi boas festas para todos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Antes de máis, van permitirme que saúde os técnicos de emerxencias sanitarias que están a seguir esta sesión dende unha sala do Parlamento.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Estamos no medio dunha pandemia como non tiñamos coñecido, e na loita contra a mesma é imprescindible poñer en marcha todas e cada unha das medidas das que se poida dispoñer.



E a principal medida e a máis importante é ter un sistema sanitario forte, ben dotado, con recursos e con persoal con condicións laborais dignas e protexido. E dentro do sistema sanitario, o servizo de transporte de doentes ten un papel esencial e, como tal, debería estar perfectamente inserido no sistema sanitario. Mais esa non é a realidade.

Son habituais as denuncias de irregularidades na calidade asistencial, nas condicións laborais do persoal, nos déficits de desinfección dos vehículos. E coa covid a situación, dende logo, non mellorou. Neste servizo traballan ao redor de dous mil técnicos de emerxencia sanitaria, tanto no servizo urxente como no programado, un colectivo que se sente abandonado e desprotexido fronte á covid. E ¿por que? Porque están en primeira liña de posibilidade de contaxio. Manteñen unha relación moi estreita cos doentes nos domicilios, nas camas, ao pasalos ás cadeiras, ás padiolas, con contacto físico directo ao ter que abrazalos, mobilizalos ou cargalos. Son doentes, en moitos casos, inmunodeprimidos, con enfermidades graves, moi vulnerables. Realizan técnicas de oxigenoterapia e reanimación, que implican manipular vías aéreas, xerar aerosois cunha gran carga viral nunha reducida cabina —que é a das ambulancias—. Realizan un traballo que exige esforzo físico, concentración, axilidade, e en longas xornadas laborais. E en moitas ocasións vai un só técnico. E todo isto aumenta o risco de que o material de protección se mova ou se rompa, no caso de que este material de protección sexa o axeitado, que en moitos dos casos non o é. De feito, hai moitas empresas que acumulan denuncias en Inspección de Traballo por entregar EPI que non reúnen as características técnicas necesarias nin en cantidades suficientes nin coa talla axeitada nin con condicións hixiénicas.

E a pesar de todo o que lle acabo de dicir, señor conselleiro, en nove meses desde o mes de marzo, no que se iniciou a pandemia, non lles realizaron nin unha soa PCR, ¡nin unha soa! (*Aplausos.*), nin unha soa PCR.

E a pregunta é sinxela. É se así é como loita a Xunta contra a cadea de transmisión de contaxios, sen protexer un colectivo de dúas mil persoas que están en contacto permanente con doentes positivos ou potencialmente positivos, que traballan sen que se lles fagan PCR, cribados, que recollen doentes en moitos casos sen saber se son positivos ou non, sen poder manter a distancia de seguridade, sen material de protección axeitado, sen as desinfeccións axeitadas. E as empresas desertan das súas obrigas e o Sergas permítelleo, señor conselleiro. Vostede estállelo a permitir.

Por iso, insisto coa pregunta, que é moi sinxela. ¿Que medida vai tomar a Xunta para rematar con esta situación e garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias fronte ao contaxio por covid-19?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.



Señorías.

Señora Prado.

Agradezo moito esta pregunta do Bloque Nacionalista Galego e a súa preocupación pola seguridade do persoal sanitario. Por outra banda, tamén quero agradecer ao Grupo Popular o seu voto antonte para rexeitar unha emenda, precisamente do BNG, na que pretendía retirar máis de 50 millóns da partida coa que o Sergas financia os EPI do persoal sanitario. As preguntas e a preocupación son moi de agradecer, pero garantir os recursos éo máis.

Dito isto, os técnicos de emerxencias sanitarias que traballan en Galicia teñen e tiveron dende o inicio da pandemia a mesma consideración para a Xunta de Galicia que o resto de persoal sanitario que pertence ao sistema público de saúde da nosa comunidade. No referido á dispoñibilidade de acceso ás probas para diagnóstico da covid foron considerados como persoal esencial, igual que o persoal pertencente ao Sergas, o mesmo que outras profesións tamén esenciais, como policía, bombeiros, etc., dándolles prioridade no acceso á realización de probas diagnósticas no momento de presentar síntomas.

Como vostede ben sabe, señora Prado, a PCR non é a única ferramenta de diagnóstico que temos no Sergas. A que se usou preferentemente cos traballadores foi o test de anticorpos, e, por suposto, os traballadores de emerxencias sanitarias tiveron acceso a eses test de anticorpos nos dous cribados que o Sergas fixo a todo o seu persoal.

Outro momento crítico no que quedou demostrado este trato preferente foi o momento en que algúns destes profesionais foron usuarios dun material facilitado dende o Goberno central. E o mesmo Goberno informaba a posteriori de que tiña dificultades, e que non cumpría coa normativa europea. E nese intre a Xunta de Galicia retirou o material e citou para a realización preventiva das probas de diagnóstico a médicos, enfermeiras, TCAE e demais profesionais do Sergas, e tamén, por suposto, os técnicos de emerxencias sanitarias que foron usuarios dese material. Estes técnicos tamén foron citados para a realización dos cribados xerais —os que comentaba agora mesmo— de todo o persoal do Sergas —no mesmo tempo, coa mesma proba e co mesmo trato—.

Esta situación quedou, ademais, demostrada no momento en que un sindicato —neste caso a CIG— solicitou en todas as áreas sanitarias o establecemento de medidas cautelares pola falta de realización de probas de cribado e diagnóstico para a covid. E a xustiza entendeu que o Sergas estaba a garantir que as ditas probas se realizaban con forma e instrucións contidas nos documentos elaborados por expertos en saúde pública. Nesa ocasión achegáronse probas obxectivas das datas de realización dos cribados, e dos traballadores aos que se lles realizaban as ditas probas —que, por suposto, incluían os técnicos de emerxencias nas probas de anticorpos—.

Na actualidade non hai ningunha variación en canto ás consideracións expostas. A Xunta segue a cumprir o protocolo, como non podía ser doutra maneira, tendo os técnicos de emerxencias sanitarias galegos o mesmo nivel que os profesionais sanitarios no relativo á indicación de probas, cribados e demais. Señorías, hoxe veño garantirlles que este Goberno nin



se esquece nin se esquecerá da protección dos nosos profesionais, nin respecto dos técnicos de emerxencias nin do resto do persoal sanitario, ao que tanto lles agradecemos o seu traballo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor conselleiro, eu agradézolle a preocupación. Mais coa afirmación que acaba de facer de que tiveron trato preferente vostede sabe que está faltando á verdade, sabe que está faltando á verdade. Non pode ter un trato preferente un colectivo que está en contacto directo e permanente con doentes que poden estar contaxiados e que poden contaxiar —en moitos casos doentes cunha situación moi delicada— e ao que non se lle fixo nin unha soa vez a entrada en ningún cribado PCR. Vostede sabe que iso é así. E traemos isto aquí porque non é un tema puntual, non é unha casualidade, senón que chove sobre mollado. É constante a desprotección por parte da Xunta do colectivo de técnicos de emerxencias sanitarias. (*Aplausos.*) ¡É constante! (*Aplausos.*)

Vostede non pode agacharse detrás de pedirlle sentidiño á poboación cando despois non fai o que ten que facer, empezando polos profesionais que teñen que coidar a poboación. Estes profesionais tiveron desde o primeiro momento moitas dificultades. Tiveron que buscar eles mesmos material de protección porque non o tiñan; tiveron que andar mendigando, empezando polas adegas.

A consigna por parte das empresas sempre foi o menor custo posible, que racionalizasen e que reutilizasen o material. E eu hoxe aquí pídolle rectificación, señor conselleiro. Se de verdade se preocupa e non se esquece deles, rectifique e tome medidas. Porque non realizar tests nin facer rastrexos entre este persoal non evita os contaxios, soamente os agacha. Non os evita, simplemente os agacha, pon en risco a súa saúde, a saúde do resto dos doentes e a saúde da súa familia.

Por iso lle pido que estableza a obrigatoriedade de que tamén se lles faga PCR —como persoal de risco que é—, que garanta que dispoñan dos equipos de protección individual precisos, coas condicións precisas, e que realice as inspeccións nas empresas para garantir que se estean protexendo. Se realmente lle preocupa este persoal, actúe e faga como mínimo estas tres cousas: que se lles fagan PCR, que se garanta que dispoñan de equipos en cantidade e calidade necesaria e que se inspeccionen as empresas para ver se realmente están traballando nas condicións de seguridade precisas para eles...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...para os doentes e para o resto da poboación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Pече da pregunta.

Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Falemos de equipos de protección individual, dos que o BNG se esquece. A Xunta facilitou e garantiu que no primeiro momento da pandemia as empresas adxudicatarias do transporte sanitario —tanto urxente como non urxente—, así como o resto de empresas deste sector, pertencentes ao ámbito soamente privado, dispuxesen dos equipos de protección individual adecuados a cada situación. Insisto, neste momento tamén fixemos a mesma distribución de material que para os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde nese primeiro momento.

Por outra parte, as empresas adxudicatarias do transporte sanitario teñen os seus propios servizos de prevención laboral —como vostede ben sabe— e traballaron conxuntamente cos responsables sanitarios da Xunta na elaboración dos protocolos para protexer os seus traballadores fronte á covid. Mesmo no caso dos traballadores que prestan servizo para o 061 a través das empresas correspondentes recibiron os protocolos actualizados momento a momento e día a día, cos cambios perfectamente actualizados conforme as indicacións do Goberno central e dos servizos de saúde pública.

En relación coa forma de proceder, no momento en que calquera técnico de emerxencias sanitarias presenta sintomatoloxía ou unha proba positiva para a covid, está establecido nos protocolos da Xunta —elaborados pola Dirección Xeral de Saúde Pública— que é a xefatura provincial de Sanidade —a autoridade nesta materia— a que se encarga da xestión da situación—, tendo en conta o tipo de contactos cos seus compañeiros de traballo e decidindo quen é ou quen non é contacto estreito e que decisión técnica sanitaria é a utilizada para levar a cabo.

Penso que queda claramente explicado e demostrado que os técnicos de emerxencias sanitarias si que teñen a mesma consideración para a Xunta que o persoal sanitario, de maneira que estes profesionais saben que poden continuar a desenvolver un magnífico e profesional traballo —que veñen demostrando dende sempre e, unha vez máis, dende o comezo desta pandemia—.

Eu persoalmente, ademais, señora Prado, na miña condición anterior de xerente da área sanitaria de Vigo, manexei os listados de técnicos de emerxencias sanitarias da área de Vigo e chamámoslos por teléfono para facer probas de tests de anticorpos. Entón non sei a que probas se refire vostede que non foron feitas. Sempre que se fixo un cribado xeral aos traballadores do Sergas fíxose o cribado aos técnicos de emerxencias, co mesmo test que se facía ao resto de traballadores —neste caso, repito, test de anticorpos—. Cando sae un positivo nun traballador de emerxencias sanitarias fáiselle PCR a ese colectivo, igual que se fai cos profesionais sanitarios do Sergas. De verdade, non entendo cal é o problema. Teñen a mesma



consideración e o mesmo trato que o resto de traballadores sanitarios, exactamente o mesmo.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María González Albert e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solución prevista polo Sergas para resolver o déficit de facultativos de radiodiagnóstico na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no Hospital Público do Barco

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María González Albert, do Bloque Nacionalista Galego.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Grazas, señor presidente. Boa tarde, señor conselleiro.

No día de Nadal cumprírase un mes desde que o Hospital Público do Barco de Valdeorras perdeu dúas das catro radiólogas coas que contaba, ficando o servizo ao 50 % das súas necesidades. Esta situación serviu para profundar no déficit destes profesionais que padece a EOXI tamén nos centros de Verín e de Ourense.

E ¿que aconteceu en Valdeorras neste último mes? Cando desde o BNG presentamos esta iniciativa tiñamos dúbidas de como pretendían facer funcionar o servizo fóra do horario de mañá, aínda que tiñamos claro tamén que a merma da calidade asistencial sería evidente. Lamentablemente, agora sabemos moi ben o que aconteceu.

E aconteceron dúas cousas. Dunha banda, que o Sergas instaurou como norma o telediagnóstico con profesionais de garda en Ourense que informan a distancia sobre TAC con contraste feitos no Barco. Iso si, sempre que o médico de urxencias do Barco asuma a responsabilidade no caso de calquera problema, o que —como vostede sabe— non sempre está a ser así. Xa tentaron hai anos implantar o anel radiolóxico, e agora cálzannolo en Valdeorras. E a segunda cousa que aconteceu é a normalización dos desprazamentos en ambulancia a Ourense para ecografías habendo ecógrafo no Barco; o cal é unha barbaridade por múltiples motivos, e moito máis habendo en Valdeorras unha única ambulancia de traslados.

Esta situación de precariedade perdurará no tempo até que se adxudiquen os destinos da vindeira oferta pública de emprego, que é cando poderán vostedes bloquear radiólogas nos hospitais de Verín e o Barco. Aínda que, claro está, só até o seguinte concurso de traslados. Tendo en conta que probablemente a OPE teña lugar no verao e que non se resolverá até o vindeiro inverno, a perspectiva é de, cando menos, un ano enteiro nesta situación, que podería agravarse se algún dos radiólogos de Ourense deixa de facer gardas por cumprir 55 anos.

Agora a Consellería descólgase anunciando a bombo e prato unha oferta de contratos de longa duración para cubrir as prazas do Barco —que publicarán no DOG, segundo informa



a prensa— mentres non se resolve esta OPE. Cabería preguntarse, entón, que clase de contratos en precario ofertaban até o de agora se pensan que con ese único incentivo as profesionais se desprazarán até Valdeorras.

O que non serve é escudarse nos incuestionábeis dereitos laborais das profesionais de escoller praza dentro do sistema para subtraerse das críticas á súa nefasta xestión. A marcha destas dúas radiólogas era coñecida desde hai meses. Polo tanto, desde hai meses tamén todas sabiamos que o servizo ía ficar en precario. ¿Por que na súa consellería non se interveu antes de que o problema estoupase?

Señor conselleiro, un hospital pode funcionar sen moitos servizos —e ben é certo que o de Valdeorras ten moitísimas carencias—, pero o que non pode é funcionar sen servizo de radioloxía se quere seguir a chamarse hospital cando até o 80 % dos diagnósticos hospitalarios precisan dalgunha proba radiodiagnóstica. Ofrecer contratos precarios é unha forma miserable de descapitalización humana dun hospital comarcal e é o que están a facer —de xeito, ademais, sistemático—.

Por todo isto, pregúntolle de novo se articulou o Sergas unha solución real para o problema da falta de facultativos de radiodiagnóstico na EOXI de Ourense, Verín e o Barco; e, nomeadamente, no Hospital Público de Valdeorras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora María González, a situación da que o seu grupo me fala ten causa nunha das principais medidas en materia de recursos humanos que adoptou esta consellería nos últimos anos: a instauración do concurso aberto e permanente.

No ano 2017 pechouse un acordo logo da negociación na mesa sectorial coa aprobación das organizacións sindicais CIG, CESM, O'Mega, Comisións Obreiras, CSIF e SATSE. Este acordo de creación dese concurso aberto e permanente tiña como obxectivo favorecer en maior medida a conciliación da vida laboral e familiar dos profesionais, e permitirlles optar a novos destinos dunha forma áxil, sen suxeición a prazos e mediante o emprego dos medios telemáticos, cunha maior periodicidade na adxudicación de destinos.

Polo tanto, efectivamente, este dereito dos profesionais ten consecuencias, porque libremente poden elixir moverse de centro. Se cadra, vostedes queren que non exista este dereito. Nós preferimos optar por outra vía. Na lexislatura pasada modificamos a Lei de saúde e a estrutura das áreas sanitarias para permitir unha xestión máis eficaz dos nosos recursos



humanos. Esta lei blindou a existencia de hospitais comarcais, como o de Valdeorras, ao crear o seu distrito. E integrar estes hospitais en áreas sanitarias maiores está a permitir que dificultades coma estas, de cobertura de especialistas, se efectúen dende os hospitais de referencia, o que evita desprazamentos de pacientes fóra da súa contorna e garante unha atención de proximidade equitativa e de calidade.

Falar hoxe en día da telemedicina como un atranco é, de verdade, non estar no mundo do diagnóstico pola imaxe. Non ten máis que viaxar a calquera sitio —incluso de España— para ver como con telemedicina se atenden os pacientes a distancia sen ningún problema na maior parte das técnicas e modalidades diagnósticas.

Como xa informou efectivamente onte mesmo a área sanitaria de Ourense, nos próximos días o *Diario Oficial de Galicia* publicará unha convocatoria destas prazas de especialistas. Nada máis lonxe dun contrato... —non recordo como dixo— precario. É unha interinidade, señora deputada —neste caso dúas interinidades—. Se iso é un contrato precario, non sei do que estamos a falar. Ofreceranse, polo tanto, contratos de longa duración que permitirán cubrir ata que se resolva a oferta pública de emprego en curso, que xa as permitirá cubrir de xeito definitivo.

Precisamente tamén me tocou a min na OPE anterior establecer que ao Barco de Valdeorras fosen dous radiólogos para ter catro. E iso non o dixo, Valdeorras tiña ata o de agora catro radiólogos —probablemente un exceso de plantilla en radioloxía—. Pero precisamente se fixo e se obrigou a eses traballadores...; que tamén lle podo dicir que no minuto un en que chegaron ao centro pediron comisión de servizos para volver ao seu hospital. Eu mesmo llas deneguei e obrigueinos a estar este tempo aí —co seu visto bo, por suposto, e dicíndolles que estaba o concurso aberto e permanente—. E nese tempo, curiosamente, ¿sabe o que fixeron, ademais de atender a poboación do Barco? Telemedicina para a área de Ourense —informaron TAC e resonancias desde Valdeorras para a área de Ourense—. E agora a área de Ourense está facendo o mesmo para os pacientes do Barco de Valdeorras —telemedicina, teleradioloxía—.

En resumo, a libre mobilidade de persoal a través dos concursos permanentes que instalou este Goberno pode ter como consecuencia faltas puntuais de profesionais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Ten outro turno despois. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica da señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Señor conselleiro, iso non é telemedicina. Telemedicina é outra cousa. Desde logo, o que non é, é ter que levar un paciente a Ourense ás catro da mañá porque non se lle pode facer unha ecografía no Barco. (*Aplausos.*)

Mire, as valdeorresas e valdeorreses sabemos moi ben en que situación de deterioración asistencial se atopa o noso hospital. Nos últimos anos fomos perdendo profesionais e ser-



vizos antes consolidados. Di que ao noso distrito nos foi moi ben. Mire, en Valdeorras perdemos profesionais e servizos de dermatoloxía, de trauma, de preventiva, de rehabilitación, etc. Todo desde a supresión da área sanitaria executada polo Partido Popular. E desde entón Valdeorras converteuse no parruliño feo do sistema sanitario galego. Agora a problemática co servizo de radiodiagnóstico non fai máis que afondar nesa deterioración.

E dígolle, ademais, algunhas cousas que están a acontecer en Valdeorras e que deberían de escandalizalo como o máximo responsable do noso sistema sanitario que é vostede. Estanse a realizar TAC con contraste para evitar traslados a Ourense en diagnósticos que precisarían dunha ecografía. Outras veces estanse a facer estes traslados na única ambulancia coa que conta O Barco para este fin. Só temos unha ambulancia de traslados —cos evidentes problemas de seguridade, atraso no diagnóstico, posibles complicacións do estado da enferma e a reiteración de traslados en caso de empeoramento, e problemas secundarios pero non menores se aparece unha urxencia que precise de traslado mentres a ambulancia está a mover outro paciente por unha eco que podía ser rutineira no Barco—.

Hai precarización dos profesionais de Ourense, que están a cubrir baixas a distancia de xeito localizado desde a cidade; ou ben, no mellor dos casos para as pacientes, desprazándose para cubrir gardas no Barco en fin de semana, cos custos de conciliación evidentes que isto lles supón. E están sendo, ademais, desincentivados por vostedes, que lles están a negar os dous días de libranza que lles corresponderían por sentenza xudicial similar ao caso dos pediatras —que é o único xeito que teñen vostedes de facer as cousas dignamente, a través de sentenzas xudiciais—. E isto ademais é un avance cara á privatización dos servizos, porque están a converter os radiólogos en meros lectores de imaxes. Entón o seguinte paso será —supoño— que vaimos todos ao Bierzo facer as ecografías.

Mire, señor conselleiro, se non mudan de raíz as súas políticas de cara aos hospitais comarcais e empezan a valorizar a saúde das cidadás e dos cidadáns que dependemos deles...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...este será un problema recorrente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Por suposto que somos conscientes de que hai que reforzar o atractivo dos hospitais comarcais. Este Goberno fixo dende o ano pasado o que non fixera ningún goberno antes: incluír nos baremos nos procesos selectivos daquelas categorías e especialidades con maior déficit de profesionais unha puntuación específica pola prestación de servizos nos hospitais comarcais de difícil cobertura. E xa avancei —na miña comparecencia para a explicación das liñas de actuación da Concellería de Sanidade para esta lexislatura— que non imos quedar aí, senón que imos poñer en



marcha un paquete de medidas para incentivar a práctica clínica nestes hospitais e asegurar a súa viabilidade futura avanzando neste modelo que blindamos coa lei de creación dos distritos sanitarios.

Falan vostedes de desmantelamento do hospital. E Valdeorras, con este goberno, o certo é que en 2012 incorporou a neuroloxía, a cardiloxía e a oncoloxía médica —tres especialidades pequeniñas—; en 2013, consultas e probas de endocrino e de dixestivo; en 2015 reforzou a reumatoloxía, a uroloxía e incorporou o HADO; e en 2016, a pediatria e a rehabilitación. E, que eu saiba, no Hospital Comarcal de Valdeorras aínda hai traumatoloxía. Non sei de cal traumatoloxía fala vostede que se desmantelase.

Levan vostedes anunciando o peche dos hospitais comarcais desde que se puxeron en marcha as EOXI no ano 2010. A apocalipse dos hospitais comarcais ía chegar en 2010, e non chegou. Logo ía chegar no ano 2012, e tampouco chegou; logo no 2016, e tampouco chegou; e no 2018, coa reforma da Lei de saúde, e tampouco.

Entre este ano e o seguinte tramitaranse actuacións de mellora en todos os hospitais comarcais: en Cee, co espazo que deixou libre o PAC para reformar as urxencias; no da Barbanza, coas novas urxencias; na Mariña, co inicio da fase 2ª do plan director; en Monforte, licitando a obra do hospital de día e farmacia; en Verín, adxudicando o proxecto de reforma das urxencias; no Salnés, coa obra da central de esterilización; e en Valdeorras —do que estamos a falar— acabamos de adxudicar a obra das consultas externas e está a piques de licitarse a obra de cirurxía maior ambulatoria, hospital de día e farmacia. *(Aplausos.)*

Hai máis de 6 millóns de euros nos orzamentos de 2021 para ampliar os hospitais comarcais, dos cales 2,4 son para o Hospital de Valdeorras, ese que imos privatizar, e que vostedes tamén levan unha década anunciando que imos pechar. Entendo que este discurso de difundir o medo e dicir que imos pechar os comarcais é un recurso cómodo de facer oposición, pero reflexionen un pouco sobre o resultado final, porque a xente ve a diferenza entre o que vostedes din e o que logo ocorre; e decide que eses slogans son tan fáciles para facer oposición que, polo tanto, deben quedar aí, na oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posible modificación do uso concesional da parcela onde está situada a estación de autobuses do Pino, en Ourense, para a construción nela dunha residencia pública de maiores

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Boas tardes.

Se ben é certo que o Goberno galego escolle quen contesta as preguntas que plantexa a oposición, esta ía claramente dirixida á conselleira de Infraestruturas, que parece que lle gusta máis contestar ao PSdeG nos periódicos —como esta semana— que en sede parlamentaria.



(Aplausos.) E hoxe agóchase de dúas actuacións das que quero falar e pedir explicacións como membro da oposición.

Ben, está a pór en marcha —como dicía— diversas actuacións polémicas. Unha é a demolición exprés da estación de autobuses da cidade. Foi a Xunta de Galicia a que anunciaba a principios de ano que mudaba o plan inicial da construción desta residencia pública de maiores promovida pola Xunta de Galicia e financiada por Amancio Ortega na parcela cedida polo Concello de Ourense no barrio do Vinteún para a parcela da estación de autobuses de Ourense ubicada no Pino. E esta estación dicían que sería trasladada ao barrio da Ponte unha vez que se conclúsen as obras da primeira fase da estación intermodal. Pero non o fixeron así. As obras de demolición comezaron o pasado 26 de outubro sen esperar a rematar as obras da nova estación. ¡Inaudito!

E ¿que fixeron vostedes, señora conselleira? Instalar dúas marquesiñas para dar servizo á cidade de Ourense —en concreto onde se sitúa o aparcamento de coches e se encontra a parada de taxis— mentres se acomete a demolición e a actividade non se pode trasladar á nova estación.

E ¿que provocaron? «Caos na estación do Pino» —di *Faro de Vigo*—. «Viaxeiros e choferes quéixanse do peche da instalación meses antes de que se remate a nova terminal. Non poden gorecerse do frío nin entrar nos lavabos dende o pasado venres polas obras previas á demolición da estación de autobuses, ubicada no barrio do Pino, un peche que se realizou meses antes de que rematen as obras da nova estación. Incluso se prohibiu facer uso da planta superior do vello edificio, co que os usuarios non poden gorecerse mentres agardan por un autobús nin facer uso dos lavabos que hai no interior. O mesmo acontece cos choferes e co persoal das empresas de viaxeiros. Unha latrina móbil de obra é o único que teñen incluso para os viaxeiros que chegan cansos de liñas de longo percorrido ás cinco da mañá ás portas da estación». Isto son manifestacións dos usuarios.

¿Por que o peche íntegro incluso antes do derrubamento? ¿Por que o derrubamento exprés? Ademais cambiouse o uso dotacional da parcela onde está situada a estación, xa que —como sabe— no contrato de cesión dos terreos asignados no ano 1985 se dispoñía que só se podían destinar á estación de autobuses.

Ademais, señora conselleira, queríamos que nos explicara a señora Ethel Vázquez o que está a provocar esta situación en Ourense. Está a facer na estación intermodal, no centro de saúde, un peche íntegro, un atrincheiramento do centro de saúde. E queremos pedir unha solución urxente xa.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.



Señora Rodríguez Dacosta, moi boas tardes.

Ourense é a cidade de Galicia que recibirá o maior investimento en obras de servizos sociais no ano 2021. En total, estamos a falar de 17 millóns de euros: os 5 millóns de euros dos fondos da Xunta de Galicia para a construción do CAPD, as melloras tamén dos centros de menores de Montealegre e da Carballeira, ademais dos 12 millóns de euros que investirá, como non, a Fundación Amancio Ortega na construción de residencias polas que vostede me pregunta.

Efectivamente, comprometémonos para dotar Ourense de 120 novas prazas públicas de residencia. E vostede pode ter a certeza, señora Rodríguez Dacosta, de que, sempre que nos comprometemos, sempre cumprimos. O noso empeño era que Ourense contase coa mellor residencia de maiores posible, e por iso cambiamos a parcela inicialmente prevista na zona do Vinteún pola actual estación de autobuses. E fixemos este cambio porque esta nova ubicación e esta nova parcela reúne mellores características. Conta con máis de 10.000 metros cadrados, está máis preto do centro urbano de Ourense, ten unha gran facilidade de acceso e tamén ten unha situación privilexiada coas vistas sobre o río Miño.

Como é comprensible, un proxecto desta envergadura implica tamén a distintas administracións, ten os seus tempos e ten os seus procesos, e ademais require sempre de certas garantías. Por iso a Xunta de Galicia está actuando coa máxima dilixencia e, como é obvio, cumprindo sempre todas as normativas vixentes. De feito, xa están iniciados os traballos de demolición da antiga estación, como vostede ben sabe, que é o primeiro paso para o desenvolvemento da futura residencia de maiores.

É un novo servizo que é necesario para a cidade e que tamén é necesario para as persoas maiores que viven en Ourense, de tal xeito que con esta nova residencia nesta parcela podemos darlle tamén un novo uso a esta ubicación e revitalizar ao mesmo tempo o barrio do Pino.

Estamos, en definitiva, dando os pasos necesarios para que Ourense conte cunha das mellores residencias non só de Galicia e non só de España, senón a nivel europeo, como tamén serán de nivel europeo as outras seis residencias do resto das cidades, froito da colaboración —e dándolle sempre as grazas— coa Fundación Amancio Ortega. Falamos, en definitiva —como lles dicía—, de 12 millóns de euros, de 120 prazas públicas de atención de máxima calidade ás persoas maiores, da creación de 110 postos de traballo e de equipamentos de vangarda, para poñer todo isto e canto antes á disposición dos veciños. E para iso a Xunta de Galicia fará o antes posible todos os trámites contemplados na normativa.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, eu, como Umbral, veño falar do meu libro. *(Aplausos.)* E o meu libro non é a ubicación, porque non discutiamos a ubicación do centro residencial de maiores, o que discutiamos é que se demolera a estación de autobuses de maneira tan



rápida, sen esperar tres meses, como dicían, a que se acabaran as dársenas que van dar lugar á nova estación e tendo a xente como a teñen, hacinada —que xa de por si é bastante penoso, pero máis nun período como no que estamos, de pandemia—. Está a xente hacinada en dúas marquesiñas ao frío e á chuvia.

Repítolle que eu creo que é necesario que a Consellería de Infraestruturas mude esta actuación da estación intermodal facendo un gueto ou atrincheirando o Centro de Saúde da Ponte. Estamos cansos de pendellos en Ourense. É a única estación de autobuses intermodal que non se muda nas cidades galegas. Vostedes desprezan Ourense, Feijóo despreza Ourense, e así mantén o alcalde Jácome no goberno. *(Aplausos.)*

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche desta pregunta pola conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Rodríguez Dacosta, o Goberno galego quere a Galicia e quere a Ourense, *(Aplausos.)* e por iso imos cumprir sempre por todos os compromisos que asumimos, tanto cos maiores —facendo a nova residencia— como tamén con todos os compromisos que asumimos cos veciños e coas veciñas. Acompasaremos ao mesmo tempo a posta en marcha da nova intermodal con todos os traballos que son necesarios para o desenvolvemento da futura residencia de maiores no soar da antiga estación.

En definitiva, con esta actuación aprovéitase —como dicía— un espazo baleiro evitándose a súa degradación ou tamén o seu abandono e —o máis importante— supón unha grande oportunidade para impulsar e dinamizar o barrio do Pino. A nova residencia pública proxectada neste lugar estará dotada, por suposto, tamén con servizos de vangarda. Trátase, en definitiva, de poñer á disposición dos maiores de Ourense e da provincia as mellores atencións e sempre os mellores coidados. E para iso estamos traballando de maneira conxunta coa Fundación Amancio Ortega, unha colaboración que, ademais, non é nova para a cidade de Ourense, porque tamén ten como referente o Centro Interxeracional da Farixa, que é pioneiro e de referencia a nivel nacional.

Daquela cumprimos, e hoxe, señora Rodríguez Dacosta, volveremos cumprir.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade

A señora ORTEGA OTERO: Boa tarde, señora conselleira.



Hoxe traemos a esta Cámara esta consulta pola vía da urxencia que para a nosa sociedade ten a protección e o amparo dos nosos menores. Gustaríanos que quedara constancia ante a cidadanía galega, a través desta Cámara, se a Xunta de Galicia a través da súa consellería ten coñecemento do que está a acontecer no Centro Santo Anxo de Rábade e que medidas se están levando a cabo.

A través dos medios de comunicación soubemos dunha situación que normalmente é invisible para a nosa sociedade, coma se estivera á marxe da vida cotiá. Pero o certo é que existe outra realidade, outra realidade moi dura para moitos e moitas das menores que se atopan en risco de desamparo e que terminan baixo a tutela da Administración autonómica, polo que é urxente coñecer as liñas de xestión que se están executando nun ámbito tan sensible como é este, xa que é responsabilidade de todos e de todas.

Queremos saber cantos menores hai e cantos se derivaron nun centro no que existen 21 educadores, 2 peóns, 4 persoas na cociña, 2 camareiras e limpadoras, 1 operario de mantemento, 1 psicóloga, 4 vixiantes de seguridade, o director, a subdirectora, o conserxe, etc. Coméntanos que na semana pasada só había un total de nove menores. E parece ser —a ver se nolo aclara a conselleira— que agora só quedan tres menores. Polo cal queremos explicacións ao respecto para saber o que está a acontecer neste centro. Ademais, tamén no centro de ensino hai cinco mestres que dependen da Consellería de Educación.

Ademais, en xuño do ano pasado anunciáronse máis dun millón de euros para investir en melloras no acondicionamento do propio centro, polo que é máis que evidente que o problema non é de persoal nin de recursos materiais senón máis ben do propio modelo de xestión por parte da Administración e da urxencia de coñecemento do sector que se require para isto.

Nas últimas semanas a situación do centro é de descontrol absoluto, ata o límite de comprometer a integridade física do propio persoal do centro e mesmo de existir agresións directas. Incluso hai un comunicado por parte dunha asociación da Garda Civil no que solicitaban escudos de protección en caso de ter que intervir no dito centro.

Dende o noso grupo instamos a propia consellería para que estableza un diálogo de proximidade co propio equipo do centro para coñecer que está a fallar e ter unha diagnose clara para efectuar unha xestión oportuna. Hai que ter en conta que sabemos que o dito centro foi un referente a nivel de Galicia, e é verdade que foi grazas ao esforzo e traballo do equipo de profesionais que existe. E unha das posibles causas do que está acontecendo pode ser a eventualidade do persoal, que precisa dun arraigo conformado a medio e longo prazo cos menores para afianzar afecto.

Esta é unha cuestión básica, xa que a base do éxito en canto á intervención con menores versa na permanencia do equipo humano, e o feito é que nos últimos tempos os menores ingresan apenas con problemas de conducta e inician progresivamente unha escalada de conflito comportamental a nivel cognitivo e condutual que deriva nunha deterioración da inserción e benestar propio do interese superior do menor, que debe rexer sempre en toda liña de acción.



Con todo isto temos que solucionar esta situación e non dubido de que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega. Grazas, terminou o tempo.

A señora ORTEGA OTERO: ...todos esteamos de acordo. Pedímoslle que se adentre no centro para gañar coñecemento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Ortega, a Xunta de Galicia créame que segue moi de cerca e moi de preto todos e cada un dos centros de menores da nosa comunidade. Durante esta pandemia intensifícamos a comunicación con eles para coñecer de primeira man todas as necesidades específicas dos menores máis vulnerables ante un contexto inédito. Por iso hoxe quero aproveitar unha vez máis a ocasión e darlles de novo as grazas a todos os profesionais que traballan nestes centros de menores por afrontar cunha gran profesionalidade un ano que xa sabemos que non foi doado para ninguén. O seu labor no día a día é fundamental para o benestar e para o desenvolvemento de todos os menores aos que protexen, aos que educan, aos que escoitan e aos que tamén lles dan moito cariño. Por iso, e porque a experiencia é imprescindible, a Consellería de Política Social está sempre aberta a escoitar a todos eses profesionais, está sempre atenta ás propostas que nos trasladan os profesionais, co obxectivo de seguir mellorando un servizo que é básico para o presente e para o futuro de todos estes rapaces.

Como é natural, a situación do centro Santo Anxo de Rábade concérnenos e preocúpanos. De feito, xa estivemos en varias ocasións cos seus traballadores e xa está fixada unha nova reunión para comezos do vindeiro mes. A emerxencia sanitaria incidiu significativamente no desenvolvemento cotián das rutinas e tamén dos proxectos, polo que, dende un primeiro momento, a Xunta de Galicia cubriu todas as necesidades que puidesen ter. Achegamos ao centro equipamento tecnolóxico, reforzamos todo o persoal que foi necesario e sempre que foi necesario. E, por suposto, axilizamos sempre as probas en canto se detectou algún síntoma entre as rapazas e os rapaces. Todos sabemos que o traballo con estes menores non é, para nada, doado. Ten momentos moi gratificantes pero tamén ten outros momentos máis complicados. O noso compromiso non é outro que seguir mellorando a atención destes mozos e mozas, que están atravesando unha situación moi complicada e que precisan o acompañamento e o apoio da Administración pública para teren un bo presente e un futuro mellor.

Que non lle caiba a dúbida, señora Ortega, de que sempre —e da man dos distintos profesionais que traballan no centro— a Xunta de Galicia fará todo, absolutamente todo, o que sexa necesario para garantir que mellore a convivencia no centro Santo Anxo de Rábade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señor Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Señora conselleira, o persoal do centro non precisa as súas grazas, o que precisa é que os reciba, que os escoite, que acuda ao centro, (*Aplausos.*) que vexa o que está pasando.

¿É certo que están derivando os menores do centro Santo Anxo de Rábade? E, de ser así, ¿a que centros? ¿Que dispoñibilidade teñen na actualidade? ¿Que recursos? ¿Con que persoal? ¿Van derivar máis menores? E ¿cantos menores existen na actualidade no centro? Queríamos que nos aclarara isto, señora conselleira.

Temos que ser conscientes de que a nosa sociedade está nas condicións de ofrecer a verdadeira igualdade de oportunidades —e nas nosas mans está poder facelo— para que o que hoxe é unha utopía pronto sexa unha realidade e todos os menores, independentemente do fogar no que nazan, teñan un camiño polo que andar seguros e con futuro.

A Administración autonómica debe ofrecer unha garantía de estabilidade a un persoal que se ocupará de blindar o benestar e guiar o camiño duns nenos e nenas que nacen a priori cun estigma, e nós somos os responsables e temos que borrarlo. O investimento e os recursos son produtivos sempre e cando se establezan mediante un plan coordinado de acción e, sobre todo, de coñecemento. Lembro aquelas verbas que se reproduciron na Comisión de Reconstrución, que dicían, señora conselleira: «Menos cemento e máis coñecemento».

Dende a Administración é urxente adentrarse na cuestión e ver dende dentro o que está a acontecer para así actuar coa máxima eficiencia e sensibilidade. ¿Cantas veces foi ao centro vostede, señora conselleira? ¿Foi algunha vez? Coméntannos que non, por iso lle pedimos que vaia ao centro para saber que é o que está pasando. Hai que pisar terreo para gañar coñecemento. De 21 educadores tan só dous, ¡tan só dous!, nos comentan que son fixos. Tamén nos gustaría saber se isto é así. A temporalidade é indirectamente proporcional a unha boa xestión en materia de menores. A sociedade non pode estar á marxe destes menores e non deben ser tratados como un submundo alonxado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega. Rematou o tempo.

A señora ORTEGA OTERO: É responsabilidade nosa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Ortega, por moito que vostede me diga, eu sempre vou aproveitar estas comparecencias en sede parlamentaria para darlles unha, outra e outra vez máis as grazas a todos os traballadores e traballadoras dos centros de menores. (*Aplausos.*)



Mire, nos últimos tempos adoptáronse medidas no centro Santo Anxo de Rábade para cubrir as necesidades dos menores así como para facilitar o traballo dos profesionais. Reforzouse, como dicía, ese cadro de persoal coa incorporación dun psicólogo, dun traballador social, de novos educadores e tamén de persoal de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores, e para iso estamos a traballar conxuntamente co Colexio de Educadores de Galicia. E tamén se fixo fincapé na actualización permanente de itinerarios educativos e de integración social para rapazas e rapaces do centro. O obxectivo destas melloras que estamos a facer é dobre. Por unha banda, trátase de conseguir que os mozos e as mozas se sintan máis cómodos no centro e tamén que a súa estadía sirva para mellorar as súas oportunidades de futuro; e, por outra banda, tamén queremos continuar dándolles a todos os profesionais as ferramentas necesarias para que poidan conseguir esta meta.

Para lograr iso, tamén é moi necesario apostar polo acondicionamento continuo do centro. De feito, nos dous últimos anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar as súas infraestruturas.

Señora Ortega, nestes momentos hai tres nenos porque o resto dos nenos foron de vacacións de Nadal ás súas casas.

En definitiva, señora deputada, agradézolle de verdade que comparta comigo a preocupación polos rapaces e polas rapazas que se atopan baixo a tutela da Xunta de Galicia. E pode estar ben segura de que o Goberno galego seguirá traballando sen descanso para dotar os centros de protección de menores da nosa comunidade dos mellores servizos. Porque este acompañamento especializado é o mellor xeito para garantir un mellor futuro dos nenos e das nenas de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negociación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto dos fondos para Galicia da nova política agraria común para o período 2021-2027

A señora AIRA DÍAZ: Boas tardes.

Grazas, señor presidente.

O rural galego está a vivir con incerteza a actual negociación na nova PAC debido a multitude de cuestións: á dilatación da negociación no tempo, ao Brexit, á covid...; pero, sobre todo, á incerteza derivada do escurantismo que dende a Consellería do Medio Rural se está a manter, e que, xunto coa falta de interlocución co sector, fan un tándem perfecto para pensar na maior das zozobras a curto prazo.

Dende hai tempo, está a constante ameaza de recortes para PAC nos orzamentos europeos. Paradoxalmente, igual a covid causa o efecto contrario, pero en todo caso non está claro nada; e menos canto máis nos achegamos á xente do agro.



O señor conselleiro tivo a ben convocar os portavoces da Comisión 7ª, pero desgraciadamente ao único que lle dedicou da PAC foi á insistencia no tema dos xurros, ao apoio a soutos, viño e demais, e a un pulo importante ao cultivo de castiñeiros e oliveiras na zona do Courel e Ourense —e aproveito para dicir que podía tamén incluír o sur de Lugo completo, porque me concirne—. Parécenos ben, fala de todo pero non clarifica absolutamente nada en canto a cuestións concretas, polo que nos falta moito por saber a respecto de como se vai materializar todo isto que di vostede. E, sobre todo, non explica cal é a posición que o Goberno da Xunta está a manter en Madrid para facer valer as singularidades propias do noso territorio e, polo tanto, da nosa agricultura e gandaría —de como precisamos fondos suficientes para cousas moi diferentes das cousas para as que os precisan en Castela ou no Mediterráneo—. Evidentemente, os proxectos da Xunta pasan por defender unha repartición xusta por comunidades autónomas e non por que deixen a Galiza atrás.

Xa recollemos na nosa pregunta que é imprescindible que o plan estratéxico do novo programa para este período recoñeza estas particularidades nosas, e sexa eficiente na resolución de problemas e necesidades, porque ata o de agora estas necesidades non foron cubertas para Galiza con fondos da PAC —moi probablemente porque non se deu a batalla que había que dar—.

Sabe vostede perfectamente que con Galiza se fixo unha repartición inxusta dos fondos, e por iso queremos saber que é o que está a facer dende a Consellería para corrixir esa discriminación histórica e espantar a sospeita de que a súa actuación en Madrid poida ter que ver máis con servir aos intereses do PP estatal e dos seus amigos latifundistas que en servir aos intereses de Galiza.

Por iso preguntamos, señor González, que está a negociar o Goberno da Xunta co Ministerio de Agricultura a respecto dos fondos da nova PAC para cada un dos seus piares para Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Si, boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Aira, traio unha resposta, pero antes quérolle aclarar que a conversación que tiveron cos portavoces foi anterior á reunión que tivemos na conferencia sectorial en Madrid co ministro. Por suposto aí faláronse cousas. E eu xa lle adianto —como verá na miña resposta— que non temos inconveniente ningún en volver ter unha reunión cos portavoces parlamentarios de Medio Rural e explicarlles todo o que está pasando.

Pero eu quero comezar a miña intervención co agradecemento ao grupo de expertos designados pola Universidade de Santiago de Compostela, que está a traballar arreo coa Conse-



llería do Medio Rural deseñando o futuro da PAC. Non é unha cuestión escurantista, senón que está a universidade. E fago ese agradecemento especificamente ao seu coordinador, a Edelmiro López Iglesias, que por suposto está facendo esa defensa das condicións dos agricultores e gandeiros galegos.

E, miren, cando me pregunta sobre o que está a negociar a Xunta de Galicia co Ministerio de Cultura, eu voulle responder: non estamos a negociar nada. E ¿por que? Porque o que está facendo agora neste momento o Ministerio é recibir as aportacións das diferentes comunidades autónomas. Pero non define a súa posición definitiva, non di cal vai ser. Polo menos, as comunidades non a coñecemos. E voulle trasladar cal é a nosa sensación —e cando digo «a nosa», digo a de Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia—. É preocupación, señorías, preocupación. Hai moita preocupación. E estamos preocupados porque o que vimos na negociación europea non beneficiou para nada a Galicia. E aí estivo o Goberno central. Voulo concretar tamén —por exemplo, o *capping*, que saben que é o límite de axudas por explotación—. Hai unha postura firmada pola Consellería do Medio Rural no ano 2019 co resto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica na que demandabamos un límite de 60.000 euros. Sen embargo, no Consello —repito, co apoio do Goberno central— fixouse en 100.00 euros.

Tamén demandabamos unha degresividade das axudas, é dicir, que se pagara menos intensidade das axudas ás explotacións máis grandes. Tampouco se aceptou esa demanda. E tamén demandabamos unha cantidade importante en pagos redistributiva, é dicir, máis cartos para as primeiras hectáreas, para favorecer as nosas explotacións. Tampouco se aceptou esa demanda.

Polo tanto, infórmoo de que estamos a traballar cos gobernos de Asturias, de Cantabria e do País Vasco para fixar unha nova posición da cornixa cantábrica no que se refire á PAC e para ter máis forza na negociación. Galicia, dende logo, aí vai estar, e nesa postura estamos tamén falando coas organizacións agrarias. Por certo, unha delas chámase Sindicato Labrego Galego. Aínda hoxe estiven falando con eles. Non creo que eles digan que estamos sendo moi escurantistas.

E eu remato xa esta intervención pedíndolle algo moi sinxelo. Do mesmo xeito que imos poñernos de acordo diferentes gobernos, de diferentes cores políticas, da cornixa cantábrica, lanzo aquí a petición de que todo o Parlamento de Galicia faga unha solicitude conxunta ao Goberno de España para defender os intereses de Galicia na próxima PAC. Nós non queremos unha PAC de orientación mediterránea, como ten dito o ministro de Agricultura. Queremos unha PAC que defenda os intereses e as peculiaridades de explotacións agrogandeiras galegas de carácter familiar, que son as que vertebran o noso rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor conselleiro, e grazas, señor presidente.



Mire, primeiro de nada, quérolle dicir dúas cousas. Primeiro, que eu lle agradecería que ás preguntas do BNG non trouxera o Goberno de Madrid, porque cando eu sexa deputada no parlamento madrileño lle farei as preguntas ao Goberno de Madrid. Mentres tanto, este é o noso ámbito de actuación, se fai o favor. (*Aplausos.*) E, en segundo lugar... (*Murmurios.*), en segundo lugar... —e pido un segundo máis pola interrupción—, se a reunión pode ser con toda a Comisión, que somos moi pouquiños e pouquiñas, e non só cos portavoces... —porque parece que hai aquí un tipo de elite..., que eu non quero...—, vamos..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, quero participar. Non é que non me fíe do Mini, que me fío de sobra. (*Risos.*) (*Fortes murmurios.*) Con respecto ao que traballa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Señor, cando lle faga a vostede a pregunta, contésteme vostede!, ¡por favor!, ¡home, por Deus!

¡Vamos ver! Evidentemente si que hai un comité de expertos universitarios que está traballando, pero non se coñecen as liñas dese traballo nin vostede deu explicacións neste Parlamento —nin *motu proprio* nin por agora llo pedimos—, pero vaia pensando nunha das dúas modalidades porque haberá que contar algo —aínda que sexa que non haxa nada que contar—. Porque, de repente, ¿a PAC desapareceu do plano político por completo en Galiza? Pois non o sei, para outras cousas comparecen con máis alegría e explican todo o que queren explicar. Véxanse os distintos proxectos, como son a viscosa, os xurros ou *todo lo demás* (*Risos.*)

Bueno, a nós interésannos as liñas básicas que se van definir no plano estratéxico para complementar con liñas específicas para fortalecer os sectores máis debilitados e máis desfavorecidos, e polo tanto por iso poñemos isto enriba da mesa. Por suposto que estamos dispostos a escoitar e a aportar o que ao noso entender poidamos, ¡faltaría máis!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Peché da pregunta.

Señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Si, moitas grazas, señor presidente.

Eu repítolle que é esencial para nós, para os galegos e as galegas, que as particularidades de Galicia se reflectan no deseño do plan estratéxico da PAC. E non se está a facer. Eu non é que queira falar do Goberno central. É que é o Goberno central o que o fai, o que ordena todas estas cuestións, e nós teremos que defender a nosa postura. Pero son eles os que, en definitiva, están facendo ou van facer a súa proposta.

Se queremos que as políticas sexan efectivas, temos que comezar por adaptar esas mesmas políticas ás realidades existentes, tanto no plano agronómico como no socioeconómico. E iso, aquí en Galicia, ten que afectar as axudas do primeiro piar —vostedes preguntábanme polos dous piares—, ten que haber diferenzas ou téñense que ter en conta as diferenzas



existentes pola dimensión económica das diferentes explotacións —en Galicia son pequenas e iso tense que considerar— e téñense que considerar tamén as diferenzas existentes entre os territorios. Eu díxenlle ao ministro que non é o mesmo a gandaría en Albacete que na montaña de Lugo; polo tanto, temos que manter o que se chaman «rexións da PAC» sen ningunha dúbida. E, ademais, os ecoesquemas non poden falar de pastizales mediterráneos, teñen que falar tamén dos pastizales galegos e de toda a cornixa cantábrica. Polo tanto, eu insisto en que o Parlamento de Galicia pode perfectamente —e lanzo aquí ese guante— apoiar a postura que imos firmar a Comunidade Autónoma galega co resto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica, e nas que tamén van estar as organizacións agrarias, os sindicatos agrarios. Xa lle digo que tanto Unións Agrarias como o Sindicato Labrego Galego están ao corrente das nosas peticións, coñecen o documento, e imos firmar todos unha postura en común.

Quero tamén facer unha mención ao segundo pilar da PAC porque me parece relevante —e, ademais, dado que é unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego—. Miren, como saben, a Unión Europea demanda un plan estratéxico por Estado membro. É certo, iso é a arquitectura institucional, ten que ser o plan estratéxico de España. Nós compartimos co Ministerio —por suposto, non podería ser doutro xeito— que ten que haber un plan estratéxico nacional, pero non estamos de acordo coa metodoloxía. O deseño das intervencións do segundo pilar deben ser realizados por cada comunidade autónoma en función da realidade e necesidades específicas do seu medio rural, establecendo os elementos comúns a nivel estatal a partir dun enfoque de abaixo a arriba; de novo, outra defensa dos nosos intereses na que estou convencido de que polo menos co Bloque Nacionalista Galego estaremos de acordo, porque repito que buscamos recoller as especificidades de Galicia no desenvolvemento rural e, a partir de aí, construír o plan estratéxico nacional. E eu teño dúbidas de que o Ministerio realmente atenda ás especificidades da nosa rexión. Hai dúas semanas, en Madrid, nesa reunión que lles dixen, quedei bastante decepcionado por ese «camiño mediterráneo» —porque lle chamou así o ministro— que está a coller o Ministerio na reforma da PAC.

Dende aquí, dende Galicia, dende o Atlántico, dende a cornixa Cantábrica, nós non imos deixar de loitar polos nosos intereses. Pídlles a todos que fagamos unha defensa dos intereses reais de todos os galegos e galegas. Deámoslles toda a forza posible e deixemos neste caso de lado cores políticas. Estou seguro de que nisto todos estamos de acordo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobramentos de traballadores da Consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.



Señor conselleiro, espero que, igual que o Goberno de España trouxo un exitoso acordo con respecto á PAC nunha situación moi difícil, vostede tamén saiba traer o mesmo para Galicia na negociación que terá co Estado, porque a vai facer vostede e non o grupo de expertos nin as organizacións sindicais agrarias.

Señor conselleiro, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia estableceu un novo aplicativo para tramitar as solicitudes de corta de madeira por web. Pola dificultade que establece este novo procedemento, derivado de que no medio rural galego a conectividade non chega a toda a cidadanía, e de que ademais conta cunha poboación moi envellecida —que na maioría dos casos non é usuaria destes novos medios de acceso á xestión telemática para a tramitación de solicitudes, e cuxo recurso enerxético principal para quentar as súas vivendas é a leña—, a Asociación Profesional de Axentes e diversas organizacións sindicais manifestaron a través das redes sociais o seu desacordo en varias ocasións con esta recente modificación da tramitación dun aproveitamento forestal que agora se fará exclusivamente a través de medios telemáticos, xa que a dita modificación vén complicarlles enormemente a vida aos cidadáns do noso rural, obrigándoos a acudir a xestorías ou outros medios privados de pago para cumprir coa normativa vixente.

A maioría dos axentes, facéndose cargo da situación, auxiliaban presencialmente e de forma voluntaria os administrados nos trámites para obter os permisos ou comunicacións, enchendo os formularios na solicitude correspondente, realizándoa na forma clásica —é dicir, en papel— e dándollos a asinar ao interesado ou interesada para o seu posterior rexistro. No momento en que se impuxo o uso do aplicativo informático, os funcionarios da escala de axentes facultativos medioambientais non teñen ningunha posibilidade de continuar con este labor, xa que, para o acceso ao trámite, o interesado debe dispoñer dun certificado dixital ou unha chave 365 e facelo persoalmente a través dun equipo informático ou dun teléfono intelixente coa aplicación instalada.

Ante unha desas críticas nas redes, señor González, o día 19 de novembro vostede anunciaba vía twitter a posibilidade de realizar o trámite a través da chamada telefónica ao teléfono de información da Xunta de Galicia —o 012—, á vez que insinuaba que existían funcionarios que cobraban polo trámite presencial, publicando que o que non se vai poder facer é cobrar comisión a ninguén por facerlle os trámites, segundo as súas propias verbas.

A indignación de moitos integrantes do colectivo foi maiúscula, e a multitude de respostas ao seu tuit fala do malestar dos colectivos, organizacións sindicais, profesionais e de numerosos axentes. De forma individual contestábanlle ao tuit, pero dende a dita rede social vostede non deu probas da súa acusación e continuou confrontando cos axentes que lle pedían rectificación, e incluso con contestacións como: «Non, non, equivocádesvos vós de camiño empezando unha batalla contra a Consellería».

Dende o Grupo Socialista pedímoslle que aproveite e que rectifique publicamente aquí, en sede parlamentaria, que non quede só nas desculpas que lanzou nunha reunión cos profesionais do sector; xa que, baixo o noso parecer, deixar enriba da mesa esas acusacións é moi grave e inaceptable para quen ten a dirección dos traballadores e traballadoras da Consellería do Medio Rural.



A honorabilidade dos traballadores públicos non se pode poñer en cuestión sen achegar probas para facelo. Así é que non lle queda máis camiño que retractarse e pedir desculpas públicas ou facer públicas probas de tan grave acusación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moi boas tardes, de novo.

Señor Seco, imos empezar polo contexto. A Consellería do Medio Rural, así como a Xunta de Galicia, está nun camiño de transformación dixital que non ten marcha atrás. A dixitalización de moitos servizos é unha demanda fundamental, necesaria e simplificadora.

Temos un exemplo: o Corpri. ¿Que é o Corpri? É unha aplicación da Dirección Xeral de Ordenación e Planificación Forestal, e, grazas a ese novo servizo, o interesado ou interesada que queira tramitar unha corta forestal —non só as de uso doméstico— poderao facer a través de internet. E para facer este trámite existen dúas vías: pode facelo un mesmo ou pode ter un representante —como un familiar, por exemplo—, ou tamén os propios concellos —nós mandámoslles un tutorial para que o poidan facer—.

Este procedemento, que está presente na sede electrónica da Xunta, ten os seus detractores —aínda que cada día menos—. É certo que a unha parte do persoal da Consellería non lle gustaba o novo sistema. Alegaban diferentes razóns. Unha das razóns que alegaban era que no rural non hai internet —e a pesar de que existían esas dúas vías que lles dixeran antes moi sinxelas—. Polo tanto, transmitimos e explicamos que abriamos unha terceira vía, ademais das dúas primeiras: a chamada ao 012, un procedemento similar ao de pedir permiso para facer queimas —marcan o número de teléfono, chaman e automaticamente xa se fai a autorización da corta—, un procedemento telefónico que consideramos suficientemente sinxelo.

A pesar de todas estas facilidades, seguiron existindo queixas. Sempre insistimos, en todos estes debates sobre os beneficios da dixitalización, en que non imos dar un paso atrás. Porque, ademais, unha das múltiples vantaxes deste sistema é evitar erros.

Teño unha boa relación, señor Seco, cos axentes, e non quero mentir nisto. Gústame debater con eles, non é ningunha sorpresa. Ademais, hai que dicir que son normalmente disputas produtivas. Se non fose así, habería tempo que tería marchado das redes sociais. Un destes debates, como dixo vostede, foi hai cinco semanas. Temos que ter en conta que estas disputas dixitais teñen a súa propia linguaxe e estilo. Certo é que ás veces se entrelazan os temas, ou que se xeran malos entendidos polo pouco espazo que hai para o texto.

Sobre o feito en concreto polo que vostede pregunta, por calquera malestar causado eu xa falei cos axentes, concretamente nunha reunión que tiveron con todas as asociacións do servizo hai tres semanas. E explicitamente transmitín as miñas desculpas a todos aqueles que se sentisen atacados. A miña intención, por suposto, non era esa, a pesar de que fose unha consecuencia colateral.



Quero finalizar deixando claro que, coa mellor intención —tamén a maiores e para mellorar a Corpri—, organizamos o 26 de novembro —logo dese tema que vostede menciona— unha reunión da Dirección Xeral cos representantes do servizo. Escoitamos e aplicamos propostas, pero sempre sen abandonar o camiño da transformación dixital.

A opción do 012 é unha mostra de como podemos atopar con entendemento vías que unan diferentes posturas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Conselleiro, agradécense as desculpas públicas. Pero, máis aló desta polémica, gustaríame preguntarlle como vai levar a cabo tantos proxectos que vostede di que ten para o medio rural se non conta cunha plantilla que se sinta valorada e respectada polo seu máximo dirixente. Asistimos nestas datas á ruptura das negociacións da súa consellería cos representantes dos técnicos do Servizo Contra Incendios Forestais. ¿Recorda como me dicía vostede nunha interpelación hai dous meses que a folga rematara? Pois rematara cos compromisos de retomar a negociación e asinar o novo acordo a finais de decembro, revisando os criterios de descontos salariais aplicados ao persoal que traballou durante a folga en cumprimento dos servizos mínimos. Nestes intres a Consellería incumpriu todos os seus compromisos, tanto os de negociación do novo acordo como os relacionados coa revisión dos criterios de descontos, e seguen incidindo cos novos descontos. Esa é a súa actitude, a actitude do conselleiro, cos seus traballadores.

Ou está a falta de respecto aos axentes facultativos medioambientais na modificación nos orzamentos dando cobertura legal a persoal pertencente a outros organismos públicos e outras escalas diferentes, coa funcionarización dos vixilantes de recursos naturais cunha pretendida escala de nova creación coas mesmas competencias e funcións que as de axentes xa existentes, que se denominaría «gardas de recursos naturais». E o ideal é que pactara a integración mediante un proceso de funcionarización, daqueles que cumpran os requisitos, na actual escala a extinguir de «axentes forestais, C2», de forma que unha vez que as prazas sexan vacantes pasen a reforzar a plantilla da futura escala de «axentes técnicos en xestión ambiental, do grupo B». Esta integración beneficiaría o persoal da escala, xa que estarían dotados de regulamento e orde de uniformidade en vigor, sen necesidade de desenvolver unha nova normativa para unha escala paralela e de nova creación, en claro conflito coas existentes na mesma administración e con converxencia das competencias e funcións, cuestión esta última de dubidosa legalidade.

Polo tanto, señor conselleiro, está moi ben plantexar proxectos, pero o que hai que ter é respecto polos traballadores e cumprir con aquilo que se di que se vai facer. Polo tanto, gustaríame que dixera algo sobre o que está a pasar cos técnicos do Servizo Contra Incendios e



tamén con esa modificación que queren vostedes facer por vía presupostaria dos axentes forestais.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peché da pregunta polo conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu pensei que ía haber unha chamada á cuestión, porque, se se trae unha pregunta, teño que facer unha resposta. E se me preguntan corenta cousas diferentes..., non sei exactamente, señor presidente.

Pero, en todo caso, señor Seco, se me permite, e con todo respecto, toca de oído no que se refire aos técnicos. ¡E moi de oído, ademais!

E co dos gardas de recursos naturais, ¡home!, eu penso que a consellería na que ten que facer a pregunta se chama de Medio Ambiente e non do Medio Rural.

Volvendo ao tema da súa pregunta —porque eu acostumo contestar o que se me pregunta—, escoitando os seus comentarios e para deixar aínda máis clara a miña resposta, quero insistir en tres puntos.

O primeiro é que o camiño cara á flexibilización e simplificación a través de procedementos dixitais é un camiño sen marcha atrás —ademais estánolo demandando Europa nos fondos Next Generation—. A Xunta de Galicia modernízase usando as ferramentas que hoxe temos. Hai que aproveitalas. Entendemos que non estea todo o mundo de acordo, por suposto. ¿Buscamos vías de encontro? Xa lle dixen que si. De aí a reunión que mencionei entre a Dirección Xeral e os representantes do servizo. Por certo, máis respecto que lle teño eu ao persoal do servizo non o pode atopar ninguén, polo menos dende o meu cargo, dende a miña posición. ¿Cremos que pode mellorarse o Corpri? ¡Claro que si! Pero a transformación dixital, señorías, é inevitable tamén no rural, e temos que asumilo, por suposto.

O segundo punto é o recoñecemento dos erros. Ás veces é necesario pedir desculpas, e iso ten que facerse sen que nos caian os aneis. Recoñecer erros debe ser parte do procedemento do traballo diario. O debate sempre é bo, só que hoxe en día moito debate sucede nas redes, onde todo se magnifica. As redes sociais, ademais da linguaxe e as limitacións, implican malentendidos e consecuencias colaterais que van máis aló, como dixen, da intención inicial. Eu asumín que debía desculparme diante daqueles que se sentiron atacados, e así o fixen hai un mes, señoría, reunínome con todos eles. (*Aplausos.*) Explicitamente lamentei que o debate sobre o Corpri acabara molestando a determinados profesionais por motivos distintos.



E o terceiro punto —e xa para rematar— son as solucións. ¿Existen maneiras de mellorar o Corpri? Si, e seguiremos falando co servizo para melloralo. ¿Estas propostas implican marcha atrás na transformación dixital? Non. ¿Son ideas que van provir do servizo e da Consellería? Si, en común. Daquela, non hai dúbida, este exemplo é parte da solución.

No camiño da transformación dixital, señorías —non só no Corpri senón no conxunto das actuacións públicas—, haberá moitas discusións, diferentes puntos de vista e incluso saídas de ton. Pero, se estamos do lado das solucións, estaremos do mesmo lado. Eu estou no mesmo lugar no que están os profesionais do servizo, (*Aplausos.*) que non é un ente abstracto, é un equipo formado por individuos con diferentes motivacións. (*Aplausos.*)

Máis nada. Moitas grazas.

E felices festas a todos vostedes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.


Ben, pois nada, rematan aquí tres días de pleno bastante intensos. Descansen un pouco agora. Se descansan, tamén podemos descansar os membros da Mesa —se é que nos deixan descansar un pouco—.

E, nada, feliz Nadal a todos e a todas, que pasen unhas boas festas; e tamén a todos os traballadores do Parlamento e a todos os que fan posible que poidamos ter esta tribuna sempre operativa para que o Parlamento siga funcionando. Que teñan todos boas festas.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás cinco e corenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

